

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. .11.

SESION ORDINARIA DO 27 DE XULLO DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día vinte e sete de xullo do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina

D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

PRESIDENCIA: Bos días, resolto o problema técnico de megafonía iniciamos o Pleno, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, en orde do día de 23 xullo que obra en poder das señoras/es concelleiros, constatamos quórum, ábrese sesión pública, iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(107).-ACTAS ANTERIORES: (ACTA CONSTITUTIVA 13.06 E ACTA PLENO EXTRAORDINARIO 29.06.2015).

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión constitutiva do 13.06 e extraordinaria do 29 de xullo de 2015.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(108).-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, CORRESPONDENTE AO ANO 2014. EXPTE. 102517/140 (1117/1101)

ANTECEDENTES.-

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2014,

rendida polo Sr. Alcalde-Presidente e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 22 de maio de 2015, foi exposta ao público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial de Provincia de 5 de xuño; rematado o prazo para presentar reclamacións e alegacións e segundo consta na certificación que figura no expediente, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo ningunha reclamación. Ó obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 20 de xullo de 2015, eleva ao Pleno da Corporación a adopción do acordo que figura na parte dispositiva.

DEBATE.-

SR. ANEIROS PEREIRA: A Conta Xeral que hoxe tráese á aprobación deste Pleno é a plasmación das principais liñas políticas deste goberno socialista que preside o Alcalde, o Sr. Abel Caballero, isto é a mellora constante do nivel de benestar das persoas que residen en Vigo, e a transformación mellora constante da cidade, a política social acorde ás necesidades dos cidadáns e por suposto o cumprimento dos parámetros de bo goberno, levando unha execución orzamentaria axeitada e unha correcta planificación, mérito que é do Alcalde e de quen me precederon no cargo de concelleiro.

Durante o ano 2014 dedicamos boa parte dos recursos á política social, a suplir o que outras administracións non quixeron ou non puideron facer, e sobre todo, atender ás necesidades de quen máis o necesita, dedicamos unha importante cantidade de cartos a bolsas de comedor, libros de textos, axudas ás persoas en situación de emerxencia social, evitando sobre todo, tódolos desafiuzamentos que se fixeron, que se intentaron facer nesta cidade, dedicamos tamén un importante volume de recursos aos máis necesitados, ao cheque social, a pagar a factura enerxética e a comida daqueles que o necesitaban e solucionamos tamén o problema do funcionamento do centro de Servizos Sociais, todo iso tamén tendo en conta o importante apoio que con cargo aos orzamentos desta entidade adicamos aos plans de emprego achegando unha gran cantidade de cartos para incentivar a

inmersión laboral dos mozos e dos maiores de 45 anos.

Ademais este esforzo orzamentario, esta boa xestión orzamentaria permitiunos mellorar o benestar dos cidadáns desta cidade, onde adicamos boa parte dos recursos á política educativa a través das escolas infantís en Navia e en Mestres Goldar, permitindo así a mellora da formación dos mozos e ademais da conciliación da vida persoal e laboral dos seus proxenitores. A mellora no benestar dos cidadáns de Vigo tamén se plasma no continuo investimento en parques públicos, infantís e biosaudables que fan cidade, un sentimento de cidade e un punto de conexión para tódolos cidadáns que viven nesta cidade.

A transformación da cidade non só se plasma nestes aspectos senón na constante política de humanizacións que estamos realizando e na protección do Patrimonio cultural con actuacións en distintos ámbitos, como pode ser a muralla do Castro, como pode ser as dunas de Samil, o chale de Mirambell, ou actuacións no Casco Vello e na Vila de Bouzas. Ademais tivemos que facer fronte a unha competencia que non é propia e que derivou o destino dunha boa parte dos recursos á expropiación dos terreos para a cidade da xustiza, competencia que é da Xunta de Galicia pero que o Concello tivo que facer fronte como digo, mediante a expropiación dos terreos.

Como fixemos todas estas actuacións? Pois, xestionando eficazmente os ingresos e xestionámolo eficientemente o Orzamento. Do lado dos ingresos debemos ter en conta que estamos nun ámbito de conxelación dos impostos no período do 2013, 2014 e 2015, pese a iso, destinamos unha boa parte do Orzamento de gastos fiscais, é dicir, das bonificacións, a favorecer ás persoas con menores recursos e con maiores necesidades económicas, iso encaixando ese descenso na recadación tamén no Orzamento do ano 2015. No ámbito dos ingresos, a principal fonte de financiamento seguen sendo os impostos que pagan os vigueses/as, representan o 62% do Orzamento, a participación nos ingresos do Estado están no 32% dos ingresos, e participación nos ingresos da comunidade autónoma no 3,75%, destaca da execución do ano 2014 a simbólica achega da Deputación Provincial de Pontevedra no ano 2014 por un importe, naquel entón, de 9.747 euros, representando o 0,004% dos ingresos.

No lado da execución orzamentaria, é relevante ter en conta que non hai ningún reparo do órgano fiscalizador, polo tanto contas en orde, e en canto ao que se refire

a eficiencia hai que ter en conta que se liquidaron o 103% dos dereitos liquidados e fíxose fronte aos compromisos por parte do 90% das obrigas recoñecidas.

Ademais non ano 2015 baixaremos os impostos e polo tanto estamos ante un ámbito onde con menos presión fiscal, coa cidade con menor presión fiscal de Galicia estamos atendendo a tódalas necesidades, insisto tódolos indicadores son correctos, revelan que se fixo unha boa xestión orzamentaria.

SR. PÉREZ CORREA: Primeiro, dicimos nós que a Marea é un grupo municipal que acaba de chegar, nós non estivemos na anterior lexislatura, polo tanto, gran parte do que contén esa Conta Xeral precisamente foi algo no que a Marea estivemos ausentes, non entendemos por esa parte que a Comisión Informativa, onde se entrega esa documentación que acompaña a esa Conta Xeral, pois se realizara dous días antes do proceso electoral.

Polo tanto a nosa posición vai ser unha extensión a esta Conta Xeral, primeiro porque entendemos que non é unha cuestión simplemente de fiscalizar o resultado dun orzamento, senón que tamén de tras dun Orzamento hai unha posicionamento político, nós non esquecemos que este Orzamento forma parte dun acordo político entre o Partido Popular e o Partido Socialista que se concretou aparte nunha serie de compromisos adquiridos coa cidade. Non imos entrar no que é a situación orzamentaria porque precisamente nós temos unha idea diferente do que ten que ser un Orzamento para esta situación económica que vive a cidade, nós non vemos ese gasto social, e por suposto que non vemos unha cidade onde están parándose os desafiuzamentos como dicía o señor concelleiro, porque de feito está a haber concentracións esta semana precisamente por algún deles que están a suceder no noso termo municipal, poñemos en dúbida unha emenda á totalidade a esa maneira de entender o Orzamento que se ten feito nos últimos anos nesta cidade e independentemente que si que recoñecemos que o Estado das Contas non é malo, e unha situación boa con respecto as outras cidades. Si que vemos que as prioridades políticas que se dan neste orzamento non son para nada as que ten que facer unha forza progresista, en primeiro lugar porque nós discrepamos da suposta conxelación impositiva porque si é certo que se mantiveron algunhas taxas e prezos públicos pero pola contra se incrementan as achegas económicas que se fan ás concesionarias, a min como cidadá non me vale manter o prezo do billete de

VITRASA se ao final VITRASA está a recibir pola vía dos acordos políticos económicos, o que ten que ver co bono-bus e as lanzadeiras, está a recibir un incremento substancial das retribucións. Polo tanto, nós pensamos que cando se fala dunha conxelación hai unha cousa que son os impostos en diferido que moitas veces as administracións públicas están a facer. Discrepamos absolutamente do resultado económico das humanizacións e non só nós senón que o Tribunal de Contas tamén di que non xeraron emprego e foi en todo caso estacional e precarizado, como denunciaron no seu día as organizacións sindicais e queremos saber onde están eses informes e dende logo que temos unha seria dúbida de que eses compromisos que o Partido Popular e o Partido Socialista fiscalizaron a través dun acordo escrito, se tiveran levado a cabo, sobre todo e rematamos con isto, nunha situación que para nós é absolutamente insostible como é o canón e o prezo actual da auga nesta cidade, nós somos conscientes de que ese prezo, ese consumo mínimo absolutamente intolerable de auga que se da, non se vai modificar se a única acción proactiva deste goberno é ampliar 5 anos máis a concesión, que obviamente, precisamente este 2015 era unha boa oportunidade para repropoñer ese criterio, que hoxe en día os vigueses/as puideramos ter ou ben outra concesión, nos defendemos a remunicipalización do servizo, ou ben unha reformulación obviamente de como se aplica ese canon e esa tarifa, esa taxa está absolutamente ultrapasado pola realidade, por exemplo de que hoxe en día unha concesionaria non adquire vehículos senón que o fai a través do sistema de renting.

Polo tanto, nos imos a poñer en solfa esta conta, sobre todo porque entendemos que é o proceso que ten que facer a Marea, o que temos que facer as forzas políticas que nos incorporamos nesta lexislatura e traballar xa no Orzamento do 2015 que esperemos que se produza, esperemos sobre todo que non produza unha prorroga do 2014, que sería de fato xustificar a reforma local do Partido Popular.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu dende o noso grupo municipal entendemos e como xa dixo o concelleiro de Facenda que a Conta Xeral é un documento fundamental para analizar que é o que fixo realmente unha administración, e que mostra sen dúbida cales son os principios políticos, fines e liñas políticas dun goberno. Ademais tamén amosa cal é a verdadeira mostra, a concepción do goberno que o executa, porque

moitas veces o que ocorre é que unha cousa é o que se di e outra o que se reflicte nas partidas orzamentarias, non vou determe na análise de partidas concretas que aparece nese informe da Conta Xeral, nesa memoria, aínda que creo que son suficientemente representativas na forma de xestión que ten este concello, gastando 120 millóns de euros na xestión indirecta de servizos públicos ao que xa me referirei nunha das mocións que presentou este grupo, senón o que vou facer é unha avaliación global, unha fotografía o que amosa esa execución do orzamento do ano 2014. No ano 2014 o Concello de Vigo gastou, estou falando do gasto non financeiro porque creo que é o que aos vigueses realmente lles importa, o que o Concello inviste na cidade, gasta na cidade 211 millóns de euros, sorprendente é o reparto dos 211 millóns de euros, posto que os 96% destinouse a gasto corrente, e só un 4% destinouse a gasto de capital, é dicir a investimentos. Por si o que argumentan é que hai axudas sociais como dixo o concelleiro de Facenda nas que se adican parte dese gasto corrente, efectivamente así é pero se temos en conta unicamente os capítulos I e II, que son os gastos fundamentais de funcionamento do Concello, abrangue no 84% do gasto total que fixo o Concello no ano 2014, é dicir, cada 100 euros, 84 euros, o Concello de Vigo fundamentalmente utilízao para gastos de funcionamento. Ademais non só é que a parte de investimentos represente un 4% do total, senón que ademais prodúcese un feito insólito xa na execución do Orzamento de investimentos neste Concello que é que se executa só nun 35%, esta é a porcentaxe de execución do capítulo VI de investimentos reais deste Concello. Vostedes marcaron un record na execución dos investimentos, segundo a evolución histórica dos últimos anos que aparece na propia memoria da Conta Xeral.

Pero é que ademais o esforzo de investimento por habitante caeu de xeito escandaloso diría eu dende o ano 2009, pasando de 260 euros por habitantes a tan só 28 euros por habitante no ano 2014, é dicir, en pleno período de crise económica derrubouse o gasto inversor por habitante deste Concello.

No é este grupo o que presume de seguir os principios “keynesianos”, pero non sei que pensaría Keynes destes datos de execución precisamente das partidas adicadas a investimentos da cidade. Estes datos son especialmente graves cando vemos nos propios datos que se reflicten no Informe Ardán, que veñen tamén por certo esbozados na memoria, no que se ve como esta cidade está perdendo a

pasos axigantados peso, volve a perder valor engadido bruto, 2.283 millóns de euros en 2014, fronte a 2.726 millóns de euros no ano 2013, non son datos meus, son datos do Informe Ardán que se reflicten na propia memoria da Conta Xeral.

Polo tanto, a cidade perde peso, mentres o seu goberno municipal se adica a gastar os cartos e non a investilo, a investir en empresas, a apoiar aos sectores productivos, ao emprego e tamén apoiar ás partidas que máis o necesitan. Polo tanto, nós cremos e imos defender que é necesario reformular este modelo, unha construción de gastos e un modelo de gastos antigo, que da ás costas ás verdadeiras necesidades desta cidade e que hai que apoiar os gastos produtivos.

Valorar tamén no tempo que queda a liquidación do Orzamento, a redución da débeda como este grupo municipal o ben pedindo nos últimos anos, iso valorámolo e a liquidación positiva, ese superávit orzamentario en termos de contabilidade nacional que ten o Concello que é unha boa nova e o que pedimos xa que hai este superávit é que desta situación financeira do Concello de Vigo se beneficien tódolos vigueses/as. Soportan unha presión fiscal que está por enriba da media de Galicia e o que pedimos e pediremos deste grupo municipal é que esa situación financeira se trasladade aos vigueses e que se baixen os impostos.

SR. ANEIROS PEREIRA: Contestando por orde de intervencións, pero case de xeito conxunto, unha reflexión, vivimos en Vigo, non en Marte, como parece que viven algúns, somos o concello de toda España referente en política social, o número un en política social, con medidas que están sendo copiadas noutras partes do territorio español, polo tanto, iso de que non se ven medidas sociais neste ámbito do Concello, só hai que saír á rúa para ver onde se está investindo os cartos dos vigueses, en atender aos máis necesitados e tamén en suplir a outras administracións que non fan o que é da súa competencia, porque competencia en política social por certo tena Xunta de Galicia, e é o Concello de Vigo o que está facendo fronte e estas necesidades que teñen os cidadáns/ás que viven en Vigo.

Non se ven medidas en desafiuzamentos di o Sr. Pérez Correa, este Concello freou tódolos desafiuzamentos que se produciron nesta cidade, non temos coñecemento a este momento de ningún desafiuzamento que se estea a producir que non se parara dende este Concello, polo tanto, unha parte moi importante dos recursos foron para frear precisamente os desafiuzamentos. Di o Sr. Pérez Correa tamén que

non ve a conxelación, parece que non paga os recibos dos impostos, os impostos están conxelados no ano 2013, 2014 e 2015, é máis, baixáronse os impostos para este ano, polo tanto, estanse atendendo esas necesidades, non hai máis que ver o importe dos recibos. O mesmo sucede co recibo do bus, do VITRASA, leva conxelado tres anos, parece que é sinxelo, non hai máis que facer un exercicio de cidadanía coller o bus para moverse pola cidade e ver que así é, polo tanto, neste caso falan os datos e non cabe interpretación posible, somos o concello referente en política social e non propón ningunha dúbida esta cuestión.

Sra. Muñoz, este Goberno municipal ten unha prioridade que é atender ás necesidades dos vigueses, esas necesidades dos vigueses se plasman no benestar da cidadanía e os investimentos están á vista, quizais tamén hai que saír un pouco máis á rúa e estar menos nos despachos ou noutros sitios, na rúa vense onde están os investimentos, estamos facendo un inminente e un inxente esforzo en reducir a débeda pública que tiña este Concello no ano 2006, ano no que gobernaba o partido ao que vostede pertence. Polo tanto, os recursos destínanse a mellorar as necesidades dos vigueses e a pagar tamén as débedas.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e dez abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ao ano 2014, integrada por:

A da propia Entidade.

- O. A. Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- O. A. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- O. A. Instituto Municipal dos Deportes.
- O. A. Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniales.
- Liquidacións dos orzamentos
- Memoria, co desglose que establece a Instrucción de Contabilidad modelo normal.

SEGUNDO.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación da conta 129 (Resultados do exercicio 2013), correspondente ao Concello, ao Instituto Municipal dos Deportes; Parque das Ciencias Vigo Zoo; Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).

TERCEIRO.- Remitir a Conta Xeral aprobada ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia tendo en consideración a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrucción que regula o formato de remisión telemática de remisión telemática da Conta Xeral das Entidades Locais.

3.2(109).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓN PREVISTAS NA LEI DE CONTRATOS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 15289/541 (1089/1101)

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal por escrito de data 5 de maio de 2015,

informa do que segue:

(elaborado conforme a nova Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- ✓ Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- ✓ Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.
- ✓ Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- ✓ Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2080/2014.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de personal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación"

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte literal:

"Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días."

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, con carácter xeral, dende a recepción da factura.

Por este motivo os datos correspondentes aos períodos medios de pagamento non resultan comparables cos datos contidos nos informes correspondentes aos trimestres anteriores, xa que ata o de agora o inicio do período medio de pagamento computábase dende a data do recoñecemento da obriga correspondente e o prazo de pago era de 30 días, e conforme á nova Guía do ano 2015 o inicio do período medio de pagamento compútase dende a recepción da factura e o prazo de pago é de 60 días, 30 para verificar a conformidade co disposto no contrato e 30 para realizar o pagamento.

III.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio (<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/Manual UsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2015.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2015 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de

contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de pagos: 2.155
-Importe total: 32.137.587,88 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de pagos: 22
-Importe total: 64.644,36 euros

Período medio de pago (PMP): 27,93 días

O "*Periodo medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción da factura.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

-Número de pagos: 0
-Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

-Número de operaciones: 372
-Importe total: 2.422.216,98 euros

Fora do período legal de pago:

-Número de operaciones: 31
-Importe total: 103.335,99 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 29,58 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión do 20 de xullo, tomou

coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.-

SR. ANEIROS PEREIRA: Como é sabido a Lei de contratos establece que a administración, neste caso o Concello, debe proceder ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á expedición das certificacións de obras ou dos documentos que acrediten as prestacións de servizos. Este goberno local está realizando un notable esforzo por facer fronte aos pagos dos seus provedores evitando que teñan tensións de Tesourería e facilitando a liquidez para as empresas, este esforzo é recoñecido polo propio Ministerio de Facenda que na súa páxina web recoñece que o Concello de Vigo é o segundo mellor pagador de tódolos concellos de toda España, polo tanto, esforzo que é recoñecido non só pola cidadanía senón polo propio Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os datos son relevantes, no ano 2006 o prazo medio de pago era de 50 días, unha factura tardaba en pagarse 50 días, no ano 2014 o prazo é de pago de 14 días, é máis, incluso no último trimestre do ano o prazo de pago é de dez días, polo tanto estamos reducindo notablemente, de xeito sobresaínte incluso, os prazos de pagos a provedores, incluso máis, os prazos de tramitación da recepción de facturas estanse reducindo, no último trimestre do ano o prazo de tramitación foi de pouco máis dun día, e no ano 2015 séguense incumprindo co período de pago previsto pola lei e tamén hai que dicilo, pese a deficiente implantación do sistema de facturación electrónica que fixo o Ministerio de Facenda, sistema de facturación electrónica que dificulta enormemente tal e como se fixo a súa implantación, a xestión económica polos servizos deste concello, pese a esta cuestión estase cumprindo co prazo de pago e no primeiro trimestre deste ano, 2015, xa se realizaron un total de 2050 pagos por importe de 29 millóns de euros. De xeito similar no segundo trimestre deste ano 2015, fixéronse en torno a 2.000 pagamentos por un importe similar.

Os datos son significativos, cumprimos cos prazos de pago que contempla a normativa vixente e o feito máis evidente que o demostra é que non pagamos intereses polos atrasos, é dicir, se nos houbésemos atrasado máis de 30 días

deberíamos estar pagando xuros de demora por ese atraso e a cantidade asignada a esta materia é de cero euros. Polo tanto, neste sentido cumprimento absoluto da legalidade, redución dos prazos de pago que beneficia a empresas que beneficia a provedores.

SR. PÉREZ CORREA: Nós precisamente con ter aterrado agora recentemente si que quixeramos unha análise máis detallada do número de facturas, e sobre todo preocúpanos porque dende a rúa si que chega ese ruído de como se visibilizan esas facturas, como se recoñecen esas facturas e dende logo acorde coa situación da Tesourería nós pensamos que tería que ser a administración local a que fixera unha mellora case continua porque para moitos provedores se que é unha garantía poder ter, cos niveles de morosidade que se están dando na empresa privada nesta cidade, cada vez máis altos, con períodos de pago cada vez máis altos, pois que fóramos mellorando na capacidade de poder incluso reducir ese tempo. Nós imos esperar para facer unha valoración, si que temos o informe do Ministerio, pero queremos saber tamén como é o funcionamento como se recoñecen esas obrigas, como é tamén o período de recoñecemento dos pagamentos e faremos unha valoración ao longo deste trimestre. En todo caso, se se pode ir reducindo ese prazo, a administración durante moitos anos era todo o contrario, era o pagador máis tardío xunto coa banca, creo que é o momento de que sexamos un aporte importante da solvencia de Tesourería de moitas empresas e axudarlle de maneira proactiva, lembro que o obxectivo debería ser reducir todo o tempo que fora necesario para, precisamente, votar unha man ao sectores produtivos desta cidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: O primeiro quería matizar o que acaba de dicir o concelleiro da Facenda de que a normativa está dificultando o computo do prazo ou os pagos, eu creo que de algo que pode presumir este país é de que ten unha extensa, nos últimos anos e o Partido Popular puxo enriba da mesa, unha extensa regulación para garantir os pagos por parte das administracións públicas e a axilidade por parte das administracións públicas neses pagos, para conseguir unha maior axilidade nos pagos aos provedores e para tamén conseguir unha maior transparencia no funcionamento da administración, non vou facer referencia ao

que está facendo o Sr. López Font, pero a Comunidade Autónoma de Galicia é un exemplo dos prazos de pagos, pero se quere falamos da Comunidade Autónoma Galicia cando queira, agora estamos a falar do Concello de Vigo. O Concello de Vigo o que se ve neste informe que se presenta primeiro, que non lle escoitei na súa intervención, non sei se é que perdinmo ou non o dixo expresamente, pero si que fixo referencia ao último informe trimestral que se presentou no ano 2014 con 10,4 días de prazo de pago, pero o que estamos a presentar agora ten 27,9 días de prazo de pago, triplícase o prazo de pago do anterior informe trimestral, din vostedes, é que o adaptan a unha nova guía do ano 2015, eu creo que a normativa que obriga a que se empeza a contar o prazo dende que se recibe a factura e non dende que se recoñece a obriga, que iso é moi fácil porque gáñanse moitos días, é o que esixía xa, e o que estamos a ver é que ese prazo de pago de 10 días era irreal e ademais nin mostraba transparencia nin dende logo era comparable con outras administracións que probablemente que si estaban dando ese dato correcto. Celebro que agora teñamos ese dato dende a data de recepción da factura, 27,9 días, tres veces máis do que anteriormente se dicía, e eu creo que se recolocará Vigo nese ranquin, pero en calquera caso a nós o que nos preocupa e que dentro deste informe, e solicitouse por esta voceira tanto na Comisión Informativa como na Xunta de Voceiros, non se fai referencia aos tempos de pago dos organismos autónomos, a Lei obriga a que dentro do informe se dea conta non só do pago da administración xeral senón dos organismos autónomos porque o que se pide é transparencia, e parece ser que non constan de forma individualizada porque non se dispón dese dato. Pídolle ao goberno municipal, ao concelleiro de Facenda, que se solucione ese tema o antes posible, eu creo que ten que haber a máxima transparencia, este é un exemplo máis de oscurantismo no funcionamento dos organismos autónomos, espero que iso se dea, e esta voceira pediu que polo menos no informe constara, que non se inclúe, este tempo de pago dos organismos autónomos que son máis de 20 millóns do orzamento do Concello, e polo tanto se inclúa esta referencia e o dato de tempo de pago.

Nós sempre imos estar a favor de que se axilicen os pagos ao máximo, de que as administracións paguen canto antes, porque efectivamente os provedores necesitan esa axilidade no funcionamento da administración e esa axilidade no pago das facturas, seguiremos pedindo iso e transparencia.

SR. ANEIROS PEREIRA: Volvendo a Vigo e non a outras partes, como dicía na miña intervención no último trimestre do ano pasado pagamos en 10 días, prazo de tramitación da factura un día, repítoo outra vez, 10 días para o pago da factura, prazo de tramitación da factura un día. Unha das primeiras cuestións que fai este concelleiro ao chegar a este edificio é verificar as facturas pendentes, os prazos pendentes, polo tanto, ninguén máis interesado en cumprir escrupulosamente coa normativa e en xerar o menor problema de tesourería para as empresas. Estamos traballando tamén na mellora do sistema, é un requisito e é un rasgo esencial deste goberno, rasgo característico, a mellora continúa da xestión municipal, estamos niso, un día para tramitar unha factura, Sr. Correa, polo tanto non estamos demorándonos máis, o clamor social non o entendemos.

Sra. Muñoz, somos o Concello máis transparente, os datos aos que fai vostede referencia están publicados na páxina web, datos de pago da entidade local e dos organismos que forman parte do perímetro de consolidación do Orzamento, polo tanto, aquí están a Escola de Artes e Oficios, a Xerencia de Urbanismo, o Instituto Municipal de Deportes, o organismo Parque das Ciencias de Vigo, Vigo-Zoo e os datos de consolidación global. A información é pública, transparente e está ao acceso de tódolos cidadáns non só dos grupos municipais senón de tódolos cidadáns. Insisto, cumprimos co prazo de pago que establece a lei de pago a provedores, cumprimos escrupulosamente con ese prazo de pago. Como dixen na miña intervención inicial un dos problemas cos que non enfrontamos no primeiro trimestre foi coa deficiente, e volvo dicilo de novo, deficiente implantación do sistema de facturación electrónica que fixo o Ministerio de Facenda e pese a iso, a esa deficiente implantación, se queremos dicilo doutra maneira, cando se empeza cun novo sistema que é o de facturación electrónica, o que só vale unha factura electrónica, pode haber algunha dificultade, pese a esas dificultades cumprimos en prazo co pago a provedores, polo tanto, non hai ningún reproche que facer neste sentido, cumprimos escrupulosamente coa lei, non lle debemos nada a ninguén.

PRESIDENCIA: Hai algo adicional a este respecto, hai aproximadamente unhas 10.000 institucións e organismos públicos que están sendo controlados con respecto a prazo de pago a provedores, aproximadamente 10.000; 8.120 concellos,

as comunidades autónomas e tódolos organismos das comunidades autónomas, o Goberno de España e tódolos organismos do goberno de España, aproximadamente 10.000, deses 10.000 Vigo ocupa o número dous en prontitude de pago, de 10.000, dous e o no obxectivo é ser o primeiro, superar a Alicante ao que estamos practicamente xa igualando. De 10.000 institucións e organismos públicos en prontitude de pago, Vigo en España ocupa o número dous, razón pola cal o Alcalde de Vigo acostuma a ser felicitado polo Ministro de Facenda nas reunións da Comisión Nacional de Administración Local e figura nas actas, o Ministro de Facenda que probablemente ten pouca simpatía por este cor político da esquerda, pero de 10.000, Vigo é o segundo, e isto é algo que eu quero que a cidade coñeza, porque é un orgullo ter esta facilidade de pago e unha cidade que ademais respecta de forma importante a economía, as institucións e en consecuencia neste Concello de 10.000 os segundos. Queda dada a conta do informe trimestral de Tesourería.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3(110).-DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2015, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 102532/140. (REXISTRO PLENO 1148/1101).

ANTECEDENTES.- O Viceinterventor xeral municipal por escrito de data 8 de xullo de 2015, informa do que segue:

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de

Execución Orzamentaria para o ano 2015, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao segundo trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de xuño de 2015.

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

A información referenciada tamén se incorpora para todo o perímetro de consolidación que se define no parágrafo seguinte.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos que se deducen dos estados consolidados, recollendo estes a información da Entidade e dos seus organismos autónomos, Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/06/2015, a recadación e pagamentos de pechados dos estados consolidados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Axúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagamentos tanto de orzamento corrente como de pechados.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local a 30/06/2015.

Estado de situación da débeda financeira bancaria a mesma data.

Estado dos períodos de pago do primerio semestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014.

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión do 20 de xullo, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.-

SR. ANEIROS PEREIRA: Para intervir neste ámbito dando conta da execución trimestral neste caso do segundo trimestre do ano 2015, en cumprimento da base terceira dos orzamentos desta Corporación e tamén do artigo 207 do Texto Refundido da Lei de facendas locais.

A información que se somete a deste Pleno, abrangue o período dende o 1 de xaneiro ao 30 de xuño do ano 2015, e ben é certo que no informe está reflectido tanto os datos da entidade local como dos organismos autónomos aínda que os datos dos organismos autónomos teñen un carácter necesario porque fan fronte a contratos e voume referir nesta exposición fundamentalmente a gastos que se refiren á entidade local.

Polo que se refire aos gastos neste período de execución do ano 2015, os índices de execución están sendo similares aos de anos anteriores, isto significa que deixamos fora calquera conxuntura como poden ser as eleccións para seguir gobernando, seguir facendo unha xestión eficiente e prudente dos orzamentos municipais.

Polo que se refire ao capítulo VI a previsión de execución deste capítulo VI, está no 77%, neste momento tódolos procedementos administrativos de licitación están en marcha, están en fase de compromiso máis alá de 9 millóns de euros.

Polo que se refire ao capítulo II que é o que cobre os gastos correntes, o grado de execución sitúase no 40,72%, con datos que finalizan en maio, se temos en conta os datos de xuño que é cando hai que pagar algúns contratos, os datos de execución deste capítulo II son do 50%, polo tanto, a metade de ano estamos nunha execución dun 50% neste capítulo.

O mesmo sucede no capítulo IV de transferencias correntes que leva unha execución do 41%, cumprindo tamén cos prazos.

O resto de capítulos de gasto teñen unha execución normal, seguindo os parámetros de anos anteriores, e compre destacar o que se sucede co capítulo IX que é o de amortización de débeda, no que a información será feita efectiva en decembro deste ano, pero hai que destacar unha amortización anticipada de débeda por importe de máis de 11 millóns de euros, unha amortización

extraordinaria de débeda por importe de máis de 11 millóns de euros que permite aforrar en xuros, en intereses, e adicar eses cartos a outras necesidades.

Polo que se refire aos ingresos aquí o estado de execución depende do calendario fiscal que fixa a ordenanza fiscal, o único imposto que ten un prazo xa rematado de xestión é o imposto de vehículos, rematou o pasado 5 de xuño e estamos á espera de que as entidades financeiras que fan fronte ao pagamento por parte dos cidadáns, remitan os datos a esta Corporación. O resto dos impostos e taxas municipais teñen un período aberto polo que non hai datos fidedignos pero non hai ningún indicador que permita facer unha conclusión que sexa distinta de que os ingresos se están cumprindo.

No resto dos ingresos do capítulo de ingresos, estamos en porcentaxes de execución alta, o capítulo II que son os impostos indirectos nun 63%, nas taxas estamos un pouco máis alto, preto do 80% e no capítulo de transferencias correntes no 52%.

Polo que se refire á Tesourería, temos unhas cantidades recadadas de máis de 63 millóns de euros, que no orzamento consolidado sobe un millón máis, están en algo máis do 64 millóns de euros, tódolos meses se realiza o correspondente pago de seguridade social e de IRPF dos traballadores do Concello o que supón unha importante saída de caixa e o saldo de Tesourería a 30 de xuño de 2015 é no Orzamento da entidade, de 48 millóns de euros e no Orzamento consolidado de 58 millóns de euros, tendo en conta iso si que se fixo esa amortización anticipada de débeda de máis de once millóns de euros.

A situación é polo tanto de normalidade, dunha execución correcta, ordenada do Orzamento municipal e polo que se refire a Tesourería prevese que a situación de Tesourería, o saldo ao final de ano se atope entre 73 e 76 millóns de euros, polo tanto, cun ratio de solvencia moi por enriba dos demais concellos incluso de España, somos tamén neste ámbito referente no ámbito do municipalismo español en ratio de solvencia por saldo de Tesourería, polo tanto normalidade na execución do Orzamento e tamén no ámbito da Tesourería.

SR. PÉREZ CORREA: Nós precisamente coa lóxica anterior, simplemente facer un matiz, nós queremos saber desa amortización rápida e urxente de crédito, queremos saber de onde se consignan as partidas, de onde se quitan os cartos

para facer esa amortización, nós non somos defensores da débeda cero, pensamos que un mantra neoliberal que cando se incorpora dunha maneira normal ao funcionamento das administracións públicas, pois moitas veces pasa o que pasa, que os investimentos se resenten e ao final estamos pouco menos que conxelando o funcionamento normal dun Concello. Se que estamos de acordo que hai que buscar algún xeito de baixalo, non é preocupante no caso do Concello de Vigo e polo tanto tamén nos gustaría saber de onde sae, de que partidas se detrae moitas veces recursos para adiantar precisamente esas amortizacións e outra función, nos pensamos que habendo unha Tesourería con eses índices por enriba dos 48 millóns de euros que tamén algúns investimentos en políticas sociais que nos vemos que están absolutamente conxeladas nesta cidade, se podería facer un esforzo para dotar aos Servizos Sociais de máis recursos e incluso para poder ir habilitando liñas de axuda ás familias, maiores que as que están hoxe en día consignadas porque tampouco cremos que a función dun Concello sexa exclusivamente facer caixa e ter eses cartos gardados en contas bancarias. Polo tanto esas dúas cuestións que queremos que se é posible que se maticen.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Analizando o estado de execución orzamentaria que se presenta hoxe no Pleno do segundo trimestre e digo e clarexo que analizo a documentación que se puxo a disposición deste grupo municipal, e que é a que legalmente se debe de presentar, claréxoo para que non vaia ser que pase igual que no punto anterior que hai un informe legal que se ten que presentar, que carece dunha información que ao parecer aparece nunha páxina web, eu creo que a información ten que aparecer nos informes que legalmente se teñen que emitir, pois ben, desta execución orzamentaria do Concello eu creo que o que fai unha vez máis e reitero o que demostra unha Conta Xeral que é a execución dun Orzamento, é realmente o grado de prioridade que o Goberno lle da ás políticas que fai. Dende logo de esa execución orzamentaria o que vemos é que este Concello nin é o máis social, e dende logo non é o que máis aposta polos verdadeiros problemas que teñen os vigueses/as.

Vou dar simplemente uns poucos exemplos, podería dar moitos máis sobre ese grado de prioridade, dicía o concelleiro de Facenda que a execución media do Orzamento é do 41,42%, que está en niveles similares a anos pasados pero a min

hai algunhas partidas que realmente e ao noso grupo parécennos sorprendentes nesa execución. Primeiro, as que se destinan a emprego, o primeiro problema que teñen os vigueses/as, e aí atopámonos con que a partida destinada ao Plan de Emprego municipal de 1,5 millón de euros simplemente se executou nun 23%, a partida destinada ao programa de axudas ao plan de emprego de case 1,5 millón de euros, executáronse 19.000, é dicir, 1,35% de execución, por non falar do plan de emprego xuvenil dotado con medio millón de euros dos que gastaron cero euros, ou as axudas á creación de empresas nas que tamén se gastaron cero euros. Este é realmente é o exemplo e a verdadeira concepción que ten este goberno do apoio ao emprego, este nivel de execución das partidas, unha das partidas do Orzamento que teñen que ser máis importantes que son as destinadas á promoción do emprego.

Pero tamén acontece noutras partidas que afectan a sectores estratéxicos da nosa cidade como é o Turismo e atopámonos con que o Plan de actividade turística e o Plan de promoción turística de Vigo, dúas partidas fundamentais para a cidade están executadas ao 0%, é dicir, destinouse cero euros na promoción do turismo na nosa cidade. En Deportes, as axudas para clubs e entidades deportivas non se gastou nin un euro, no Plan municipal de igualdade de oportunidades está executado simplemente 27.000 euros, un 15%, e vostedes presumen de que fomentan a igualdade de oportunidades, a prestación de servizos de Axuda no Fogar, da que tamén falaremos se se admite unha moción urxente presentada por este grupo municipal, unha execución do 35% co nivel de persoas que temos en lista de espera, é dicir, as partidas claves e as partidas que son máis importantes para tódolos vigueses/as nesta execución orzamentaria brillan pola súa ausencia. Nós dende este grupo queremos urxirle a acelerar a execución desas partidas, a poñer en marcha xa as medidas que os vigueses necesitan e a solucionar ese grave déficit de execución e de gasto por parte do Concello nesas partidas claves.

SR. ANEIROS PEREIRA: Por orde de intervención, Sr. Correa, non é intención deste Concello nin deste Goberno facer caixa. Este Goberno adica o que recada a facer fronte ás necesidades dos vigueses, polo tanto, as partidas das que saen os cartos para facer fronte á amortización anticipada de débeda é dos impostos que pagamos os vigueses/as e do saldo de Tesourería, precisamente dese saldo de

Tesourería, que por certo amortizando a débeda aforramos en pago de xuros, de intereses, se non hai que pagar intereses xeramos cartos para adicar a outras necesidades como son as políticas sociais, de aí saen tamén os cartos para facer fronte ás necesidades no ámbito das políticas sociais, polo tanto é unha ecuación sinxela, se non pagamos xuros aforramos cartos nese senso que podemos adicar a outras necesidades, de onde quitamos os cartos para anticipar as amortizacións de débeda, pois quitámoslos cartos deses saldos positivos de Tesourería, polo tanto ningunha dúbida a este respecto.

Sra. Muñoz os datos son tozudos, son os que son, a execución dos orzamentos é a que é, no capítulo I estamos onde estamos, a metade de ano, polo tanto a execución que se está a facer é entorno 50%, no capítulo II que é o capítulo de gastos correntes, os datos de execución orzamentaria están como dixeran no 40,72%, tendo en conta que os datos se pecharon en maio porque o mes de xuño a efectos de facelo informe se incorpora despois, polo tanto estamos en torno a un 50%, os datos da execución orzamentaria dos exercicios anteriores sitúan estas partidas en torno ao 99%, no capítulo I é no 97% no capítulo II, polo tanto estase executando o orzamento, estamos a metade de ano, como dixeran no capítulo seis que é o investimentos, tódolos procedementos administrativos de licitación están en marcha, polo tanto, hai xa partidas comprometidas, non quere dicir que estean as partidas esgotadas, que estean pagadas, senón que están partidas en marcha o mesmo que sucede cos plans de emprego que teñen unha duración deste exercicio económico e polo tanto será ao final do exercicio económico cando haxa que facer fronte ao pagamento desas axudas aos traballadores e as empresas e será nese momento cando esteamos en porcentaxes de execución próximos ao 100% senón son o 100%.

Polo tanto, estamos a metade de exercicio orzamentario, estamos realizando sen ningunha dúbida unha execución correcta do Orzamento dentro deste exercicio económico, tamén hai que dicilo, cun certo grao de prudencia.

PRESIDENCIA: Moitas gracias concelleiro. Por completar unha cuestión importante, hai unha cuestión que se chama Teito de Gasto, significa que o Goberno de España imponlle a tódolos concellos unha cantidade máxima que podemos gastar, este Teito de Gasto imposto, na miña opinión de forma inxustificada polo goberno de

España, está impedindo que o Concello de Vigo poida facer aínda moita máis política social da que está a facer. Na última Comisión Nacional de Administración Local que tivo lugar a semana pasada o que lles fala en nome dos 8.100 concellos de España, propúxolle, ao Ministro de Facenda, que os concellos que tivéramos unha boa situación financeira, non estiveramos suxeitos as mesmas normas de Teito de Gasto co resto dos concellos, significa que Vigo, o concello conxuntamente con Bilbao, mellor xestionado de España e con menos débeda, podería ter un Teito de Gasto superior e polo tanto permitirnos seguir acadando as máis importantes políticas sociais de España, porque coñecen vostedes un só concello en España que estea pagando 1.003 alugueres a familias que poderían ser desafuzadas? Ademais das que se están facendo a través das medidas urxentes de política social. Pero queremos ir aínda máis alá, e polo tanto queremos ter máis capacidade de gastar porque o estar aforrando millóns de euros en tipos de interese que outros lle pagan puntualmente aos bancos para os seus beneficios, nos coloca nunha vantaxosa situación, haber estado e estar neste momento tecnicamente en débeda cero, colócanos en situación de pagar cero intereses e polo tanto ter millóns de euros en términos comparativos con concellos similares ao noso, en tamaño, oito millóns de euros de aforro de tipos de interese que adicamos a políticas sociais e políticas de emprego. Por iso é tan importante que nos permitan relaxar o Teito de Gasto e por iso no Asemblea da FEMP do próximo mes de setembro, o Alcalde de Vigo pedirá formalmente o apoio dos 8.120 concellos de España para que se tomen medidas distintas de Teitos de Gasto que nos permitan en Vigo, aínda aplicar políticas máis importantes en termos sociais e de Emprego; porque somos o concello de España que máis as aplica en termos relativos pero queremos estar a máis distancia dos seguintes. Por iso é tan importante a cuestión do Teito de Gasto e tanto dano lle fai, imposta polo Ministro de Facenda, a tantas cidades de España incluído Vigo, que ten a política social máis importante de ningún concello de España.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.4(111).-APROBACIÓN DO TEXTO DEFINITIVO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR S-33-I DO PXOM. EXPTE. 5145/401 (REXISTRO PLENO 1111/1101).

ANTECEDENTES.- A Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 8.06.2015, co conforme da Vicepresidenta, informa do que segue:

"O día 27.02.2015, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo asinaron o texto inicial do Convenio Mixto de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Sector S-33-I do Plan Xeral de Vigo que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 27.02.2015 en cumprimento da LRXAP-PAC, TRLFL e base 40º das de Execución Orzamentaria.

Obra no expediente informe de 17.02.2015 da Directora de Ingresos e a Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos/Inspección de Tributos e da tax da Oficina de Planeamento e Xestión e informe favorable do 27.02.2015 do Interventor municipal.

O expediente sometéuse ao trámite de información pública mediante anuncio publicado o día 13.03.2015 en A Voz de Galicia e o día 07.04.2015 no DOG nº. 64. Durante o dito trámite D. José Ángel de Anta García, en representación da "ASOCIACIÓN DE AFECTADOS POR LA AMPLIACIÓN DE LA ZONA FRANCA Y LA RONDA DE VIGO", presentou no Rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 30.04.2015 o escrito de alegacións que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o día 06.04.2015 no Rexistro xeral da XMU (doc. 150053944).

Solicitado informe á tax da Oficina de Planeamento e Xestión, obra informe do seguinte tenor: "(...) O PXOM de Vigo, aprobado definitiva e parcialmente por Orde da Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 16.05.2008 (BOP nº. 151-suplemento- de 06.08.2008; DOG nº. 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13.07.2009 (BOP nº. 175, de 10.09.2009; DOG nº. 144, de 24.07.2009) de aprobación do documento de subsanación de deficiencias da Orde do 06.08.2008 (BOP nº. 175, de 10.09.2009; DOG nº. 144, de 24.07.2009), prevé un sector de solo urbanizable con clave «S-33-I A.P. BALAÍDOS» cunha superficie total bruta de 239.926 m2 de solo e un aproveitamento tipo de 1,023 m2c/m2s materializable en uso industrial (máximo 90%; mínimo 60%), terciario xeral (máximo 40%) e terciario hoteleiro (máximo 20%).

Segundo a ficha de características do sector contida no PXOM/08, o ámbito ten unhas reservas mínimas para zonas verdes de 23.993 m2 de solo, de 4.799 m2 para equipamento e 450 prazas de aparcamento públicas. A dita ficha expresa como obxectivos do planeamento e criterios de ordenación deste sector: a ampliación do polígono industrial existente para acoller industrias do sector de

interese estratéxico para Vigo, insistindo o planificador na consideración desta actuación como fundamental para a ordenación dun dos sectores estratéxicos da actividade económica viguesa.

Trátase, xa que logo, dun sector delimitado e previsto no PXOM/08 cuxa ordenación pomenorizada remite a un instrumento de planeamento secundario e nese contexto enmárcase o Convenio Urbanístico de referencia pois prevé a LOUGA a posibilidade de que as Administracións locais subscriban convenios de planeamento para definir de común acordo os criterios de ordenación a que deba axustarse o planeamento urbanístico e as súas modificacións ou revisións, e os termos nos que deba preverse no planeamento urbanístico a realización dos intereses públicos que xestionen os asinantes. Tamén o artigo 236.1 da LOUGA lexitima a celebración de convenios entre municipios e persoas públicas ou privadas para determinar as condicións e termos da xestión e execución do planeamento urbanístico en vigor no momento da celebración do convenio. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderán derivarse ou resultar modificacións, alteracións, excepcións ou dispensa do planeamento.

No referido Convenio as partes asinantes prevén que o futuro Plan Parcial que ordene detalladamente o sector e defina a súas condicións de execución, sexa delimitado en polígonos, aspirando a que se acolla a máxima edificabilidade posible en uso industrial (90% segundo a ficha contida no PXOM/08). Non obstante, cómpre sinalar que foi decisión do PXOM/08 o concreto emprazamento do sector «S-33-I A.P. BALAÍDOS» e a definición dos usos a que se destinará, correspondéndolle ao Plan Parcial que se elabore incluír un plan de etapas para o desenvolvemento desas determinacións (artigo 64 j) da LOUGA), que incluírá a fixación dos prazos para o cumprimento das obrigas urbanísticas, entre eles, as de urbanización e edificación.

Con todo, non pode obviarse o preceptuado no artigo 3 do TRLS/08, en atención ao que, a ordenación territorial e urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo consonte ao destino deste e que, as estipulacións dos convenios de planeamento só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento sobre a base do acordo respecto á oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación e en ningún caso vencellarán o exercicio da potestade de planeamento. O Plan Parcial que se elabore e aprobe deberá responder sempre ao interese xeral e o estricto cumprimento da legalidade.

Neste senso, os instrumentos de planeamento como os previstos para o desenvolvemento do sector «S-33-I A.P. BALAÍDOS», sométense ás previsións da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental, sendo así que, a súa tramitación requirirá a previa remisión ao órgano substantivo (e, de aí, ao ambiental) dun documento ambiental estratéxico e un borrador do plan (que se someterán a un trámite de consultas), xunto coa solicitude do inicio do procedemento ambiental estratéxico. Con elo trata o lexislador de facilitar a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da previa avaliación do planeamento, sentando as bases que deben rexer o

procedemento na procura dun elevado nivel de protección ambiental e co fin de promover un desenvolvemento sostible, mediante: a) a integración dos aspectos medioambientais na elaboración e na adopción do planeamento urbanístico; b) a análise e a selección das alternativas que resulten ambientalmente viables; c) o establecemento das medidas que permitan previr, corrixir e, de ser o caso, compensar os efectos adversos sobre o medio ambiente e; d) o establecemento das medidas de vixilancia, seguimento e sanción necesarias para cumprir coas finalidades da lei.

Na concreta localización das zonas verdes debера considerarse que como orientación ao planeamento de desenvolvemento, a ficha do sector contida no PXOM/08 recomenda o seu emprazamento á beira do vial da Ronda, con arborado que sexa quen de facer de barreira cara aos núcleos urbanos de Matamá. Ademais, tanto o procedemento de avaliación ambiental como o de aprobación do Plan Parcial (actualmente integrados), configúranse como procedementos necesariamente participativos nos que a cidadanía poderá aportar canto estime conveniente, debendo tamén recabarse os informes sectoriais legalmente establecidos.

Dada a condición de indispoñible da potestade de planeamento, a ordenación que se aprobe non só deberá respectar ás previsións e o procedemento establecido na Lei 21/2013, de 9 de decembro, senón que tamén deberá respectar o cumprimento dos estándares esixidos na LOUGA. Deberá, polo tanto, formar parte do contido mínimo do Plan Parcial o sinalamento das reservas de terreos para dotacións urbanísticas en proporción ás necesidades da poboación e de conformidade coas reservas mínimas establecidas no artigo 47 da LOUGA, de acordo co seu artigo 64 c) e ademais, segundo informárase en data 18.12.2014, por mandato do seu artigo 123, a delimitación de polígonos que contemple, de ser caso, o referido Plan Parcial, deberá de garantir o equilibrio entre os beneficios e cargas dentro da área de reparto, dispoñendo que non poderán delimitarse polígonos que teñan unha diferenza de aproveitamento superior ao 15% en relación co aproveitamento tipo da área de reparto correspondente nin que implique unha desproporcionada diferenza das cargas de urbanización ou de asignación de reservas para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública. O cumprimento das disposicións legais expostas (e, singularmente, a viabilidade da división poligonal plantexada) deberá ser analizado polo Plan Parcial a elaborar.

Tocante á condición de beneficiario do Consorcio da Zona Franca de Vigo debe lembrarse que a definición do concreto sistema de xestión que rexerá o desenvolvemento urbanístico do solo foi unha decisión do PXOM/08 e así se consigna na ficha do sector.

Pola súa banda, o artigo 108 da LOUGA establece que a execución dos plans polo sistema de expropiación poderá ser obxecto de concesión administrativa ou ser asumida polos órganos ou entidades da Administración autonómica ou do Estado e, en relación con elo, o TRLS/08 no seu artigo 29 recoñece que terán a condición de beneficiarios da expropiación ás persoas naturais ou xurídicas subrogadas nas facultades do Estado, das CCAA ou das EELL para a execución de plans ou de determinadas obras.

Tamén o apartado 4 do artigo 108 da LOUGA recoñece a posibilidade de que as actuacións urbanísticas se promovan por outras administracións públicas con destino, entre outros, á creación de solo para facilitar a implantación de industrias ou outras actividades económicas.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo é unha entidade pública que ten encomendada a xestión da Zona Franca e o desenvolvemento das actuacións de fomento propias das Administracións Públicas que a integran (Administración Central e Local). Consolidándose mediante a Orde Ministerial do Ministerio de Economía e Facenda de 11 de maio de 1998 pola que se modifica o Estatuto Fundacional no sentido de ampliar o obxecto do Consorcio da Zona Franca de Vigo (BOE de 12.05.1998) e o artigo 80 da Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social, a tendencia a ampliar as súas funcións, ao dispoñer este último, baixo a rúbrica de Medidas de modificación e adaptación do réxime xurídico dos Consorcios da Zona Franca constituídos con arreglo ao Real Decreto-lei de 11 de xuño de 1929, de Bases de Puertos, Zonas e Depósitos Francos: 1. Aos Consorcios da Zona Franca constituídos con arreglo ao Real Decreto-lei de 11 de xuño de 1929 lles será de aplicación a disposición adicional décima, apartados 1 e 3, da Lei 6/1997, de 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado. Estes Consorcios realizarán principalmente a xestión da Zona Franca así como actividades de fomento propias das Administracións territoriais que os integran. O réxime fiscal que corresponde a estes Consorcios é o das Administracións públicas territoriais que neles participan.

O artigo 5.2º do Decreto de Creación do Consorcio da Zona Franca de Vigo (en uso das facultades conferidas ao Goberno no Real Decreto Lei de 11 de xuño de 1929) recoñécelle personalidade xurídica e plena capacidade de realizar os actos necesarios ou convenientes para o desenvolvemento ou logro dos seus fins, en especial coa xestión e administración da Zona Franca podendo, segundo a letra b) deste precepto, acudir á expropiación forzosa para levar a cabo a adquisición de bens, sendo así que o Regulamento orgánico (aprobado por Orde Ministerial do 24.07.2951) contempla no seu artigo 13 a posibilidade de que poda acudir á expropiación forzosa. Logo, conta con habilitación normativa para asumir a condición de beneficiario de expropiacións.

Así, a expropiación por razón da ordenación territorial e urbanística pode aplicarse para as finalidades previstas na lexislación reguladora da dita ordenación, de conformidade co disposto no TRLS/08 e na LEF e, dende ese punto de vista, que a condición de beneficiario sexa residencia no Consorcio da Zona Franca de Vigo non resultaría algo extraordinario ou carente de precedentes na execución do planeamento urbanístico da cidade, pois cabe citar o recoñecemento da súa condición de beneficiaria no caso do desenvolvemento do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, en virtude de Convenio asinado o 26.09.1996, renovado por outro de 02.12.2007 con anexo de 17.07.2001 e, tamén, no Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o Desenvolvemento dun novo polígono industrial en Matamá - Valadares tramitado coa revisión do PXOM e asinado o 07.08.2008.

Cómpre, con todo, lembrar a natureza xurídica deste tipo de convenios, o seu alcance e efectos.

No referente aos compromisos económicos asumidos polo Concello de Vigo, sinalar que o expediente foi informado pola Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos/Inspección de Tributos e pola Directora de Ingresos da Concellería de Economía e Facenda en data 17.02.2015 e fiscalizado polo Interventor municipal o día 27.02.2015, sen prexuízo do que informen ao respecto, de ser o caso, durante a tramitación deste procedemento. No dito informe o Interventor municipal analizou as estipulacións con incidencia económica (particularmente a séptima e décima abordada no escrito de alegacións examinado) e no concreto punto relativo a obtención e destino de subvencións na forma prevista na estipulación séptima, expuxo que no caso de que algunha das partes asinantes do convenio obtiveran algunha subvención aplicarase na forma prevista nesta cláusula (séptima). Engadiu, ademais, que aos efectos de cooperar no impacto do investimento anticipado na urbanización do sistemas xerais que afecta ao PP e aos gastos de xestión que ten que facer o CZFV neste proceso, o Concello de Vigo, dotará un crédito no programa de gasto 1510, na partida 4239000, no período 2016-2019 como transferencia corrente por unha contía máxima de 40.000,00 euros/ano, sendo a súa finalidade cooperar nos custes de xestión do proceso e pola anticipación do investimento nos sistemas xerais e que o Organismo Autónomo XMU, dotará en cada un dos anos que concorre o compromiso, a contía de 40.000,00 euros, que deberá ter unha aplicación específica a esta finalidade (1510.4239000, convenio CZFV PP, Sector S-33-I) (décima), concluindo o seguinte: "En consecuencia, os compromisos económicos que recolle o proxecto de convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Sector S-33-I do Plan Xeral de Vigo, tería cobertura orzamentaria, quedando as anualidades futuras, condicionada ao presuposto que estivese vixente ou a unha modificación orzamentaria para esta finalidade. Así mesmo, aos efectos de cumprimento da Regra de Gasto prevista no artigo 12 da LOEOeSF, os pagamentos feitos ao CZFV, non serían computables, por tratarse de transferencias entre administracións públicas".

Finalmente, consta no acordo da Xunta de Goberno Local do día 27.02.2015 que A efectos de dar cobertura orzamentaria as obrigas do Concello de Vigo na execución do citado convenio tramitouse no Concello de Vigo a modificación orzamentaria nº 15/2015 e na Xerencia Municipal de Urbanismo a modificación 5/2015, existindo crédito adecuado e suficiente para asumir os gastos previstos".

O día 21.05.2015 a Vicepresidenta da XMU asinou oficio dando traslado ao Consorcio da Zona Franca de Vigo do texto definitivo proposto, para a súa aceptación, reparos ou, de ser o caso, renuncia, en cumprimento do disposto no artigo 237 da LOUGA.

O día 04.06.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150072677) o escrito asinado o día 03.06.2015 pola Delegada Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo manifestado a conformidade sen reparos do ente público.

Xa que logo, en virtude do disposto no artigo 237 da LOUGA e demais de

aplicación, previa proposta do Consello da XMU, corresponde ao Pleno do Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO...”

A seguir os asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 6 de xullo de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Tratamos hoxe unha actuación clave para o desenvolvemento da industria de Vigo. O obxectivo deste Convenio é claro, permitir con folgora o desenvolvemento da automoción de Vigo para poder responder ao resto do mercado internacional e garantir o seu futuro. Trátase de atender ás necesidades da factoría de Citroën en Vigo, para que poida facer fronte aos retos de futuro e en particular ao desenvolvemento do novo proxecto o K9, unha actuación estratéxica para o sector do que viven 19.000 familias en Galicia e que xera 6.000 postos de traballo indirectos. Coa industria de Vigo e con este sector en particular a implicación do Concello de Vigo e máis concretamente do Alcalde o Sr. Abel Caballero é total, proba diso foi a concesión da licencia de actividade a Citroën a pasada lexislatura, logo de 55 anos de instalación na nosa cidade, só esta actuación supón a legalización da actividade gañando ademais en seguridade e sostibilidade ambiental, con medidas que debeu adoptar a factoría para mellorar a situación dos traballadores e os veciños. O presente convenio que conta con tódolos os controis legais, pretende desenvolver o sector S-33-I do Plan Xeral de Ordenación Municipal, Balaídos que conta con 240.000 metros cadrados a desenvolver por iniciativa pública, por iniciativa do Concello, dará lugar a unha superficie edificable de preto de 108.000 metros cadrados, con tres tipos de usos maioritariamente industrial, no 99% de uso industrial, ademais incorpora só dotacional con zonas verdes, aproximadamente 24.000 metros cadrados, equipamento aproximadamente 4.800 metros cadrados e 450 prazas de aparcadoiro.

Tamén prové a reserva de só para sistema xerais, ante o exclusivo interese da Zona Franca de Vigo na materialización do aproveitamento industrial deste ámbito e dada a implicación do Concello co desenvolvemento da industria da cidade e en especial co futuro de Citroën, o Concello aceptou a execución deste ámbito por polígonos, asumindo o Consorcio da Zona Franca só o desenvolvemento da ampliación do polígono industrial de Balaídos, quedando a conta do Concello o resto de actuación. Polo tanto o Concello de Vigo comprométese á defensa do interese xeral e polo tanto, en primeiro lugar, a redactar o Plan Parcial de todo o ámbito, establecendo polígonos e garantindo as necesidades industriais do sector do automóbil.

En segundo lugar, a tramitar a expropiación dos terreos afectados polo procedemento de taxación conxunta facendo á Zona Franca de Vigo beneficiaria desa expropiación no Polígono de uso industrial.

En terceiro lugar, establecerá os prazos para o resto das actuacións do ámbito, e comprométese a súa execución, e finalmente comprométese ademais a unha vez rematadas as obras de urbanización do uso industrial, a asesorar sobre a obtención das licencias necesarias para os usuarios das parcelas. O consorcio da Zona Franca comprométese pola súa banda a actuar como calquera inversor privado, e unha vez o que o Concello garante a rendabilidade desta operación permitindo a edificabilidade máxima no uso industrial para garantir os retornos económicos que lle permitirán facer fronte a tódolos seus custos, obviamente executar a urbanización asumindo todos eses custos.

Como dicíamos, froito desta participación e da asunción dos custos que lle corresponden por parte do Consorcio da Zona Franca, o Consorcio adianta o 75% do custe de redacción do Plan Parcial, en función da parte que se estima que lle corresponderá de todo este ámbito, e ao Concello de Vigo o 25% restante, o Concello comprométese a iniciar a redacción do Plan Parcial, froito deste compromiso e da implicación do Concello co desenvolvemento industrial de Vigo, esta redacción, esta contracción xa foi iniciada e hoxe mesmo asínase o contrato coa empresa que redactará e executará ese Plan Parcial para que podamos contar canto antes con esa actuación que permita o desenvolvemento do polígono industrial de Balaídos.

Como dicía, esta actuación é clave para o futuro industrial de Vigo, unha actuación

que pon enriba da mesa o futuro deste sector, do sector da automoción, unha actuación que atende ás necesidades da factoría de Citroën, unha actuación fundamental para o seu desenvolvemento, por iso pedimos o apoio a este convenio como non, por parte de tódolos os grupos que compoñen esta Corporación Municipal.

SR. PÉREZ CORREA: Coherentemente co expresado durante moito tempo por forzas que estamos hoxe en día na Marea de Vigo, nós votamos en contra precisamente deste Convenio, non porque non entendamos a importancia que ten na economía viguesa a Planta de PSA, senón porque temos tamén memoria e sabemos que ningunha dos investimentos, practicamente das modificacións urbanísticas que temos feito nos últimos anos garante a toma de decisións por parte do grupo francés, e por que? Porque estamos no nivel de emprego máis baixo da PSA porque o Plan Empresarial que a propia fábrica presentou aos sindicatos xa fala abertamente de deslocalización ao norte de Portugal, temos o caso concreto de Faurecia que ten o incremento dun 22% dos investimentos no norte de Portugal e que por moito que adaptemos a nosa a cidade ás demandas do grupo francés, estámonos atopando con que o grupo francés actúa exclusivamente por criterios de custe laboral e de custe de oportunidade, que polo tanto está incrementando os investimentos non precisamente na nosa cidade, por non falar da situación laboral e o nivel de emprego da planta. Logo está unha cuestión que para nós non é secundaria, outra vez imos sacrificar un barrio enteiro, neste caso o barrio do Roupeiro, outra vez imos colocar, ampliar un polígono cara unha zona habitada sen ningunha alternativa, que pasará neses veciños/as que lindarán de novo cunha fábrica, que por certo, é a que máis declara de emisións derivadas das plantas de lacado que están precisamente neste ámbito, e nos coherentemente con esa cuestión estamos poñendo en valor que posiblemente o espacio de crecemento do centro produtivo de Balaídos, non é cara esa zona e posiblemente teremos que dar unha lectura ó nivel de abandono de solo industrial que temos na nosa cidade, na nosa comarca e que polo tanto o crecemento ou as necesidades da Planta non deberían ser de cara unha zona urbana, habitada dende hai moitos anos. Poñemos tamén en dúbida como o facían os veciños de Matamá o carácter beneficiario que podía ter a zona franca como beneficiario desa expropiación, en

todo caso a figura dos convenios urbanísticos tampouco é unha fórmula que nós consideremos necesaria, é unha fórmula que as normativas europeas cada vez poñen máis en solfa dentro de todo o que é o armazón que temos dentro do urbanismo do noso país e nós si que queremos que se reconsidera sobre todo o que ten que ver coa situación que se van atopar os veciños/as desta parroquia que de novo van ver como non están nin sequera garantido esa suposta pantalla vexetal para evitar tódolos prexuízos que provoca a actividade industrial cerca dos seus domicilios.

SR. FIGUEROA VILA: Precisamente gustárame comezar esta intervención facendo referencia ao acordo, porque o acordo é importante polo menos para os que temos certa memoria do que pasou nesta cidade, daranse conta vostedes despois da miña intervención porque é importante, e o acordo di primeiro, desestimar o escrito de alegacións presentado por D. Ángel de Anta García, afectado pola ampliación da Zona Franca e a Ronda de Vigo co acordo dos informes emitidos no expediente, e en segundo lugar, aprobación do texto definitivo do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para os sectores E33-I, por que quería facer referencia a esta cuestión? Porque hai dez anos aproximadamente, por iso que a historia desta cidade a veces é difícil, hai dez anos neste Pleno, boicoteouse, paralizouse o Pleno da aprobación provisional do Plan Xeral e resulta que os que eran esas persoas afectadas pertencían a esta asociación. Que pasou con aquela cuestión? Que ao boicotear o Pleno non se puido seguir tramitando o Pleno do Plan Xeral e despois houbo que traer o Plan Xeral outra vez á aprobación definitiva a este Concello.

Polo tanto, se hai dez anos se houbese votado aquel Pleno a favor estaríamos falando seguramente de todo o desenvolvemento deste Plan xa definitivamente, e agora a que estamos a falar? Estamos falando dun convenio entre a zona Franca e o Concello de Vigo, pero un convenio que é importante sobre todo, e eu quero destacar e facer mención especial á delegada do Estado na Zona Franca polo seu interese, a súa colaboración, polo seu traballo e sobre todo polo polo desembolso económico importante que vai traer esta primeira fase; primeira fase que podemos estar a falar aproximadamente como dicía a concelleira da totalidade do terreo industrial por un importe que pode sumar aproximadamente os 80 millóns de euros

entre a licitación do terreo industrial máis as naves que xa se están a construír, máis a pista de probas, máis tamén o parque tecnolóxico e sobre todo o apoio a subestación eléctrica que vai cobertura á depuradora do Lagares.

Polo tanto, é importante que esta suma de esforzos que está a facer o goberno do Estado a través da Zona Franca na cidade de Vigo tamén se contemple, e que tamén sexa un aspecto positivo á hora de trasladar á cidadanía, porque parece que esta cidade única e exclusivamente está no enfrontamento e na confrontación cando lle interesa a algúns, pero tamén hai realidades, realidades obxectivas, cuantificables, realidades que significan que esta cidade está a mellorar tamén con institucións onde goberna o Partido Popular e onde neste caso a Zona Franca está a facer un magnífico traballo. Porque esta é a realidade é que un tema que estaba paralizado durante moitos anos, dez anos aproximadamente, agora vaise por en marcha xa definitivamente.

Polo tanto, nós queremos felicitar ese traballo da zona franca e dende logo sumarnos, imos sumarnos sen ningún tipo de dúbida a este proxecto, este é un proxecto vital para a cidade, vital para Citroën, vital para a importancia dos postos de traballo que necesita esta cidade, vital para o futuro, para esa furgoneta que se vai a construír na cidade de Vigo. Polo tanto, estamos de acordo nesa cuestión pero tamén temos que facer mención a que as veces cousas non se fan porque se paralizan e se boicotean por culpa moitas veces non se sabe nin de quen, pero a realidade é que se hai dez anos se houbera aprobado aquel Plan Xeral, hoxe estaríamos falando da terminación de tódalas naves, de todo o parque tecnolóxico, que Citroën tería totalmente rematado a a súa necesidades de cara o futuro.

Polo tanto, esta situación que agora se dá cun importe que se aproxima aos 80 millóns de euros, pois creo que é importante para a cidade de Vigo, importante para Citroën, para os postos de traballo e nós imos votar a favor como non podía ser doutra maneira, pero tamén anunciamos que imos estar vixiantes para que o concello cumpra tamén os seus compromisos, porque ven dicía a concelleira, que é curioso, que hoxe se aproba a licitación dun proxecto que está dende o 24 de abril nun caixón deste Concello.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Manifesto na miña primeira resposta que dende logo estes concelleiros que se sentan nesta bancada están absolutamente en contra do

posicionamento do representante de Mareas, cremos que é unha irresponsabilidade poñer en cuestión o desenvolvemento industrial de Vigo, claro que Vigo o precisa! Que promovamos actuacións que permitan ás empresas que están instaladas na nosa cidade a súa ampliación e continuar co seu negocio, coa creación de postos de traballo e co futuro industrial de Vigo, polo tanto manifesto a miña total oposición e rexeitamento a esa proposta de que parece que estaría vostede encantado de que a fábrica de Citroën marchase de Vigo, dende logo nós, para nada referendamos esa proposta.

O noso compromiso en contra diso, é atender dentro da legalidade as necesidades de desenvolvemento que ten o tecido produtivo de Vigo e polo tanto, aí sempre estaremos intentando dar respostas ás necesidades do sector industrial e das distintas actividades que se poidan desenvolver na nosa cidade.

Por suposto, ademais facendo que esas actuacións encaixen dentro da actuación global que se establece para ese ámbito porque o Plan Parcial é para todo o ámbito e polo tanto garantindo que se cubran as necesidades dos veciños/as desa zona.

Sr. Figueroa, nós dende logo promovemos a colaboración, froito diso é este convenio, e estamos encantados de que as administracións colaboren con Vigo, agora ben cando vostede fala de boicot, debería preguntarlle ao seu propio partido na Xunta de Galicia e no Estado porque boicotea a esta cidade, porque invisten o 1,5% cultural noutros concellos e non en Vigo, por que non invisten nesta cidade ou a Xunta de Galicia e sen embargo iso a vostede non lle parece boicot. A realidade é que a actuación que fai a Zona Franca eu case diría que calquera investigador privado a faría, o cliente está claro, o prazo está claro, os custes están garantidos, a verdade o risco que corre eu diría cero.

Polo tanto, calquera iniciativa privada acometería do mesmo xeito este proxecto. Pola contra o Concello de Vigo que fai? Dende logo como é a súa obriga, porque este é un proxecto de iniciativa pública, e polo tanto, redactar o Plan Parcial que garantirá non só o desenvolvemento da ampliación do polígono de Balaídos e os requirimentos que precise o sector industrial desta cidade senón tamén todo o ámbito, a súa execución, a execución de zonas verdes e ámbitos dotacionais para os veciños e polo tanto, establecerá prazos para a consecución dese obxectivo, pero ademais fará máis cousas, fará por exemplo tramitar as expropiacións absolutamente imprescindibles, como non podería ser doutro xeito, para iniciar

este proceso. Ademais comprometerase a máis cousas, a facilitar que as distintas actuacións industriais que se implanten neste polígono se fagan con licencia de actividade, porque como dicía vostede pasaron anos pero tamén 55 anos sen licencia para Citroën foron moitos anos e resolveuno a anterior corporación municipal.

VOTACIÓN: Con 24 votos a favor, 3 en contra e ningunha abstención queda aprobada.

VOTACIÓN: Con vinte e catro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar o escrito de alegacións presentado por D. José Ángel de Anta García no Rexistro xeral da Xuntade Galicia o 30.04.2015, en representación da "ASOCIACIÓN DE AFECTADOS POR LA AMPLIACIÓN DE LA ZONA FRANCA Y LA RONDA DE VIGO", con entrada o 06.05.2015 no Rexistro xeral da XMU (doc. 150053944), de acordo cos informes emitidos no expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto definitivo do *Convenio Mixto de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Sector S-33-I do Plan Xeral de Vigo* en idénticos termos ao texto asinado o día 27.02.2015 entre o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e a Delegada Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, facultando ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo para a súa sinatura.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á interesada, significándolle que o texto do convenio definitivamente aprobado deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á súa notificación, transcorrido o que entenderase que renuncia ao

mesmo.

CUARTO: Dar traslado deste acordo á Alcaldía para que fixe día e hora, dentro do prazo referido no apartado anterior, para a súa sinatura, o que será comunicado ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos alegantes e á Intervención municipal para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO: Publicar este acordo, xunto ao texto íntegro asinado, na sede electrónica municipal.

SÉPTIMO: Contra o este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativa e potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o dictou ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os órganos xudiciais da xurisdicción contencioso-administrativa, contado en ambos casos dende o seguinte a súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen conveniente.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(112).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A PRESENTAR UN PROXECTO DE LEI MODIFICANDO O IVE, PARA APLICAR O TIPO REDUCIDO A TÓDALAS MANIFESTACIÓNS CULTURAIS PREVISTAS NA DIRECTIVA DO IVE. REXISTRO PLENO. 1133/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xullo de 2015, número 1133/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A subida do IVE aos espectáculos culturais do 8 ao 21%, como unha das primeiras medidas adoptadas polo Goberno presidido polo Sr Rajoy, e con efectos dende o 1 de setembro de 2012, afectou a diversos produtos culturais como as entradas de teatro, cine, concertos, música e, incluso, material escolar.

A cultura é un factor de desenvolvemento da cidadanía, dende a xuventude á vellez, e constitúe un importante elemento de cohesión social, ademais dun acelerador das políticas de igualdade de xénero.

Conscientes desta realidade, diversos países europeos que favorecen a cultura, contan con tipos de IVE máis baixos que o do Estado español (Francia, un 5,5%; Alemaña, un 7%, Italia, un 12%; Portugal, un 13%, e Irlanda, un 9%, por exemplo).

En España, en cambio, a subida do IVE aprobada mediante Decreto Lei do Goberno de Rajoy conseguiu, non solo reducir a recadación por este concepto, senón –e principalmente– que deixasen de programarse actividades culturais e que quedasen sen actividade diversas compañías teatrais, músicos, actores, etc.

Unha sociedade avanzada, culta e formada non pode permitir que se reduzan as actividades culturais en todas as súas expresións e, xa que logo, deben promoverse todas as actividades culturais.

Neste sentido, a Convención sobre a protección e promoción da diversidade das expresións culturais da UNESCO, firmada en 2005, contempla que os Estados adopten medidas que brinden oportunidades ás actividades e servizos culturais para a súa creación, produción, distribución, difusión e disfrute. Tamén contempla a necesidade de que se adopten medidas destinadas a conceder asistencia financeira pública.

Tamén é preciso recordar que a Directiva 2006/112/CE que regula o IVE para todos os países membros da UE establece que se pode aplicar un tipo reducido aos seguintes bens e servizos:

- Subministro de libros en calquera medio en soporte físico
- Acceso a espectáculos: teatros, circos, feiras, parques de atraccións, concertos, museos, parques zoolóxicos, salas cinematográficas, exposicións e outras manifestacións e locais semellantes de carácter cultural.
- Prestacións de servizos por escritores, compositores, artistas, intérpretes e dereitos de autor.

- Acceso a manifestacións deportivas e uso de instalacións deportivas.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno de España para que presente un proxecto de Lei ante as Cortes Xerais que inclúa a modificación do artigo 91 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido para aplicar o tipo reducido do imposto a todas as manifestacións culturais previstas na Directiva do IVE e que se detallaron na exposición de motivos."

Con data 20 de xullo de 2015, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Perdón Presidente, eu.

PRESIDENCIA: A efectos de que pide a palabra?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pido a palabra en uso do artigo 25 do Regulamento xa que empezamos a tramitación do punto 5 deste orde do día para solicitar dende este grupo municipal a retirada da moción.

PRESIDENCIA: Iso non é unha cuestión de orde.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Si pero o artigo 25 do Regulamento di que calquera concelleiro durante a realización da sesión poderá solicitar a retirada dun expediente incluído no orde do día a efectos de que se incorporen ao mesmo documentos ou informes.

PRESIDENCIA: Non é unha cuestión de orde.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Entendemos que a moción 5.3 fáltalle o ditame da

Comisión Informativa e polo tanto incumpre o disposto no artigo 43 do Regulamento Orgánico do Concello e por iso solicitamos a retirada do orde do día dese punto, para cumprir o Regulamento Orgánico.

PRESIDENCIA: En nome do grupo municipal Socialista ten a palabra, seguimos co punto 5.1, Sr. Aneiros.

SR. ANEIROS PEREIRA: Correspóndeme no nome do grupo municipal Socialista do Concello de Vigo presentar esta moción para defender a redución do tipo de gravame do IVE, relativo ao IVE cultural, e por iso que unha vez vista a emenda de adición que presenta o grupo municipal de Marea de Vigo, que propón de xeito xeral modificar o tipo do IVE para baixalo do 10% ao 7%, entendemos que non é un asunto que estea en relación co IVE cultural e por este motivo xa anticipo o rexeitamento desa emenda de adición porque é unha cuestión que excede desta cuestión.

Este grupo no seu interese de apoio á cultura quere defender a baixada o IVE cultural, do 21% ao 8%, que é o tipo reducido do IVE, é certo que no ano 2012 o goberno do Sr. Rajoy e do ministro o Sr. Montoro, pola vía de Decreto-Lei elevou o tipo do IVE do 7% para o 21% para o IVE cultural, propiciando o peche de compañías de teatro, artistas e reducindo os aforos de entrada a teatros, cines e a espectáculos culturais.

A Cultura é un factor pontenciador do desenvolvemento da cidadanía, tanto para a xuventude como para as persoas maiores e tamén para facer unha auténtica igualdade de xénero a través da Cultura, todo isto para fomentar tamén o desenvolvemento social, cultural e incluso económico de importantes sectores da nosa poboación.

Outros países da Unión Europea teñen un tratamento preferente para a Cultura, e así países como Alemaña, como Francia, como Italia ou mesmo Portugal e Irlanda teñen tipos reducidos do imposto sobre o valor engadido para as manifestacións culturais, e polo tanto, como nós, somos España, os que estamos fora dese ámbito de países que coidan a Cultura, que potencian tamén a Cultura.

Incluso manifestacións internacionais como a Convención da UNESCO do ano 2005 impón aos estados impulsar e promover as manifestacións culturais e realizar

medidas de asistencia financeira ás empresas deste sector; e por iso que tamén a directiva comunitaria do IVE permíteo que este grupo municipal quere defender a baixada do IVE do 21% ao 8% para determinadas manifestacións culturais, en concreto para os libros de soporte físico, o acceso a espectáculos públicos como teatros, cines, feiras, circos, parques de atraccións, parques zoolóxicos, a salas cinematográficas, a exposicións, ás prestacións de servizos por escritores, por compositores, por artistas, por interpretes e incluso para os dereitos de autor. Tamén para o acceso ás manifestacións deportivas, cuestións todas estas que o goberno de España, do Sr. Rajoy no 2012 elevou de forma extraordinariamente o tipo de imposto aplicable e polo tanto prexudicou gravemente.

Os impostos non serven só para recadar, serven tamén para cumprir con outras finalidades de interese social ou cultural, a Cultura está tamén recollida na nosa constitución e é un ben a protexer e a fomentar.

E por iso que este grupo de concelleiros do Partido Socialista propón que este Pleno adopte unha moción pola que se inste ao goberno de España a presentar un Proxecto de lei nas Cortes polo que se inclúa a modificación do artigo 91 da Lei do IVE, da Lei 37/1992 para que se aplique o tipo reducido do IVE a tódalas manifestacións culturais que sinaliei anteriormente, é dicir, ós libros de texto, ós libros en calquera soporte físico, o acceso a espectáculos como o teatro, circos, feiras, parques de atraccións, salas cinematográficas, exposicións e a manifestacións deportivas e culturais.

SR. PÉREZ CORREA: Nós dende logo que estamos de acordo co substrato desta moción, precisamente porque foi a esquerda política a que denunciou que as subidas do IVE que se estaban a producir sobre todo nos países europeos, nas situacións economicamente máis perigosas como pode ser Grecia ou o Estado español. Nós sempre denunciámos publicamente que a subida do IVE que sobre todo significaba a desaparición para moitos produtos e servizos do IVE reducido, pois nós levamos moitos anos denunciando estas políticas pero tamén nós imos aos informes que publica a sociedade xeral de autores, sobre todo o que fala do que ten suposto para a industria cultural deste país dende o ano 2008, pois precisamente esas políticas regresivas, digo políticas regresivas porque en xullo do 2010 cando o presidente do goberno naquela altura, o Sr. Zapatero do Partido

Socialista, dicía que subir o IVE era facer política social, está nas hemerotecas non invento nada, e nós por iso engadimos esta emenda, porque os propios traballadores culturais din que a gran caída do nivel de asistentes e de recadación que existe no sector prodúcese a partires do ano 2008, cun incremento notable no ano 2010 cando ese IVE reducido pasa do 7% ao 8%, que para as industrias sobre todo as máis pequenas, as que teñen que ver coas pequenas produtoras, as editoras independentes supuxo de facto que entre o ano 2010 e o ano 2011 pecharon gran parte das pequenas produtoras e editoriais independentes.

É certo, e por iso estamos de acordo co núcleo da emenda que o último andazo do Partido Popular no 2010 de eliminar ese IVE reducido, xa significou practicamente que a industria cultural neste país que era un sectores chamados a facer de soporte de emprego cando outros sectores como a construción e a industria perden tecido produtivo, desapareceu completamente da senda da creación de emprego, xa non somos un dos países onde subía ou aumentaba ano a ano o número de traballadores/as nos sectores culturais, e hoxe en día as caídas medias de 28% nas asistencia a teatros, concertos e salas e o 20% de caída no que é a recadación, pois significa non só a desaparición da industria cultural senón a desaparición dos traballadores/as do sector e nomeadamente a precarización do sector, obviamente cando hai menos recursos aparece a precariedade laboral no sector. Nós estaríamos de acordo no espírito da moción, pero nos poñemos en valor o que din os traballadores do ámbito cultural, o que din os autores e os artistas da SGAE que a partires do ano 2008 hai dous fitos, que é o 2010, e xa pasado o 2007 e 2008, e a posterior subida ao tipo xeral que introduciu o Partido Popular que como dicimos foi definitivamente o golpe aos sectores culturais deste país.

Polo tanto a Marea de Vigo nos imos abster nesta moción porque cremos que se reconsidere que a subidas do IVE non é algo exclusivamente do Partido Popular senón que na primeira gran subida do IVE neste país foi a orquestrada polo Partido Socialista.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar o recién nomeado ministro de Educación e Cultura D. Iñigo de Méndez de Vigo, afirmou no súa derradeira intervención no Senado o pasado 7 de xullo, é dicir, recentemente, leo textualmente “estudarei a baixada do IVE cultural, que está neste caso no 21%, é a

vontade deste goberno e do Partido Popular baixar os impostos, vouno estudar porque mo pediu o sector e vostede tamén”, isto foi en resposta ao Senador socialista D. Félix Montes, vostedes coñecerán a pregunta, polo tanto, Sr. Aneiros, nós dende o grupo municipal do Partido Popular facémolo coa mesma vontade e respondémoslle porque se vostedes están nas distintas administracións e institucións facendo esa solicitude, a competencia neste caso é do ministerio e a vontade é facelo.

Vostedes saben ben que as causas que levaron á subida, neste caso en determinadas actividades culturais foi a recesión e os desequilibrios macroeconómicos cos que se atopou o Partido Popular, e levoulle a tomar unha serie de medidas que están explicadas e xustificadas, neste caso, e que permiten sentar as bases de que agora ao final da lexislatura as cifras e os datos sexan diferentes.

Isto permitiu como saben vostedes o último dato xeral neste momento nos últimos doce meses máis de 500.000 postos de traballo, que se melloraran as cifras macroeconómicas deste país, vostede seguro que o coñece ben porque ademais neste tema ten bastante coñecemento, e no caso do IVE cultural, nós podemos chamalo que serviu dunha maneira solidaria, xeral para recuperar, insisto, a situación neste país.

É importante neste caso saber que a vontade é de reduci-lo, nós por iso imos apoiar a súa moción, tamén fago un inciso e ao igual que fai o grupo municipal Socialista, nós tampouco admitimos a emenda de engádeda presentada neste caso por o grupo municipal de Marea de Vigo, neste caso porque cremos que non se axusta neste sentido á proposta. Insisto en que o importante a partires de agora, tanto que lles gusta o Sr. Keynes, sempre dicía que “o futuro non se ve, faise”, co cal entre todos teremos que facelo e tamén ven a colación falar aquí da reforma da Lei de mecenazgo porque é importante buscar incentivos, intentar que a industria cultural neste país si que xere emprego, ingresos e que a cultura se defenda sempre dende o punto de vista interesante para tódolos españois, e non á cultura da subvención, creo que agora temos que ter ademais prudencia e non alegría no gasto como se tivo noutras lexislaturas pasadas e que sabemos a onde nos levou. Vostede dicía que hai diferentes actuacións onde vostedes solicitan a baixa do IVE, nese sentido nós estamos de acordo, insisto en que o Ministro ten esa vontade,

pero podo eu aquí enumerar tamén que hai un tipo reducido de IVE do 10%, un tipo superreducido do 4% e exentos tamén do IVE a practica totalidade dos servizos educativos, porque vostede insiste moito niso, a educación na infancia, xuventude, a garda e custodia dos nenos, etc. e o tipo superreducido do 4% para libros, xornais, revistas que non conteñan única ou fundamentalmente publicidade, así como os elementos complementarios que se entreguen conxuntamente con estes bens mediante prezo único.

O tipo reducido reducido do 10%, entrada a bibliotecas, a arquivos, centros de documentación e museos, galerías de arte e pinacotecas, espectáculos deportivos de carácter aficionado, que vostede falaba dos espectáculos e do deporte en xeral, exposicións e feiras de carácter comercial, importación de obxectos de arte, antigüidades, obxectos de colección, entregas de adquisicións intracomunitarias de obxectos de arte feitas polos seus autores. Está o tipo xeral do 21% en entradas a teatros, circos e demais espectáculos, concertos, salas cinematográficas, parques de atraccións e atraccións de feira e parque zoolóxicos, a vontade é por suposto baixala, pero gustaríame darlles tamén un dato e é que no 2014 foi o gran ano do cine español cun record histórico de 132 millóns de euros de recadación, un 94% máis que non ano 2013, isto non quere dicir que a vontade sexa de manter o IVE ó 21%, pero tamén hai que ver os datos na súa globalidade e nese sentido nós, insisto, apoiaremos esta moción, como estamos facendo no resto das administracións, neste sentido, e dicirlles que é un IVE neste caso solidario posto que ese IVE ao mellor permitiu que a situación de España mellorara nese sentido. Co cal a vontade do goberno de España é baixar o IVE e seguramente estamos en tempo de desconto para conseguilo.

Polo tanto, insisto, o futuro non se ve, faise, fagámolo xuntos e non caíamos nos mesmos erros que se cometeron nas lexislaturas pasadas e que fixeron que se teñan que tomar esta serie de medidas porque non é do gusto do Partido Popular nin do Goberno de España ter que tomalas.

SR. ANEIROS PEREIRA: Se hai algún partido que estivo dende o primeiro momento ao carón da Cultura deste país foi Partido Socialista Obreiro Español, dende o primeiro momento, foi o único partido que defendeu que non se subise o IVE á Cultura, o dixo dende o primeiro momento, polo tanto non é certo iso que

manifesta o Sr. Correa que di un ex-presidente do Goberno do Partido Socialista, non é verdade e hai que dicilo e deixalo de forma clara.

É o Partido Socialista o partido que estivo sempre ao carón da Cultura e da Cultura española, tamén me remito ás hemerotecas e aos feitos durante estes últimos anos no noso país. Polo tanto, somos o partido que defende a Cultura, esta forma de entender o país, o desenvolvemento a través da Cultura, da formación de mozos, adultos, de homes e de mulleres porque é un factor que permite desenvolver a igualdade.

Agradecemos que o ministro do Partido Popular o estea estudando, pero que non estude moito porque isto é moi sinxelo a directiva do IVE permíteo, a Lei española permíteo se se presenta xa un proxecto de lei de modificación do artigo 91 da Lei do IVE, así de sinxelo, polo tanto pouco máis hai que estudar. Os efectos recadatorios da subida do IVE á Cultura foron nefastos, conseguiron o contrario, conseguiron que pechen compañías de teatro, de espectáculos e que pechen moitos museos e moitas manifestacións culturais.

Polo tanto, o estudo está feito, o IVE neste caso ten, tivo un efecto perverso sobre a cultura ao pechar moitas destas compañías, a vontade agradecese pero hai que trasladala a feitos, temos cumprir con esa vontade e modificar, o Partido Popular neste caso no Parlamento de España, ese artigo 91 da Lei do IVE para reducir o tipo do 21% ao tipo do 8%, cuestión que, por certo, podería ter feito dende o primeiro momento, no propio ano 2012 en lugar de ter que esperar a un período, por certo, electoral para anunciar unha baixada de impostos neste sector, que parece que tardou catro anos en escoitar porque as demandas do sector cultural foron constantes dende o ano 2011, 2012 e pese a iso a calidade da nosa cultura fixo que, como vostede ben dixo, o ano pasado o cine español tivese uns bos resultados porque temos unha cultura e un cine español de calidade.

Por certo, quero rematar para advertir unha cuestión, non aproveitemos a baixa do IVE cultural para reducir tamén outros tipos de IVE, como xa se anunciou por algún representante do Partido Popular, refírome a baixada do IVE ao iates de luxo, baixemos xa o IVE cultural.

PRESIDENCIA: Esqueceuse manifestarse sobre a emenda de Marea de Vigo.

SR. ANEIROS PEREIRA: Manifesteime previamente ao manifestar que imos a rexeitar a incorporación.

VOTACIÓN: Con vintecatro votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.07.2015 (Rex. Nº 1133/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(113).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A AMPLIACIÓN DA PROTECCIÓN POR DESEMPREGO A TÓDALAS PERSOAS DESEMPREGADAS DE MAIS DE UN ANO, CON RESPONSABILIDADES FAMILIARES, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1134/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xullo de 2015, número 1134/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A longa duración da crise, xunto a un sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración, fai que a protección das persoas desempregadas e das súas familias día a día váiase esgotando.

O artigo 35.1 da Constitución consagra o dereito e a obriga de traballar ao establecer que "todos os españois teñen o deber de traballar e o de dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo". Para aquelas persoas impedidas de poder exercer o dereito constitucional ao traballo, o artigo 41 da Constitución dispón que "os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais abondo ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego".

A situación de necesidade de todas estas familias está causada pola súa situación de desemprego. De aí que os poderes públicos, de acordo co inequívoco mandato do art.º 41 da Constitución, deban garantir a asistencia e prestacións sociais abondo ante a situación de desemprego.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguintes

ACORDOS

Instar ao Goberno Central :

- 1.** A ampliación da protección por desemprego no seu nivel a asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos Servizos Públicos de Emprego máis dun ano, teñan responsabilidades familiares e cumpran os requisitos de carencia de rendas.

Este subsidio tamén se estenderá ás mulleres que tivesen acreditado a condición de vítima de violencia de xénero, a aquelas persoas que acrediten unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 %, ou teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, e ás persoas paradas maiores de 45 anos, cando esgotasen a Renda Activa de Inserción ou se contratasen dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude de dereito á admisión ao devandito Programa.

Este subsidio se prorrogará de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manteranse como mínimo ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 %.

A contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial e a súa vez incrementárase en función das responsabilidades

familiares da persoa beneficiaría seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcanzasen a menores de idade, esta contía incrementárase en 100 euros por menor.

A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente ningunha prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

2. A implementación de xeito inmediato, cos interlocutores sociais, un Plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.

Este plan incluírá, en todo caso, o aumento da dotación dos Servizos Públicos de Emprego con novo persoal técnico para a atención individualizada das persoas en desemprego de longa duración que, como mínimo, se cuantificará en non menos de 200 persoas expertas en orientación e promoción de emprego en Galicia.”

Con data 20 de xullo de 2015, a Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Felizmente está chegando ó final do mandato no goberno do Sr. Rajoy do Partido Popular e, dará como ten que ser lugar a gobernos progresistas, porque o que hoxe traemos aquí, que son as prestacións para tres colectivos en concreto, son froito das nefastas políticas do Goberno do Sr. Rajoy, do Goberno do Partido Popular. Son políticas que entre elas a reforma laboral trae máis desemprego, precariedade e tamén menos cobertura de prestacións para as persoas que quedan no paro. Dende hai catros anos o desemprego que era a primeira preocupación de tódolos españois, catro anos despois cun goberno do Sr. Rajoy, hai dúas preocupacións: a primeira, a preocupación polo paro, polo desemprego, pola situación de non atopar emprego, e outra porque as prestacións xa non achegan nin sequera ao 50% das persoas que están en desemprego.

Polo tanto, aquí debemos lembrarlle ao Sr. Rajoy, ao Partido Popular que a Constitución española consagra o dereito ao traballo e o dereito a recibir unhas

prestacións cando por diversas circunstancias non poden estar traballando.

Eu aquí o que teño que dicir é que o Partido Popular mira para outro lado, ignora este mandato da Constitución e ignora que tódolos desempregados/as que non perciben ningún tipo de prestación, teñen faciana. Doulle un dato simple de tódolos desempregados que hai na cidade de Vigo en torno a 29.500, máis da metade no cobra ningún tipo de prestación, repito, máis da metade dos 29.400 desempregados que hai na cidade de Vigo no cobra ningún tipo de prestación, e por contra o goberno do Sr. Rajoy, o goberno do Partido Popular reduce en Galicia as prestacións para desempregados en 200 millóns de euros, é dicir, pasa de 500 millóns de euros hai dous anos, a 300 millóns non ano 2015. Reitero, con máis desemprego, precariedade do emprego, con menos persoas recibindo prestacións, o Partido Popular, o Sr. Rajoy permítese o luxo de rebaixar as cantidades destinadas a este fin, pois miren, ademais a isto hai que engadirlle a precariedade en tódolos contratos, neste mes pasado de xuño o 94% dos contratos, foron precarios, e cando digo precarios digo contratos dunha hora, dúas horas, dun día, de medio día, dunha semana, estou falando desa precariedade, hoxe o ter un emprego non garante saír da pobreza, vostedes señores do Partido Popular, que nos meteron ás familias, que é terrible que teñen a tódolos seus membros no paro e outras moitas que non teñen ningún tipo de prestación. É grave que vostedes miren para o outro lado que fagan políticas de anuncios electorais agora que se achega o día de votación e polo tanto, non tomaron nin pensan tomar ningún tipo de medida.

Por iso nós pedimos que se amplíe a protección de desemprego no seu nivel asistencial a tres colectivos importantes, en primeiro a tódalas persoas desempregadas que leven inscritas nos servizos públicos de emprego máis dun ano, tamén estes subsidio ten que ser para as mulleres que tivesen acreditado a condición de vítimas de violencia de xénero, e tamén para as persoas cunha minusvalía ou unha discapacidade recoñecida en torno ao 33%, e dende logo tamén que simplemente de xeito inmediato, nun diálogo cos interlocutores sociais, simplemente a ampliación dos servizos públicos de emprego, con novo persoal e medidas para poñer fin a esta lacra do paro, e primeiro aos que o están a pasar peor por estar en desemprego e non recibir ningún tipo de prestación.

Reitérolle, o drama das familias enteiras que están no paro e o drama de familias enteiras que nin sequera perciben nin un euro por ningún tipo de prestación.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Tal como escoitamos nalgunha intervención, detrás de cada proposta de investimento sempre hai unha postura política, a política disputas, e no terreo material buscando mellorar as condicións de vida das persoas, e a Marea de Vigo tendo moi claro este principio, votará a favor desta moción, pero non podemos obviar certas contradicións nas que pensamos que cae o grupo municipal Socialista. No punto dous da súa moción, piden o aumento da dotación dos servizos públicos de emprego en non menos de 200 persoas expertas en orientación e promoción do emprego en Galicia. Este punto se o collemos de forma illada o consideramos obxectivamente positivo, sen embargo ao mesmo tempo que o Goberno Municipal pide ao Goberno Central un aumento na dotación de empregadas públicas para facer fronte a unha situación de emerxencia, resulta que o propio Concello incumpre a ratio legal de traballadoras sociais municipais, impedindo desta maneira unha mellora tamén obxectiva nas condicións de vida das persoas demandantes de servizos sociais na nosa cidade.

Cito textualmente a súa exposición de motivos, máis en vez de pensar no goberno do Partido Popular, pensemos no goberno municipal e as súas obrigas, a situación de necesidade de todas estas familias está causada pola situación de desemprego, de aí que os poderes públicos de acordo co inequívoco mandato do artigo 41 da Constitución, deban garantir a asistencia de prestación sociais de abondo ante estas situacións e desemprego.

A Marea de Vigo ten límites estritos na nosa opinión excesivos en canto á presentación de mocións, sen embargo agardamos a oportunidade de presentar unha moción ao Pleno na que solicitaremos a esta Corporación o aumento da dotación de empregadas públicas dos Servizos Sociais do Concello, para que se axuste á Lei en primeiro termo, e a nosa exposición de motivos non será moi diferente a que fan vostedes fan aquí hoxe.

Agardamos que cando iso suceda manteñan vostedes a coherencia e cumplan coa súa obriga e polo tanto voten a favor.

Por iso, nun exercicio de responsabilidade o que deberían facer vostedes como goberno en maioría, e poñerse xa a traballar na asistencia a esas persoas, e cumprir no seu ámbito o que solicitan a outras administracións.

Aínda con todas estas contradicións, reiteramos que consideramos a moción como

positiva e por suposto terán o noso voto favorable.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Entendo que están en campaña xa electoral, Sr. Rodríguez Díaz e que o que pretenden é confundir e dicirlle á xente que os do Partido Popular son moi malos, pero todo o que está a pedir nesta moción estase cumprindo por parte do Partido Popular, todas e cada unha destas medidas están xa consensuadas cos axentes sociais, e vostede que foi destacado sindicalista da cidade debería sabelo.

Nós entenderíamos que a moción pedira que os gobernos do Estado e da Xunta de Galicia continúen poñendo en marcha políticas que fomenten o crecemento económico, a creación de emprego e a protección das persoas desempregadas, en especial daqueles colectivos con máis dificultades de acceso ao mercado laboral, que continúen poñendo en marcha, porque xa se está facendo o que vostede pide, e como falan do Goberno de España voulle poñer algúns exemplos de como está contribuíndo o Goberno de España a que estas persoas desempregadas manteñan un mínimo de prestacións sociais.

Un, o Plan Prepara, supoño que o coñecen, é a prorroga dos parados que remataron de cobrar a prestación, xa sei que a vostede iso non lle vai porque vostede ten máis dun traballo, ten dous, a maioría teñen máis de un traballo. Pero iso é para os que non teñen traballo, acabóuselles a prestación e para que segan cobrando unha renda. 525.000 persoas beneficiadas dende que comezou a lexislatura, dentro do Plan Prepara.

Dous, programa para a activación do emprego, 1.200 millóns de euros para facilitar a reinserción laboral de desempregados de longa duración con cargas familiares, e ademais, Sr. Rodríguez Díaz e Sr. López Font, a vostede tamén lle interesa isto, este programa é compatible con cinco meses traballando por conta allea.

Tres, Plan anual de Políticas de Emprego, aprobado xusto este venres pasado polo Consello de Ministros, isto é o que se está a facer por parte do Goberno de España, 1.543 millóns de euros, eu entendo que non lles guste, que lles moleste ver como está comprometido o Goberno de España e da Xunta de Galicia e o da Deputación ata hai pouco co Emprego, veremos como o xestionan a partires de agora.

Plan anual de políticas de emprego, 1.543 millóns para a modernización e mellora das políticas activas de emprego, vostedes falan de subsidios porque o Partido

Socialista non ten credibilidade para falar de emprego, vostedes non teñen ningunha credibilidade, porque vostedes son os campións da destrución de emprego, o Partido Socialista é sinónimo de paro, cando gobernan producen paro, 3.500.000 millóns e medio de empregos destruídos polo goberno do Sr. Zapatero, no cal o Sr. Pedro Sánchez era deputado e apoiaba e levantaba a man.

A semana pasada coñecéronse os datos da EPA do segundo trimestre do ano, son os mellores datos da serie histórica, nunca na historia económica de España se creara tanto emprego nun trimestre, entre abril e xuño 411. 800 postos de traballo. España pasou de provocar a metade do paro de Europa a crear a metade de emprego de Europa, por iso dende o Partido Popular de Vigo cremos que o Goberno de España debe seguir así. A mellor decisión que puido tomar o Goberno de España foi a reforma laboral.

Sr. Rodríguez Díaz, canta hipocrisía hai nas súas palabras, vostede que ten o dubidoso honor de dirixir unhas das concellerías que peor funciona no Concello, para que quere os cartos para Emprego se é incapaz de executar os programas de emprego? Acabámolo de ver na execución do Orzamento, é totalmente incapaz.

Por suposto que estamos a favor de que todas estas medidas e imos votar a favor de que segan empregándose por parte do Goberno de España, pero aplíquese vostede dende aquí e tamén dende a Deputación. Desexámoslle máis sorte en Turismo que o que tivo en Emprego aquí.

O pasado sábado pola tarde encontreime en Samil, vin a algún compañeiro seu, cun compañeiro de colexio que se chama Óscar, díxome que xa levaba seis meses traballando, despois de levar dezoito anos traballando a súa empresa pechou a finais de 2011, estivo case tres anos no paro e agora leva seis meses traballando, díxome que nas municipais non votou porque non lle convencía ningún, pero que nas xerais vai votar ao Partido Popular porque é o único que pon ao país a funcionar, iso é o que me vale.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu creo que o Sr. Fidalgo falaba algo de que teño dous empregos, eu traballo nunha empresa privada, teño aí a miña excedencia e como entrei a traballar aí, sábese. Fun durante un tempo, que non deixei de selo, un activista sindical, e agora son un activista político, podía ser un activista social, non, eu son un activista político, e fun un activista sindical e o sigo sendo, traballo

nunha empresa privada en excedencia e hoxe adícome a isto, dígoos para que o saiban.

O mellor o que ten que explicar é vostede como entrou a traballar no IGAPE ao mellor é o que ten que explicar, e ao mellor é como ten que explicar como quita vostede o tempo do IGAPE para adicarse a isto, como o xustifica? Como lle pagan a vostede?

Eu son deputado, igual que a súa voceira na Deputación de Pontevedra porque para selo temos que ser concelleiros, non pode ser doutra maneira.

Imos ao que vostede propoñía, o presuposto de emprego se vostede vai ao expediente en Xunta de Goberno que se vai realizar ás 13:00 horas, verá que van 100.000 euros para entidades deportivas, para a contratación que a maioría son mozos e mozas, vostede vaia seguindo os expedientes e a execución do Orzamento, niquelado e xeración de emprego plena deste Concello, igual que as políticas sociais.

Vostedes, os do Partido Popular, o que fixeron ademais de incrementar o número de desempregados, en Galicia teñen 50.000 máis, teñen un millón máis de pobres iso é o que fan vostedes, entón hai catro ou cinco meses cobraban a prestación e tornó ao 55, 56% dos desempregados, hoxe non chegan ao 49%, esa é a súa política de emprego, a política de precario, cada vez máis pobres a pesares de ter traballo.

Polo tanto, estes datos da EPA que vostedes din non conta nese programa do exterior, a emigración, que vostedes lle chaman mobilidade exterior, entre os emigrantes que marcharon e os mozos e mozas que se teñen que ir polas súas políticas de emprego así empezan a cadrar as contas, Sr. Fidalgo, eses son vostedes os do Partido Popular.

Sr. Jácome, nós orientadores en emprego temos 8, que é o que se trata para axudar, cando se lle pide 200 á Xunta de Galicia é porque nós colaboramos tamén con iso. En canto aos traballadores/as sociais os que mellor o facemos de toda España, porque aquí temos políticas social, onde non teñen política social non fai falla traballadores/as sociais.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, con respecto a súa pretensión de eliminar o punto 5.1 da orde do día, debo dicirlle que o ditame do Secretario di que os ditames só se emiten en expedientes de tramitación ordinaria, as mocións non se ditaminan nas

Comisións Informativas, a Comisión Informativa queda informada.

Non é necesario polo tanto que a inclusión da moción na orde do día requira o pronunciamento do Pleno antes de iniciar o debate, está previsto no Regulamento do Pleno e o contempla para os expedientes de tramitación ordinaria.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A min gustaríame que constara en acta expresamente que se vai tramitar unha moción que non foi ditaminada pola Comisión Informativa e que nós entendemos que está incumprindo o artigo 43 do Regulamento de Funcionamento do Concello de Vigo e queremos que conste expresamente en acta que falta, porque cremos que se senta un precedente, que entendo que tamén está a disposición do resto dos grupos municipais.

PRESIDENCIA: Que conste en acta que a Presidencia cre que a Sra. Muñoz debe estudar o Regulamento do Pleno antes de dicir estas cuestións.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.07.2015 (Rex. Nº 1134/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(114).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AMOSANDO O ENÉRXICO REXEITAMENTO AOS RECORTES QUE SE ESTÁN PRODUCINDO NA LEI DE DEPENDENCIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1152/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo

de 2015, número 1152/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Durante o goberno de José Luis Rodríguez Zapatero aprobouse a Lei 39/2006, do 14 de decembro, denominada de "Promoción de la Autonomía Persoal y Atención a las personas en situación de dependencia", e coñecida como a Lei de Dependencia. Esta lei foi aprobada cun alto grao de acordo das forzas políticas parlamentarias, ademais de contar coa participación das comunidades autónomas, as entidades locais, os axentes sociais e o movemento asociativo. España avanzaba con esta Lei cara á consolidación do estado social e democrático de dereito que proclama a nosa Constitución, xa que nos encontramos ante unha norma legal cunha enorme transcendencia, posto que se vai ocupar de regular a protección da dependencia, á que se cualifica como o "cuarto pilar do Estado do Benestar". E debe recoñecérselle a conveniente importancia, porque a dependencia foi unha materia á que só indirectamente se prestara atención mediante diferentes prestacións enmarcadas fundamentalmente no ámbito de protección do sistema de Seguridade Social (pensións por grande invalidez ou invalidez non contributiva).

A Lei recoñece o dereito subxectivo das persoas que non poidan valerse por si mesmas a ser atendidas polos poderes públicos, un dereito universal para toda a poboación con garantía pública. Para poñelo en marcha establecíase a cooperación de todas as administracións implicadas e creábase o Sistema para a Autonomía á Dependencia, que contaba cun calendario de implantación que se analizaría de forma gradual ata 2015.

Ata novembro de 2011 o Sistema foise implantando segundo o previsto. Naquel momento, un 80,7% de persoas beneficiarias enquisadas consideraban positiva ou moi positiva a atención que recibían. En decembro de 2011, poucos días despois da constitución do actual Goberno presidido por Mariano Rajoy, decidiuse paralizar o calendario de aplicación da lei, impedindo ás persoas con dependencia moderada acceder a unha prestación ou servizo.

Nos primeiros Presupostos Xerais do Estado que elaborou o Goberno do Partido Popular, e correspondentes ao ano 2012, eliminouse a partida para o nivel acordado que ascendía a 283 millóns de euros. Nos anos 2013 e 2014 o goberno de Mariano Rajoy volveu a suprimir o nivel de financiamento previsto na Lei de Dependencia.

O Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade introduciu numerosas modificacións na regulación do Sistema que causaron enorme prexuízo ás persoas en situación de dependencia. Entre elas destacan:

- A supresión dos dous niveis en que se dividía cada grao.
- A redución nun 13% da achega da Administración Xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo.

- A redución nun 15% da prestación económica por coidados no ámbito familiar.
- A revisión da regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesional, cuxas cotizacións pasan a ser exclusivamente ao seu cargo.
- A aplicación dun prazo suspensivo de ata dous anos para as novas prestacións económicas por coidados no ámbito familiar.
- Unha nova revisión do calendario para atrasar aínda máis a entrada de dependentes moderados.
- A introdución dun réxime de incompatibilidades das prestacións.
- A exclusión do silencio positivo ao recoñecemento das prestacións económicas para coidadores no ámbito familiar

A iso hai que engadir que a Resolución do 13 de xullo de 2012, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, aproba os criterios e contidos sobre capacidade económica e participación do beneficiario no custo das prestacións para a autonomía e atención á dependencia. Os novos criterios, aínda non publicados mediante Real Decreto, supoñen un importante incremento do co-pagamento. Pero ademais, permítese ás comunidades autónomas establecer unha maior participación do beneficiario no custo dos servizos e das prestacións económicas.

En definitiva, o Goberno do Estado reduciu o contido esencial do dereito e realizou importantes recortes orzamentarios, co dramático resultado de que os beneficiarios están a recibir servizos e prestacións claramente insuficientes; ao tempo que se encontran sen atender centos de miles de persoas en situación de dependencia.

Polo que respecta ao financiamento estatal do Sistema hai que destacar o enorme retroceso que sufriu: de soportar o 40% do custo do sistema no ano 2009, a Administración Xeral do Estado pasou a facerse cargo do 19% en 2013. Neste período, a achega das comunidades autónomas tamén sufriu modificacións, e o co-pagamento das persoas usuarias duplicouse.

En definitiva, coa chegada do Partido Popular ao goberno do estado, na práctica, estase a baleirar de contido o dereito á promoción da autonomía persoal e atención á dependencia. Ademais, de estarse a vulnerar o principio de igualdade, xa que non existe un contido mínimo común de dereito, e os principios inspirados do Sistema: carácter público das prestacións, universalidade, equidade e accesibilidade, están claramente cuestionados.

A decisión dos gobernos do Estado levóunos a unha situación na que resulta evidente a necesidade de reformular o Sistema. Existe un alto grao de consenso entre responsables políticos de todos os ámbitos, profesionais e beneficiarios respecto a que, neste momento, é necesario intervir para garantir de forma efectiva o dereito das persoas en situación de dependencia; e para iso debe crearse un grupo de traballo específico dos representantes dos grupos parlamentarios, que realice unha avaliación sobre a lei, as modificacións levadas a cabo, a súa aplicación, os seus resultados, así como para analizar que medidas son necesarias para manter e garantir a sostibilidade do Sistema.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Amosar o máis enérxico rexeitamento do Concello de Vigo aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006 do 14 de decembro e coñecida popularmente como Lei de Dependencia; xa que están a producir un sufrimento inmerecido a milleiros de vigueses e viguesas, galegos e galegas.
2. Instar ao Goberno do Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo de alcanzar un amplo acordo para garantir a sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de Autonomía e atención á Dependencia. Para iso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

DEBATE.-

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Entendo perfectamente o que está manifestando a voceira do Partido Popular porque imos poñer en evidencia e quitar á luz as súas vergonzas. Vaia a falar do Regulamento ás persoas dependentes que están a esperar por unha axuda, saia fora e váillelo contar, vailles falar do Regulamento a esas persoas.

Durante o Goberno do Presidente o Sr. Zapatero, aprobouse a Lei 39/2006 de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coñecida como a Lei de dependencia, o carto piar do Estado de Benestar. Esa Lei reconece o dereito subxectivo das persoas que non poidan valerse por se mesmas a ser atendidas polos poderes públicos, un dereito universal para toda a poboación con garantía pública. Para poñerse e marcha establecía a cooperación de tódalas as administración implicadas e creábase un sistema para a autonomía á dependencia que contaba cun calendario de implantación que se analizaría de forma gradual ata o 2015. ata novembro de 2011 o sistema foise implantando segundo o previsto, naquel momento un 80,7% de persoas beneficiarias enquisadas consideraban positivo ou moi positivo a atención que recibían, en decembro de 2011, poucos días despois da constitución do actual goberno presidido polo Sr. Rajoy, decidiuse paralizar o calendario de aplicación da

Lei impedindo ás persoas con dependencia moderada acceder a unha prestación ou servizo.

Nós primeiros Orzamentos Xerais do Estado que elaborou o Goberno do Partido Popular correspondentes ao ano 2012, eliminouse a partida para o nivel acordado que ascendía a 283 millóns de euros, repito 283 millóns de euros dun plumazo. Nos anos 2013-2014 o Goberno do Sr. Rajoy volveu a suprimir o nivel de financiamento previsto na Lei de dependencia, o Real Decreto 20/2012, de 13 xuño, de Medidas para Garantir a Estabilidade Orzamentaria, e de Fomento para a Competitividade, introduciu numerosas modificacións na regulación do sistema que causaron unha enorme prexuízo ás persoas en situación de Dependencia, tome nota Sra. Muñoz, a supresión dos niveis en que se dividía cada grao, a redución dun 13% da achega da Administración Xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo, a redución dun 15% da prestación económica por coidados no ámbito familiar, a revisión da regulación do convenio especial do sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais cuxas cotizacións pasan a ser exclusivas no seu cargo, aí o Sr. Fidalgo tome nota na política de emprego que había máis de 120.000 mulleres, fundamentalmente mulleres, atendendo no entorno familiar aos seus familiares, polo cal estaban a cobrar un salario digno e o Estado asumía a Seguridade Social, vostedes o que fixeron foi mandalas para casa segan coidando aos seus enfermos pero a Seguridade Social páguena vostedes, e enriba imos reducirlle un 15%, co cal esas tamén forman parte das políticas de emprego das que vostede fala. O que pasa é que é difícil que se organicen porque están coidando aos seus enfermos e non poden saír á rúa a protestarlle a vostedes.

A aplicación nun prazo suspensivo de ata dous anos para novas prestacións económicas para coidado no hábito familiar, a introdución dun réxime de incompatibilidade das prestacións, rebaixámoslla e enriba no poden compatibilizar dúas, e a exclusión do silencio positivo ao recoñecemento das prestacións económicas para coidadores no ámbito familiar. A iso vense a engadir a resolución do 13 de xuño de 2012 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, polo que se publica o Acordo do Consello Territorial do sistema para a autonomía e atención da dependencia, aproba os criterios e contías para a capacidade económica e participación do beneficiario, os novos criterios que aínda no foron publicados, supoñen un importante incremento do copagamento, e poño como

exemplo a Teleasistencia que está a prestar o Concello de Vigo despois de que a Deputación de Pontevedra os abandonara, dunha forma totalmente gratuíta, e no momento no que pasan a ser recoñecidos pola Lei de dependencia, teñen que pasar a pagar 5 euros ao mes, que para unha pensión non contributiva 5 euros ao mes sonlle moitos cartos, para vostedes ou para outras persoas ao mellor non son tantos.

Paso á exposición de motivos, porque vexo que se me está a acabar o tempo.

Acordamos amosar o máis enérxico rexeitamento do Concello de Vigo aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006, de 14 de decembro, e coñecida popularmente como Lei de dependencia, xa que están a producir un sufrimento inmerecido e milleiros de vigueses/as, galegos/as.

Dous, instar ao Goberno do Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo cos representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxecto de alcanzar un acordo amplío para garantir a sostibilidade de desenvolvemento e financiamento por parte das administracións públicas do sistema de autonomía e atención á Dependencia.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Aínda que imos votar a favor da moción do grupo municipal Socialista, dende Marea de Vigo queremos lembrarlle ao grupo do Goberno municipal do Concello de Vigo, como o primeiro obstáculo para o desenvolvemento da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal, atención ás persoas en situación de dependencia, pode darse no propio nivel municipal, como é o caso da demora existente no Concello de Vigo na xestión de servizos de atención ás persoas en situación de dependencia e polo tanto, a constatada insuficiencia de recursos materiais e persoais que arrastra o departamento de Benestar tamén produce un sufrimento inmerecido a milleiros de vigueses/as con respecto a esta Lei.

Lembremos ademais como o Colexio Oficial de Traballo social de Galicia, instou este ano ao propio Concello a cumprir os ratios profesionais de atención social, para poder desenvolver axeitadamente os servizos sociais establecidos na Lei 10/13 do 27 de novembro, da Inclusión social de Galicia, en función da poboación da cidade e que segue incumpríndose.

Polo tanto, esta concello é responsable a súa vez das listas de espera de solicitudes

de prestacións de primeira necesidade, entre elas o acceso aos servizos do sistema para a autonomía persoal e atención á Dependencia como o Servizo de Axuda no Fogar.

Segundo afirma o informe de índice de desenvolvemento dos servizos sociais do ano 2014, emitido pola asociación estatal de directores e xerentes en servizos sociais, o recorte no gasto en servizos sociais é o dobre de acusado nas entidades locais que nos gobernos autónomos. Tamén resalta como este maior recorte do gasto nas entidades locais, pon de manifesto que o peor deterioro dos servizos sociais estase a producir, sobre todo, nos servizos básicos e de proximidade que son os xestionados polos concellos e que constitúen o elemento de coherencia e integración do sistema e o que era ata hai pouco unha das súas principais fortalezas.

A nosa preocupación polo futuro dos servizos sociais no ámbito local, tamén crece pola ameaza da Lei de racionalización e sostibilidade da administración local do Partido Popular, cuxos efectos estanse empezando a notar dende 2014 e que poderán ser aínda máis acusados nos próximos anos. A verdadeira demolición do sistema de servizo sociais estase a producir sen dúbida no seu nivel máis estratéxico, nos servizos sociais comunitarios, que son os que favorecen o mantemento dos vínculos familiares e comunitarios e a autonomía e calidade de vida no medio vital das persoas beneficiarias do sistema.

Dende a Marea de Vigo, tamén consideramos como un dos grandes obstáculos actuais ao desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, da Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a falta de transparencia e da articulación dun sistema de información de servizos sociais que ofrece a información de alcance público fiable e actualizada en materia de servizos sociais e dependencia por parte das administracións públicas, tanto por parte do Concello de Vigo como da Consellería de traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia, e do Ministerio de Sanidade Servizos Sociais e Igualdade.

A anterior Alcaldesa da cidade de Vigo, polo Partido Popular, e actual presidenta do Consello Económico Social de Galicia a Sra. Porro, queixábase precisamente este mes, na presentación da memoria 2014 do Consello Económico Social sobre a situación de Galicia, de que a Xunta de Galicia non lle facilitaba os datos para poder analizar a situación de pobreza e exclusión social, ao tempo que alertaba de

grandes desequilibrios sociais e reclamaba medidas políticas que contribúan a corrixir esta desigualdade.

Acompañaba o coordinador deste anuario, do Organismo Consultivo da Xunta de Galicia o profesor da Universidade de Vigo o Sr. Xosé Enríquez Vázquez Vicente, que avisou dun déficit de cobertura de asistencia social e na calidade de vida da poboación galega que precisaba ser atallada.

Aínda así e valorando todo o exposto a Marea de Vigo pensa que é de xustiza votar a favor esta moción.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Nós, o Partido Popular como realmente o que máis nos interesa nestes intres é Vigo e Galicia, imos falar de Vigo e de Galicia, españolistas de vez en cando temos que facelo, tamén o facemos como o Partido Socialista e a Sra. Abelairas.

Despois de ler con calma e con interese o documento presentado por vostedes, este grupo político coincide en que ningún galego e polo tanto ningún vigués merece sufrir por culpa da mala xestión dos seus gobernantes, e isto é o que está a suceder nestes intres en Vigo, atrasándose deliberadamente as solicitudes á Xunta de Galicia, os pagos tanto a entidades como a particulares, menoscabando a dignidade das persoas, obrigándoas a facer longas colas no Concello para non facilitarlles nada, solo para a foto. Unha persoa tan preocupada pola situación dos máis desfavorecidos desta cidade, debería indagar como se están a levar estes mesmos temas dende a administración superior á que vostede represente, decatárase que ao remate do bipartito na Xunta de Galicia estaban atendidas 14.000 persoas e nestes intres están atendidas 80.741, cinco veces máis. Tamén se decataría de que se aumentaron as prazas en residencia ata 6.804, e acurtouse a lista de espera, o máis solicitado como vostedes saben son os servizos de proximidade que facilitan que as persoas continúen nos seus fogares e que ademais de todo iso é unha axuda importante para a familia cuidadora.

Deixémonos de datos fríos e unha parvada falar de datos fríos, son as persoas, son os nosos veciños os que sofren esta situación nas súas casas onde tamén hai nenos, debería ser delito nesta cidade, Sra. Abelairas, aproveitarse da debilidade dos máis desfavorecidos, aproveitarse e mostrar a frivolidade que mostran vostedes coa que están a tratar o tema, este Concello de Vigo e evitando solicitar

as axudas dispoñibles para despois xogar ao bo e ao malo.

Non incorporando persoal para atender a tantas persoas, non ter claro o que se quere facer para paliar tanta necesidade que vostedes mesmos aceptan que existe. Sabe vostede que o goberno municipal ten graves atrasos na tramitación do Servizo de Axuda no Fogar, no fogar para dependentes, por este motivo o Partido Popular presentou unha moción urxente, en vez de resolverse o que se fai é cubrir cortinas de fume como case todos.

En canto á segunda proposta que vostede fai, dicirlle que aínda que debería sabelo, xa existe no Consello Social que se encarga de articular os servizos sociais, presidido polo Ministerio de Sanidade e composto polos conselleiros competentes na materia de tódalas autonomías, pero eu atrévome a propoñerlle a todos vostedes, Sra. Abelairas, en nome do grupo Popular, que cren un grupo de traballo, onde estean organizacións e entidades representativas, traballadores da Área de Benestar Social e políticos que lles preocupe o tema. Seguro que a parte dunha cidade fermosa teremos unha cidade sen fame.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vaime permitir Sr. Presidente, aínda que sexan uns segundos de máis porque necesito matizar moitas cousas.

Primeiro a Sra. López que representa ás Mareas, eu pregúntome se vostedes e os do Partido Popular se sentaron antes para poñerse de acordo e traer por escrito a resposta que van dar antes de que esta concelleira ou o Grupo Socialista faga unha exposición de motivos, se é así paréceme estupendamente, pero paréceme pouco responsable, pregúntome tamén que fan vostedes naqueles lugares onde gobernan porque veñen falando moito da esquerda pero en Rivas-Vaciamadrid no fan nada.

Sra. González non sei por onde empezar, porque de verdade que me preocupa moito que vostede sexa tan irresponsable, é nos fala a nós de irresponsabilidade, como é posible que dende o Partido Popular nos digan que nós no Concello de Vigo non estamos atendendo ás persoas? Cando estamos asumindo as competencias que ten asumir a Xunta de Galicia, estamos pensando precisamente nas persoas. Unha vez díxenlle eu a unha persoa que veu aquí a manifestarse mandada por non sei quen, díxenlle que fácil é facer caridade cos cartos dos demais, que fácil é facer demagogia cando vostedes no Partido Popular non lles importa nada absolutamente nada as persoas, que as mandan para a casa sen ningún tipo de

prestación, que mandaron a preto de 130.000 mulleres para a casa, cando temos que estar asumindo o Servizo de Axuda no Fogar, porque non chegan vostedes a asumir a súa competencia. Por certo, Sr. Presidente, que lástima e que pena cando pasen as competencias para a Comunidade Autónoma, para a Xunta de Galicia, quen vai atender a esas persoas? Pero estou segura, que dende aquí, que por algo somos 17, imos buscar os recursos necesarios para poder atendelos.

Pero como me fala vostede cando o Concello de Vigo pon unhas axudas extraordinarias de emerxencia, 1.007 familias atendidas, 1.007 alugueiros pagados, onde 194 son hipotecas, de que me están a falar? Cando estamos con 500.000 euros máis para paliar outras axudas que xurden de emerxencia para os alugueiros, para comidas, cunha tarxeta de dignidade, pero como se atreven vostedes a falar das persoas? Estamos asumindo as competencias de adicións que son de vostedes, CEDRO de quen ven sendo? Non é un problema sanitario? Quen está atendendo aos educadores de rúa? O Concello de Vigo, a través dos plans que ten implantado o Concello de Vigo, onde están vostedes, que ás persoas demostrase que un se preocupe por elas cando diseña políticas para atendelos e pon cartos enriba da mesa, digan o que queiran pero póñense cartos enriba da mesa. A Teleasistencia, a tarxeta da dignidade en plena crise o único concello de España capaz de crear un centro integral de inclusión e exclusión social, un albergue, os comedores sociais, as bolsas de comedor, de que falan? Saben vostedes o que é o Programa de Infancia e Familia? Esa demagogia que teñen vostedes falando, saben as familias que están atendidas nas súas casas cada 15 días dunha forma totalmente discreta, se lles leva unha bolsa con comida? Pero de que están a falar vostedes? Non teñen vergoña política, son uns desvergonzados.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa

Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2015 (Rex. Nº 1152/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URGENTES.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(115).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de abril e 23 de xullo de 2015.

1.2(116).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de abril e 23 de xullo de

2015.

1.3(117).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 2.07.15, REFERENTE AO NOMEAMENTO DOS MEMBROS DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. REXISTRO PLENO 1128/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015, que di o que segue:

“Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio, o concello Pleno, na súa sesión de data 29.06.2015, acordou outorgar aos Voceiros dos distintos grupos municipais un prazo de dous días ao obxecto de que, mediante escrito dirixido ao alcalde, designaran os concelleiros do seu grupo no Consello da Xerencia de Urbanismo así mesmo acordouse que o Consello o integrarán nove concelleiros/as dos que seis, incluído ao Alcalde, representarán ó Grupo Municipal do Socialista; dous ó Grupo Municipal do Partido Popular (P.P.) e un ó Grupo Municipal Marea de Vigo (M. de V.).

Recibidos no Rexistro do Pleno os escritos dos Voceiros procede, de conformidade cos mesmos, acordar o nomeamento dos membros do Consello polo que a estes efectos resolvo:

PRIMEIRO: O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo actuará como Comisión do Pleno en materia de Urbanismo e se integra polos seguintes membros ademais do Alcalde como membro nato:

D^a M^a José Caride Estévez, en representación do G.M. Socialista.
D. David Regades Fernández, en representación do G.M. Socialista.
D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, en representación do G.M. Socialista.
D^a María Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a María Isaura Abelairas Rodríguez
D. Ángel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Fernández Pérez

D^a Elena Muñoz Fonteriz, en representación do G.M. do P.P.
D. José Manuel Figueroa Vila, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D. Rubén Pérez Correa, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes:

D. Xosé Luís Jácome Enriquez
D^a Margarida López Barreiro

SEGUNDO: O Consello da Xerencia realizará sesión constitutiva o próximo luns día 6 de xullo a partires das 8.30 horas na sá da Xunta de Goberno Local.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en sesión de data 20.07.2015, quedou informada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.4(118).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 6.07.15, REFERENTE AO NOMEAMENTO DA VICEPRESIDENCIA DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 358/406 (REXISTRO PLENO. 1120/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 6 de xullo de 2015, que di o que segue:

"Constituído o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no día de hoxe e sinalando o artigo 6.1 dos Estatutos que, "O Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo é nomeado polo Presidente entres os membros do Consello da Xerencia", resolvo:

PRIMEIRO.- Nomear Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo e membro da Xerencia Municipal de Urbanismo en representación do Grupo Municipal

Socialista á concelleira dependente da Área de Urbanismo D^a M^a José Caride Estévez.

SEGUNDO.- Dar conta individualiza da presente Resolución ao Pleno do Concello de Vigo na primeira sesión que realice.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á interesada, aos distintos servizos da Xerencia Municipal de Urbanismo e proceder a súa publicación no BOP e na intranet municipal sen prexuízo da súa entrada en vigor nesta mesma data."

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en sesión de data 20.07.2015, quedou informada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.5(119).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, DE DATA 6.07.15, REFERENTE Á DELEGACIÓN DO EXERCICIO DE FACULTADES NA VICEPRESIDENTA DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 357/406 (REXISTRO PLENO 1119/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución do Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 6 de xullo de 2015, que di o que segue:

“Constituído o Consello da XMU, esta Alcaldía, mediante Resolución do día de hoxe ten nomeado á concelleira delegada da Área de Urbanismo e membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, D^a María José Caride Estevez, vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Correspóndelle á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, ademais das súas atribucións propias de substitución á Presidencia na totalidade das súas funcións no caso de ausencia, impedimento ou enfermidade, as que expresamente lle delegue a Presidencia das relacionadas no Art. 5 dos seus Estatutos.

Examinada a normativa de aplicación en especial, os Arts. 124. 4 e 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril; 43 e seguintes. RD.2568/1986, de 28 de novembro e 5 dos Estatutos da Xerencia

Municipal de Urbanismo (versión consolidada; BOP nº 193, do 06.10.2010),

RESOLVO

PRIMEIRO: Delegar na Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, o exercicio das seguintes facultades:

- a) Ostentar a representación da Xerencia.
- b) Conferir poderes para pleitos e exercitar accións administrativas e xurisdicionais en caso de urxencia, dando conta ó Consello na primeira reunión que teña lugar, para a súa ratificación.
- c) Exercer as funcións atribuídas ó Alcalde pola lexislación xeral en materia de expropiacións.
- d) Outorgar cantos documentos públicos sexan necesarios nas actuacións da Xerencia, coa asistencia do secretario da Xerencia no seu caso.
- e) A aprobación das bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo, número e réxime do persoal eventual, separación do servizo, réxime disciplinario e demais decisións en materia de persoal propio da Xerencia municipal de urbanismo.
- f) Declarar a situación de ruína inminente e, no seu caso, adoptar as medidas de seguridade necesarias.
- g) Adoptar as ordes de suspensión de obras, actividades e outras actuacións urbanísticas que se efectúen sen licencia ou sen axustarse ás condicións da concedida.
- h) Ditar ordes de execución de obras.
- i) Autorizar e dispoñer gastos correspondentes a contratos menores e demais gastos ata o límite permitido polas bases de execución do orzamento da Xerencia, así como recoñecer a obriga e ordenar todos os pagamentos, en ausencia do Xerente.
- j) O nomeamento de persoal propio da Xerencia así como a resolución dos procedementos de provisión de postos de traballo.
- k) A cancelación de fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
- l) Sinalamento de aliñacións e rasantes.
- m) Aprobar as liquidacións de taxas por prestación de servizos, prezos públicos e demais ingresos de natureza pública.
- n) Aprobar as anulacións de liquidacións e as devolucións de ingresos indebidos.
- o) A declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico e consecuente inscrición no Rexistro de soares e edificacións a rehabilitar.
- p) Exercer as funcións legalmente atribuídas ó Alcalde - Presidente da Xerencia para a incoación, instrucción e resolución de procedementos administrativos na Xerencia Municipal de Urbanismo, así como para a adopción das medidas cautelares que procedan nos mesmos.
- q) Resolver os recursos administrativos que se interpoñan contra as Resolucións dictadas no exercicio destas delegacións, así como exercer sobre elas as facultades de revisión de oficio que lle competan ó Alcalde - Presidente.
- r) Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire esta delegación.
- s) Ordear a publicación, execución e cumprimento dos acordos e resolucións de contido urbanístico.

SEGUNDO: As Resolucións que se diten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideranse ditadas polo órgano delegante.

TERCEIRO: O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 o 118 do R.D. 2568/1986, agás no relativo os recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se podan interpoñer contra as Resolucións adoptadas que serán resoltos pola Vicepresidencia.

CUARTO: Esta Presidencia recibirá información detallada das atribucións delegadas e das Resolucións que se diten en virtude da mesma; así mesmo será previamente informada á adopción de decisións de transcendencia.

QUINTO: Esta Resolución entrará en vigor no día da súa sinatura sen prexuízo da preceptiva publicación do seu contido no BOP e de que se dea conta individualizada da mesma ó Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no Art. 44.4 do R.D. 2568/1986. Publicarase tamén na sede electrónica do Concello de Vigo.

SEXTO: Deixar sen efecto calquera Resolución anterior que teña sido ditada por esta Presidencia sobre delegacións de facultades na Vicepresidencia da XMU.

SÉTIMO: Dease traslado desta Resolución ós diferentes departamentos e servizos da Xerencia para o seu coñecemento e aplicación e insírase, para estes mesmos efectos, na intranet municipal.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en sesión de data 20.07.2015, quedou informada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.6(120).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 3.07.15, REFERENTE AO RÉXIME DE DEDICACIÓN E RETRIBUCIÓN DA CONCELEIRA D^a ELENA MUÑOZ FONTERIZ. REXISTRO PLENO 1147/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 3 de xullo de 2015, que di o que segue:

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 29.06.2015, ó amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos.

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, polo grupo municipal do Partido Popular mediante escritos de data 3.07.2015 as adicacións que lle corresponden, resolvo:

Primeiro: Exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva a seguinte membro do Grupo Municipal do Partido Popular:

Concelleira e Voceira do G. M. do Partido Popular, D^a Elena Muñoz Fonteriz: 56.141,00.- €

Segundo: A retribución especificada, así como os trienios que no seu caso correspondan por a prestación de servizos en Administracións Públicas, aboarase en catorce pagas, o seu importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro: A retribución terá efectos retroactivos á data de 01.07.2015.

Cuarto: A retribución por dedicación exclusiva implica a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Quinto: A concelleira citada non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos Organismos Autónomos Municipais.

Sexto: Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social á concelleira mencionada asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Sétimo: Notificar a presente Resolución á concelleira interesada advertíndolle que deberá, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escrito do que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Oitavo: Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

Noveno: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.7(121).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 6.07.15, REFERENTE AO RÉXIME DE DEDICACIÓNS E RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. REXISTRO PLENO 1146/1101.

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 6 de xullo de 2015, que di o que segue:

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 29.06.2015, ó amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos.

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, polo grupo municipal Socialista, polo grupo municipal do Partido Popular e polo grupo municipal Marea de Vigo as adicacións que lle corresponden, resolvo:

Primeiro: Sen prexuízo da miña Resolución da data 3.07.2015, exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes membros da Corporación:

Alcalde	D. Abel Caballero Álvarez	65.220,00 €
Concelleira do g.m. SOC	D ^a M ^a José Caride Estévez	56.141,00 €
Concelleiro do g.m.SOC	D. David Regades Fernández	56.141,00 €
Concelleiro do g.m.SOC	D. Carlos López Font	56.141,00 €
Concelleira do g.m.SOC	D ^a M ^a Jesús Lago Rey	56.141,00 €
Concelleiro do g.m.SOC	D. Angel Rivas González	56.141,00 €
Concelleiro do g.m.SOC	D. José Manuel Fernández Pérez	56.141,00 €
Concelleiro do g.m.SOC	D. Francisco Javier Pardo Espiñeira	56.141,00 €

Segundo: Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de vinte e seis horas os seguintes membros da Corporación.

Concelleiro do g.m. SOC.	D. Santos Hector Rodríguez Díaz	38.761,00 €
Concelleira do g.m. SOC	D ^a Ana Laura Iglesias González	38.761,00 €
Concelleiro do g.m PP	D. Diego Gago Bubarín	38.761,00 €

Conc. do g.m.Marea de Vigo D. Rubén Pérez Correa

38.761,00 €

Terceiro: As retribucións especificadas para cada cargo así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas no caso dos cargos con dedicación exclusiva, aboaranse en catorce pagas agás as dos Concelleiros/as con dedicación parcial que se aboarán en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Cuarto: As retribucións sinaladas terán efectos retroactivos á data de 13.06.2015, data de constitución da corporación.

Quinto: As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Sexto: Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos Organismos Autónomos Municipais.

Sétimo: Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Oitavo: Notificar a presente Resolución a tódolos interesados/as advertindo que os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva deberán, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Noveno: Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

Décimo: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello e na súa páxina web."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

**1.8(122).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 8.07.2015
REFERENTE AO NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA COMISIÓNS
INFORMATIVAS. EXPTE. 1129/1101**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 10 de xullo de 2015, que di o que segue:

“Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio, o concello Pleno, na súa sesión de data 29.06.2015, acordou o número e denominación das Comisións Informativas do Pleno e outorgou aos Voceiros dos distintos grupos municipais un prazo de dez días ao obxecto de que, mediante escrito dirixido ao alcalde, designaran os concelleiros do seu grupo en tales órganos complementarios; así mesmo acordouse que cada Comisión a integrarán nove concelleiros/as dos que seis representarán ó Grupo Municipal do Socialista; dous ó Grupo Municipal do Partido Popular (P.P.) e un ó Grupo Municipal Marea de Vigo (M. de V.).

Recibidos no Rexistro do Pleno os escritos dos Voceiros procede, de conformidade cos mesmos, acordar o nomeamento dos membros das Comisións polo que a estes efectos resolvo:

PRIMEIRO: A Comisión de Fomento, Limpeza e Contratación é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas ao Concelleiro Delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, estará integrada polos seguintes membros.

D. David Regades Fernández, en representación do G.M. Socialista.
D. Cayetano Rodríguez Escudero, en representación do G.M. Socialista.
D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, en representación do G.M. Socialista.
D. Ángel Rivas González, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes :
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a Ana Laura Iglesias González
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a de los Ángeles Marra Domínguez
D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Elena Muñoz Fonteriz, en representación do G.M. do P.P.

D^a Teresa Egerique Mosquera, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D. Rubén Pérez Correa, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes:

D. Xosé Luís Jácome Enriquez

D^a Margarida López Barreiro

SEGUNDO: Comisión de Orzamentos e Facenda é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, tamén actuará como Comisión Especial de Contas e estará integrada polos seguintes membros.

D. Jaime Aneiros Pereira, en representación do G.M. Socialista.

D. Cayetano Rodríguez Escudero, en representación do G.M. Socialista.

D^a M^a José Caride Estévez, en representación do G.M. Socialista.

D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.

D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, en representación do G.M. Socialista.

D^a M^a Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes:

D. David Regades Fernández

D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias

D^a M^a Jesús Lago Rey

D. Ángel Rivas González

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D. José Manuel Fernández Pérez

D^a Ana Laura Iglesias González

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a M^a de los Ángeles Marra Domínguez

D^a Elena Muñoz Fonteriz, en representación do G.M. do P.P.

D. Miguel Fidalgo Iglesias, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D. Rubén Pérez Correa, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes:

D. Xosé Luís Jácome Enriquez

D^a Margarida López Barreiro

TERCEIRO: A Comisión de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio e á Concellería Delegada de Seguridade e Mobilidade, estará integrada polos seguintes membros.

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, en representación do G.M. Socialista.
D. Cayetano Rodríguez Escudero, en representación do G.M. Socialista.
D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.
D. Ángel Rivas González, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes:

D^a M^a José Caride Estévez
D. David Regades Fernández
D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a Ana Laura Iglesias González
D^a M^a de los Ángeles Marra Domínguez
D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Elena Muñoz Fonteriz, en representación do G.M. do P.P.
D. Miguel Fidalgo Iglesias, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D. Xosé Luís Jácome Enríquez, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes:

D. Rubén Pérez Correa
D^a Margarida López Barreiro

CUARTO: A Comisión de Política Social, Igualdade e Xuventude é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concelleira Delegada de Política Social e á Concellería Delegada de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística, estará integrada polos seguintes membros.

D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, en representación do G.M. Socialista.
D. Cayetano Rodríguez Escudero, en representación do G.M. Socialista.
D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Jesús Lago Rey, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.
D^a Ana Laura Iglesias González, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes:

D^a M^a José Caride Estévez
D. David Regades Fernández
D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. Ángel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a M^a de los Ángeles Marra Domínguez
D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Elena Muñoz Fonteriz, en representación do G.M. do P.P.
D. Diego Gago Bugarín, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D^a Margarida López Barreiro, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes:
D. Xosé Luís Jácome Enriquez
D. Rubén Pérez Correa

QUINTO: A Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concelleira Delegada de Cultura; á Concellería Delegada de Educación e á Concellería Delegada de Patrimonio Histórico, estará integrada polos seguintes membros.

D. Cayetano Rodríguez Escudero, en representación do G.M. Socialista.
D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias, en representación do G.M. Socialista.
D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, en representación do G.M. Socialista.
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes:
D^a M^a José Caride Estévez
D. David Regades Fernández
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Ángel Rivas González
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a Ana Laura Iglesias González
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a de los Ángeles Marra Domínguez
D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Teresa Egerique Mosquera, en representación do G.M. do P.P.
D. Diego Gago Bugarín, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D. Rubén Pérez Correa, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes :
D^a Margarida López Barreiro
D. Xosé Luís Jácome Enriquez

SEXTO: A Comisión de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deporte é competente

nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable; á Concellería Delegada de Festas e Turismo e á Concellería Delegada de Deportes, estará integrada polos seguintes membros.

D^a M^a Jesús Lago Rey, en representación do G.M. Socialista.
D. Cayetano Rodríguez Escudero, en representación do G.M. Socialista.
D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.
D. José Manuel Fernández Pérez, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes:

D^a M^a José Caride Estévez
D. David Regades Fernández
D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. Ángel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Ana Laura Iglesias González
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a de los Ángeles Marra Domínguez
D. Jaime Aneiros Pereira

D. Ángel Piñeiro López, en representación do G.M. do P.P.
D. Diego Gago Bugarín, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D^a Margarida López Barreiro, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes:

D. Xosé Luís Jácome Enriquez
D. Rubén Pérez Correa

SÉTIMO: A Comisión de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Transporte e Proxectos; á Concellería Delegada de Emprego, Economía e Industria e a Concellería Delegada de Parques, Xardíns, Comercio e Participación Cidadá, estará integrada polos seguintes membros.

D^a M^a de los Ángeles Marra Domínguez, en representación do G.M. Socialista.
D. Cayetano Rodríguez Escudero, en representación do G.M. Socialista.
D. David Regades Fernández, en representación do G.M. Socialista.
D. Carlos López Font, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, en representación do G.M. Socialista.
D^a M^a Olga Alonso Suárez, en representación do G.M. Socialista.

Serán membros suplentes:

D^a M^a José Caride Estévez
D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias

D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Ángel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a Ana Laura Iglesias González
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Elena Muñoz Fonteriz, en representación do G.M. do P.P.
D^a Elena González Sánchez, en representación do G.M. do P.P.

Serán membros suplentes calquera outro concelleiro/a do grupo municipal.

D. Xosé Luís Jácome Enríquez, en representación do G.M. M. de Vigo.

Serán membros suplentes:
D. Rubén Pérez Correa
D^a Margarida López Barreiro

OITAVO: As Comisións Informativas citadas pola orde sinalada realizarán sesión constitutiva o próximo martes día 14 de xullo a partires das 9.00 horas na sala contigua ao Salón de Sesións; na mesma sesión acordarase propoñer a esta Alcaldía, na súa condición de Presidente nato de todas elas, o nomeamento dun Presidente/a efectivo/a e de un Vicepresidente/a, previa elección realizada no seu seo.

NOVENO: Dar traslado desta Resolución os Voceiros/a dos grupos municipais ao obxecto de que a comuniquen e trasladen os concelleiros citados."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.9(123). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 8.07.15, PARA Á PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26463/220 (REXISTRO PLENO 1118/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, de data 6 de xullo de 2015, que di o que segue:

“En data 05.03.2015, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal dictou orde de incoación de expediente administrativo para a provisión definitiva do posto de traballo de Interventor/a Xeral Municipal do Concello de Vigo, con convocatoria e bases aprobadas por Resolución da Excma. Alcaldía de 04/05/2015 (expediente administrativo nº 26.463/220) e publicadas no DOG nº 98, do mércores 27 de maio do 2015, e no BOE nº 142, do luns 15 de xuño do 2015.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, en data 06/07/2015 a Xefatura do Servizxo de Recursos Humanos da traslado das mesmas a esta Concellería-Delegada, emitindo informe no cal se sinala que:

“Considerando que o pasado día 30/06/2015, tivo lugar o remate do prazo de 15 días naturais regulamentariamente establecido para a presentación de solicitudes de participación no procedemento de provisión do posto de Interventor/a Xeral do Concello de Vigo en curso, convocado por Resolución da Excma. Alcaldía de 04/05/2015 (expediente administrativo nº 26.463/220); e de conformidade co establecido na Base Cuarta das Bases rectoras do procedemento indicado, pola presente infórmase o seguinte:

1.- *Ao día da data e hora actuais (v. datos sinatura electrónica) constan presentadas as solicitudes seguintes, relacionadas por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello:*

-Documento administrativo nº 150081570, presentado en data 18/06/2015 por D. SERGIO RODRÍGUEZ PÉREZ.

-Documento administrativo nº 150085305, presentado en data 26/06/2015 por D. ALBERTO ESCARIZ COUSO.

Aos efectos que procedan, infórmase que ambas solicitudes reúnen os requisitos establecidos nas Bases da convocatoria para o acceso ao posto, polo que calquera dos aspirantes estaría en condicións de ser nomeado para o posto indicado no marco da legalidade vixente.

Non constan presentadas máis solicitudes, a salvo de que poda recibirse algunha por correo postal ou mediante presentación en outros rexistros públicos nos termos do marco legal vixente, que terían que ser admitidas.

2.- *De conformidade co Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015, de delegación competencial, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal “exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, nos termos derivados da normativa aplicable”.*

Por tanto, e salvo mellor criterio en contra, parece corresponder á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a valoración das solicitudes presentadas, non podendo este Servizo de Recursos Humanos entrar a avaliar a idoneidade dos candidatos/as, ao ser o procedemento de libre designación expresión da potestade discrecional de nomeamento de órgano directivo consonte ao marco legal vixente nos municipios de gran poboación, correspondendo o exercicio das potestades discretionais aos órganos municipais e en modo algún aos funcionarios públicos (vid. Artigo 9 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público); nomeamento que, consonte ás Bases, deberá ser en todo caso motivado, dada a necesidade de axuste do exercicio das potestades discretionais aos

principios constitucionais recollidos nos artigos 9,3 e 103 da vixente Constitución de 1978.

Igualmente, enténdese que de conformidade co Decreto de delegación competencial indicado, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a formalización do nomeamento do titular da Intervención Xeral, órgano directivo municipal ex artigo 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3.- *En consecuencia, remíteselle o expediente administrativo indicado aos efectos do exposto, indicándolle que segundo as bases aprobadas deberá procederse a dictar a resolución correspondente no prazo de 1 mes, dando conta ao Pleno da Corporación e traslado de aquela ao órgano competente da comunidade autónoma e á Dirección Xeral para a Administración Local (Dirección Xeral de Función Pública) para a anotación e publicación conxunta no Boletín Oficial do Estado.*

Dita resolución deberá ser motivada, con referencia ao cumprimento, por parte do/da aspirante elixido/a, dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria e da competencia para proceder ao nomeamento. O posto deberá ser adxudicado entre os/as candidatos/as que reúnan os requisitos esixidos a convocatoria.

En todo caso, deberá quedar acreditada no procedemento, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido.”

Considerando o previsto no artigo 92 bis, apartado 6, párrafo cuarto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, incorporado por apartado vintacinco da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que dispón que, excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse polo sistema de libre designación nos municipios incluídos no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como as Diputacións Provinciais, Áreas Metropolitanas, Cabildos e Consellos Insulares, e as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, entre funcionarios da subescala e categoría correspondente.

Considerando que o artigo 27 do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional -norma vixente consonte á disposición transitoria séptima, párrafo primeiro, da Lei 27/2013, de 27 de decembro- preceptúa que, de forma excepcional, poderán cubrirse polo sistema de libre designación, entre funcionarios con habilitación de carácter nacional da subescala e categoría correspondentes, en atención ao marcado carácter directivo das súas funcións ou á especial responsabilidade que haxan de asumir, os postos a eles reservados en Diputacións Provinciais, Cabildos, Consellos Insulares, Concellos de capitais de Comunidade Autónoma ou de provincia e daqueles municipios con poboación superior a 100.000 habitantes, sempre que na relación de postos de traballo respectiva teñan asignado o nivel 30 de complemento de destino e a contía mínima do orzamento vixente ordinario da Corporación sexa superior a 18.030.363,13 euros (3.000.000.000 de pesetas segundo teor literal da norma, que data de 1994).

Considerando que o procedemento de provisión, remitido no seu día á Administración Pública competente, cumpriu os requisitos legais establecidos ao efecto, téndose observado os prazos e procedemento administrativo ao efecto segundo informe de data 06/07/2015;

Considerando que dos dous únicos aspirantes presentados, D. SERGIO RODRÍGUEZ PÉREZ e D. ALBERTO ESCARIZ COUSO, ambos reúnen os requisitos para poder ser nomeados con cargo ao posto de traballo ofertado, segundo se indica no informe da Xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 06/07/2015; e toda vez que, como se indica no informe sinalado, o procedemento de libre designación na provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional constitúe expresión da potestade discrecional de nomeamento de órgano directivo, consonte ao marco legal vixente nos municipios de gran poboación, correspondendo o exercicio das potestades discretionais aos órganos municipais, debendo ser a resolución en todo caso un acto motivado, dada a necesidade de axuste do exercicio das potestades discretionais aos principios constitucionais recollidos nos artigos 9.3 e 103 da vixente Constitución de 1978;

Considerando que, á vista da documentación presentada por cada un dos aspirantes, D. ALBERTO ESCARIZ COUSO resulta ser o candidato máis idóneo para o posto ofertado, dada a súa experiencia profesional prestando servizos en municipios suxeitos ao réxime xurídico e organizativo de grande poboación -que polas súas singularidades legalmente reguladas resultan ser ben diferenciadas das inherentes ao municipios de réxime común, cunha problemática, dinámicas de traballo e organizativas singulares- así como pola súa traxectoria profesional e formación acreditadas no expediente, estímase a idoneidade do mesmo para o desempeño da Intervención Xeral Municipal do Concello de Vigo;

Considerando que, segundo Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, de delegación competencial, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal “exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, nos termos derivados da normativa aplicable”; e visto o antedito, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Resolver a convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Interventor/a Xeral Municipal, código 140.00 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) nos termos do establecido na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e normativa de concordante e procedente aplicación.

Segundo.- Nomear a D. ALBERTO ESCARIZ COUSO, con nº de rexistro de persoal 3609702935A3014, Interventor/a Xeral Municipal do Concello de Vigo, en atención á motivación exposta, efectuando a súa adscripción ao posto código 140.00 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) tendo a presente resolución efectos de data 08/07/2015.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Alcaldía, na súa condición de órgano

delegante, dando conta ao Pleno da Corporación e trasladando a mesma ao órgano competente da comunidade autónoma e á Dirección Xeral para a Administración Local (Dirección Xeral de Función Pública) para a anotación e publicación conxunta no Boletín Oficial do Estado, notificando asemade aos interesados.

Cuarto.- Indicar que, consonte ás bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primer destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en sesión de data 20.07.2015, quedou informada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.10(124). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE DATA 14.07.2015 MODIFICANDO O APARTADO 4ª DA RESOLUCIÓN DA DATA 8.07.15 NA QUE SE NOMEABAN OS MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. EXPTE. 1130/1101

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 14 de xullo de 2015, que di o que segue:

“Mediante Resolución de data 10.07.2017, esta Alcaldía acordou o nomeamento dos membros das Comisións Informativas do Pleno, debido a un erro material na mesma resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña Resolución de data 10.07.2015 no seguinte senso:

-No apartado Cuarto da Resolución, serán membros da Comisión de Política Social, Igualdade e Xuventude en representación do G.M. do P.P. D^a Elena González Sánchez no canto de D^a Elena Muñoz Fonteriz.

Segundo.- Dar traslado desta Resolución ós Voceiros/a dos grupos municipais ao obxecto de que a comuniquen e trasladen ós concelleiros citados.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en sesión de data 20.07.2015, quedou informada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.11(125). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 14.07.2015 REFERENTE AO NOMEAMENTO DOS PRESIDENTES E VICEPRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO PLENO. EXPTE. 1131/1101

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 14 de xullo de 2015, que di o que segue:

“Mediante Resolución de data 10.07.2015, esta Alcaldía acordou o nomeamento dos membros da Comisións Informativas e a data da sesión constitutiva na que propoñerían ao Alcalde, na súa condición de de Presidente nato de todas elas, o nomeamento dun Presidente/a efectivo e dun Vicepresidente/a previa a súa elección realizada no seu seo.

Despois de producirse no seo destas, no día de hoxe, a elección dos membros corporativos que se propoñen para desempeñar a presidencia efectiva das respectivas Comisións, e a vista da proposta destas, de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85 de 2 de abril e artigo 38.d) e 125 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, resolvo:

PRIMEIRO: A Comisión de Fomento, Limpeza e Contratación é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas ao Concelleiro Delegado de Fomento,

Limpeza e Contratación, será Presidente e Vicepresidente, respectivamente, os seguintes membros:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

SEGUNDO: A Comisión de Orzamentos e Facenda é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, tamén actuará como Comisión Especial de Contas, será Presidente e Vicepresidente, respectivamente, os seguintes membros:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a Olga Alonso Suárez

TERCEIRO: A Comisión de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio e á Concellería Delegada de Seguridade e Mobilidade, será Presidente e Vicepresidente, respectivamente, os seguintes membros:

D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero

CUARTO: A Comisión de Política Social, Igualdade e Xuventude é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concelleira Delegada de Política Social e á Concellería Delegada de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística, será Presidente e Vicepresidente, respectivamente, os seguintes membros:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D^a Olga Alonso Suárez

QUINTO: A Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concelleira Delegada de Cultura; á Concellería Delegada de Educación e á Concellería Delegada de Patrimonio Histórico, será Presidente e Vicepresidente, respectivamente, os seguintes membros:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a Isaura Abelairas Rodríguez

SEXTO: A Comisión de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deporte é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable; á Concellería Delegada de Festas e Turismo e á Concellería Delegada de Deportes, será Presidente e Vicepresidente, respectivamente, os seguintes membros:

D^a Olga Alonso Suárez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez

SÉTIMO: A Comisión de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación é competente nos asuntos referentes ás materias atribuídas á Concellería Delegada de Transporte e Proxectos; á Concellería Delegada de Emprego, Economía e Industria e a Concellería Delegada de Parques, Xardíns, Comercio e Participación Cidadá, será Presidente e Vicepresidente, respectivamente, os seguintes membros:

D^a Olga Alonso Suárez
D. Carlos López Font

OITAVO: Dar traslado desta Resolución os Voceiros/a dos grupos municipais ao obxecto de que a comuniquen e trasladen os concelleiros citados.

NOVENO: Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma.

DÉCIMO: Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello e na súa páxina web.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en sesión de data 20.07.2015, quedou informada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.12(126). DAR CONTA DOS ESCRITOS DE ACEPTACIÓN DOS CONCELLEIROS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA. REXISTRO PLENO (1112, 1114, 1138, 1139, 1140, 1141, 1142, 1143 E 1144/1101)

ANTECEDENTES.- De conformidade coa Resolución da Alcaldía-Presidencia, mediante escritos presentados na Secretaría Xeral do Pleno os concelleiros que a seguir se relatan presentaron a súa aceptación de dedicación exclusiva:

Ilmo. Alcalde-Presidente, D. Abel Caballero Álvarez (g.m. Socialista)
D. Carlos López Font (g.m. Socialista)
D^a Eugenia Dolores Blanco Iglesias Raquel Díaz Vázquez (g.m. Socialista)
D. David Regades Fernández (g.m. Socialista)
D^a M^a Jesús Lago Rey (g.m. Socialista)
D. José Manuel Fernández Pérez (g.m. Socialista)

D. Angel Rivas González (g.m. Socialista)
D. Javier Pardo Espiñeira (g.m. Socialista)
D^a Maria José Caride Estévez (g.m. Socialista)
D^a Elena Muñoz Fonteriz (g.m. Partido Popular)

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

PRESIDENCIA: Unha cuestión de orde. Ten a quenda.

SR. LÓPEZ FONT: En relación coa presentación de mocións urxentes, este grupo municipal vai solicitar o estrito cumprimento con relación ás mocións de urxencia, non poder ser un subterfuxio para sumar mocións e o Regulamento é absolutamente claro, só se admitirán mocións urxentes no suposto excepcional de acontecementos relevantes e imprevisibles. Polo tanto, só o que pase excepcionalmente dende que se convocou o Pleno, debe ser obxecto de moción urxente, non vale unha moción urxente na que se diga que xa se denunciou anteriormente ou cun tema que neste Pleno temos debatido en moitas ocasións. Polo tanto, este grupo sempre solicitará votación sobre a urxencia.

PRESIDENCIA: Tomamos nota desa posición.

4.1(127).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MAREA DE VIGO INSTANDO AO PLENO DA CORPORACIÓN A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN SOBRE OS PROCESOS XUDICIAIS ABERTOS QUE TEÑEN RELACIÓN CON CONCELLERÍAS E DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS. REXISTRO PLENO 1108/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de xullo de 2015, número 1108/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

O ARTIGO 51 do regulamento orgánico do pleno do Concello de Vigo permite por solicitude dun grupo municipal ou do alcalde a constitución de COMISIÓNS ESPECIAIS que permitan *“constituír, en calquera momento, para un asunto concreto co fins de estudo, elaboración de propostas ou outros de natureza análoga, co ámbito de actuación que se estableza no seu acordo de creación.”*

En datas recentes, os xulgados de instrución nº 7 e o número 1 iniciaron sendas operacións de investigación sobre presuntos delitos de contratación ilícita que significaron que a UNIDADE CONTRA O CRIME ORGANIZADO (UDYCO) realizara rexistros en dependencias municipais e incautara unha gran cantidade de documentación sobre contratos con empresas de servizos.

A día de hoxe este pleno descoñece que documentación foi requisada, de que departamentos, que información contiña e cales son as bases da imputación dun concelleiro desta corporación neste proceso xudicial.

Por este motivo MAREA DE VIGO considera máis que xustificada esta petición de apertura dunha COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN que clarifique que contratos, con que empresas, que importes económicos e mesmo que responsabilidades políticas poderían estar inmersas nos feitos que investigan os xulgados vigueses.

Esta comisión, ponderada pola representatividade no pleno, emitiría un informe sobre estes procedementos xudiciais abertos e emitiría un informe para a súa discusión en pleno.

Polo tanto instamos ao pleno da corporación local de Vigo a aprobar a:

- Constitución no pleno do Concello dunha comisión especial de investigación sobre

os procesos xudiciais abertos que teñen relación con concellerías e departamentos municipais.

Con data 20 de abril de 2015, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. PÉREZ CORREA: Moi brevemente eu quería falar de Vigo, creo que é bo que falemos de onde nós somos representantes e onde se nos espera que teñamos un comportamento acorde ao que se espera dos representantes públicos, pero quería facer unha mención a un “mantra” que eu como público levo escoitado durante moito tempo, que é o Concello de Rivas-Vaciamadrid, parece que é unha especie de Leningrado no Estado español, e parece que todo é comparativo con este concello, eu discrepo, gústame moito máis a cidade de Vigo, é máis bonita que Rivas, non sei se estivestes pero non é excesivamente agradable á vista, nós temos unha boa costa, pero si é certo que en Rivas-Vaciamadrid, como pasa en moitos concellos deste país abríronse expedientes xudiciais, estivo imputado o Alcalde, estivo imputada unha das concelleiras, afortunadamente nese concello onde governa a Esquerda Alternativa o primeiro que fixo foi abrir unha comisión de investigación no Pleno participada por tódolos grupos municipais presentes na Corporación, na que o Partido Popular e o Partido Socialista puideron votar, coñecer que expedientes eran os que estaban sendo investigados, coñecer as causas das imputacións dos concelleiros/as e incluso posteriormente a imputación do propio Alcalde, afortunadamente hoxe os dous desimputados, e polo tanto dentro da normalidade democrática dos concellos que se din da Esquerda transparentes con toda naturalidade.

O que vimos aquí a propoñer precisamente, como cidadáns en primeiro lugar, queremos saber cales son as investigacións abertas, queremos saber que procesos de contratación están sendo investigados por unha cuestión porque aínda que queiramos xogar a avestruz e meter a cabeza debaixo dun burato o certo é que funcionarios públicos viñeron a este Concello, viñeron ás dependencias da Praza Princesa e durante bastante tempo leváronse documentación, eu creo que con toda

a normalidade, sen afán culpabilizador, ningunha Comisión de Investigación que se abre nun Pleno ten un afán culpabilizador, para iso non é a función deste Pleno, é a función obviamente xudicial, e con toda a naturalidade do mundo pedimos que se abra esa Comisión de Investigación.

Dende logo nós, porque toca unha parte moi sensible, logo falaremos desa moción, que ten que ver coa contratación pública e coa externalización de servizos a empresas privadas que é quizais, o cabalo de Troia da corrupción nos nosos Concellos, no noso país, como teñen comprobado, como estamos a vivir hoxe en día coa “Operación Púnica” que xa vai colocando aos actores da financiación de determinados partidos.

Nós polo tanto, queremos que con toda a normalidade esa comisión se abra, os grupos políticos podamos participar, emitamos un informe ao Pleno, con toda a naturalidade do mundo, non poñamos un carácter escurantista nun proceso que é absolutamente normal e nós Concellos, como no concello de Rivas-Vaciamadrid con toda a naturalidade o Partido Popular, o Partido Socialista, participaron e votaron nesa Comisión.

Polo tanto, dende esa naturalidade co único afán que ten que ter este Pleno que é fiscalizador, pedimos que se abra esa comisión, de acordo co artigo 51, e que nesa Comisión poidamos traballar colectivamente para saber que parte do noso proceder e que parte da nosa administración pública está sendo investigada.

SR. GAGO BUGARÍN: En relación a esta solicitude do grupo municipal de Marea de Vigo de iniciar unha comisión especial de investigación sobre os procesos xudiciais abertos no Concello, o grupo municipal do Partido Popular, quere lembrar que xa se solicitaron estas explicacións cando tocaba, é máis, no presente mes de marzo solicitouse un Pleno extraordinario para falar deste tema, aínda que tristemente cabe dicir que sen ningún resultado aparente para a tranquilidade da cidadanía.

Pero neste sentido queremos empezar dicíndolle ao Sr. Pérez, que as explicacións xa se demandaron polo Partido Popular, o principal partido da oposición, e como el ben saberá solicitar unha comisión de investigación ante unha maioría de concelleiros do goberno vai quedar en nada.

Pero en calquera caso queremos que é importante e que quede claro que a postura do Partido Popular sempre é a mesma, que nós imos velar pola transparencia e a

honradez ante calquera acto sospeitoso de comisión de delito, en especial do derivado do exercicio das administracións públicas, pero é evidente que para que se poida producir unha imaxe de hixiene democrática, hai que dar as explicacións que tocan, para comezar, sen ter que ser solicitadas pola oposición, sen ter que ser dadas en roldas de prensa sen poder a prensa facer preguntas, e con certo nerviosismo aparente. O que está claro é que o Goberno Municipal non pode esconder que algo raro pasa, cando a Policía Xudicial vota nove horas nas dependencias do Concello, solicita e incauta ademais decenas de caixas con expedientes de dúas concellerías distintas e imputa a varias persoas. Por iso a día de hoxe non entendemos que ante semellantes feitos que ademais xeraron alarma social e preocupación, os vigueses neste caso non coñezan do Alcalde cales son as explicacións que tiña que dar no seu momento nin por mutuo propio nin tampouco por solicitude da bancada popular.

Ademais o que nos parece máis grave é que se pretenda pasar de puntillas ante un dos feitos máis significativos para a imaxe da cidade nos últimos anos.

Polo tanto, se cabe engadir algo por parte do grupo municipal do Partido Popular ás explicacións xa esixidas no seu momento, é demandar do Alcalde da cidade que saia dese mutismo no que está instalado e que lle diga aos vigueses o que pensa acerca de determinadas situacións en torno á política de contratación do persoal e tamén de contratación de determinadas empresas concesionarias de servizos municipais, porque hoxe non estaríamos discutido isto se o Sr. Alcalde tivese saído a dar as explicacións cando tocaba.

Dito isto, queremos deixar claro en primeiro lugar, que o Partido Popular non lle move en ningún caso nin interese de danar a imaxe da institución e tampouco o interese de danar a imaxe de ningún persoa en particular, e en segundo lugar que como se poderá imaxinar a toda bancada popular e a todos os que estamos aquí, nos gustaría que estes procesos xudiciais que aínda seguen abertos, quedasen en nada. Pero neste sentido nós, deixamos claro que mostraremos sempre o máximo respecto á xustiza, a presunción de inocencia, que quede claro que non buscamos en ningún caso enxuizar porque non nos compete, nin tampouco ter ningún rédito político como xa reiterado, só buscamos unha vez máis que se outorgasen por parte do Alcalde as oportunas aclaracións para a tranquilidade dos cidadáns.

Neste exemplo de transparencia co que queremos exercer a política municipal,

convén lembrar que xa presentamos ademais da anterior lexislatura, ademais do Pleno extraordinaria de solicitude do grupo municipal do Partido Popular para explicar estes feitos dos que estou facendo referencia, dúas mocións encamiñadas precisamente a por en valor a limpeza e honradez no exercicio da política, por unha banda en setembro de 2011 no que solicitaba que tódolos contratos foran fiscalizados polo departamento de recursos humanos e un ano máis tarde neste caso en xuño do 2012, polo que esixía a reunión da Comisión de Control da Contratación de tódalas concesionarias, por certo ambas mocións aprobadas por unanimidade, iso significa con connivencia do Goberno Municipal e que xamais se puxeron en marcha.

Xa para rematar, en relación á postura do grupo municipal Popular, sobre a apertura dunha comisión especial de investigación que concirne aos asuntos pendentes de resolución xudicial, nós obviamente e moralmente ímonos mostrar a favor, a sabendas de que como dicía antes, é unha perda de tempo, pero non quero finalizar a miña intervención sen ir ao miolo do asunto e solicitar do Alcalde, unha vez máis, en nome do grupo municipal do Partido Popular, que nos clarexe as dúas preguntas moi sinxelas que xa se lle fixeron anteriormente e non respondeu. En primeiro lugar, que documentación e información relativa a este caso solicitou a Fiscalía ou o Xulgado? E a segunda pregunta, que medidas e decisións tomou o Goberno Municipal para clarexar os feitos investigados e denunciados.

SR. LÓPEZ FONT: Parece que están moi coordinados, Partido Popular e Marea de Vigo. Piden vostedes coñecer unha situación, Sr. Gago, no Pleno do 30 de marzo xa a expliquei e en 25 segundos, pero voulla volver detallar, unha petición de documentación a este Concello que foi facilitada toda a disposición a colaborar coa xustiza como sempre e nada máis, require só 20 segundos explicarlles cal é situación e isto xa o fixen o 30 de marzo e xa demos estas explicacións e nesta proposta de Marea e moi similar ao do Partido Popular o cal non deixa de ser unha casualidade, porque Sr. Gago e Sr. Pérez, nestas actuacións o único que tivo que dimitir é un concelleiro do seu partido, do Partido Popular, toda esta “Operación patos”, toda esta petición de documentación o que supuxo foi a dimisión inmediata dun concelleiro do Partido Popular. Polo tanto vir aquí a dar leccións é moi malo e debería lerse aínda que vostede non estivese presente a acta de 30 de marzo, na

que por un informe do secretario deste Pleno, a petición primeira de vostedes foi cualificada de inquisitorial, de que prexudicaba a terceiros e os colocaba nun claro grado de indefensión, e dicía a maiores que non todo vale en política, iso o dixen eu, que no todo vale en política.

Polo tanto, esta boa intención aparente de dicir non quero prexudicar á institución, non quero prexudicar a terceiros, só ten unha denominación, isto é hipocrisía política, non se pode vir aquí a querer substituír a un xulgado e dicir eu son moi bo, isto é absolutamente falso.

Aquí estamos Sr. Pérez para cooperar coa xustiza, cando se ditamina secreto de sumario, imaxino que o coñece, evidentemente así se debe respectar por unha administración como nós, o que vostede pretende é colocarse nun papel de xuíz, iso é o que vostede pretende. Vostede pretende con esta moción bordear o que é o secreto de sumario, e iso como o mesmo que fixo o Partido Popular é inquisitorial, é prexudicar a terceiros e é abusar de dereito e estou falando dun documento estritamente público. Polo tanto, eu pídolles un respecto a todos, porque eu me quedo moi preocupado, vostedes son un perigo, a Marea de Vigo é un perigo, de verdade, se lle fixéramos caso a vostedes estaríamos sen Citröen, estaríamos pagando uns intereses altos polo noso préstamo, e peor aínda, se lles fixéramos caso a vostedes abalando denuncias falsas sobre que houbo un desafiuzamento, estaríamos precisamente niso, nunha denuncia falsa sobre un tema moi delicado.

Polo tanto, aquí non hai nada en relación con este Concello, politicamente vostedes teñen unha ignorancia absoluta, e sabe cal é o seu problema? Que unha e outra vez se estrelan contra a honradez deste goberno, unha honradez demostrada polo Alcalde ao longo dunha longa vida política, pero tamén dos Concelleiros que constituíron estes gobernos durante este oito anos, non hai goberno máis honrado que este, Sr. Pérez, e direino alto e claro, e cando se fala de transparencia non valen xogos de palabras, por transparencia internacional este goberno ten 95 puntos sobre 100, co cal non valen xogos de palabras.

Dicía o mantra de Rivas-Vaciamadrid, lóxico vostedes provocárono, convertérono no buque insignia de Esquerda Unida e o Partido Comunista a quen vostedes representan, e a diferenza doutros gobernos tivo que dimitir un Alcalde efectivamente e estiveron continuamente nuns lios e procesos legais que aquí non se dan, porque anteriormente dicía o Sr. Gago explicacións, as explicacións son a

Mesa de Contratación e a contratación neste Concello é absolutamente impecable e a Xunta de Goberno onde os acordos son públicos.

Pero xa vexo cal é a orientación política das formacións ás que representa vostede, Esquerda Unida e o Partido Comunista, hoxe fixo toda unha declaración de intencións, porque non se parou a pensar nos problemas dos vigueses é moi curioso aínda que está no seu dereito que haxa anteposto esta moción que non ten ningún sentido, fronte a outras mocións como a do hospital ou como as que o Partido Socialista e o Goberno levaron a cabo sobre problemas dos cidadáns.

Sobre estas manobras políticas que vostedes pretenden lémbrolle que a vostede caeulle un barco enriba, completo, Sr. Pérez, e aínda non se recuperou dese golpe, a cada lio que trataron de montar vostedes antes das eleccións a cidadanía respondeulle contundentemente, por unha banda van os vigueses, por outro lado van vostedes e evidentemente o 52% de apoio é absolutamente incuestionable.

SR. PÉREZ CORREA: Eu que son pai dende hai pouco, creo que as subidas de azucar son moi malas, hai que estar tranquilos e seguramente gran parte do público tamén terá que estar tranquilo, eu levo moitos anos sendo público, eu estiven nese Pleno, suposto Pleno, no que si que se deron argumentacións, un Pleno liquidado, un Pleno “wind fit” feito moi rápido que dende logo non era exclusivamente este tema o que tratábamos nese Pleno.

Aquí non estábamos culpabilizando ou criminalizando a ninguén, efectivamente poder haber un secreto de sumario pero estamos a falar de expedientes públicos que digamos que dentro dun rexistro de expedientes públicos e de procedementos públicos, nós consideramos que unha comisión de investigación non fiscaliza polo menos xudicialmente, o que fai é precisamente informar aos membros desta Corporación de que é o que hai enriba da mesa, porque e que se non esta Corporación non pedíramos a través deste tipo mocións explicacións, entón sería normal que unha serie de funcionarios de AUDICO con chalecos de AUDICO, estiveran sete ou oito horas levándose documentación pública deste Concello, se iso se considera como unha normalidade que polo tanto non ten que ter ningunha reacción proactiva do Pleno, pois entón estamos moi contentos de ser anormais nese sentido.

Dende logo eu o que non vou a tolerar é a teoría da pinza, que se expón

sistematicamente que foi un dos grandes argumentarios do bipartidismo deste país, teremos tempo abondo nesta lexislatura para saber onde se están a producir as pinzas que teñen que ver coas cuestións absolutamente centrais como son os orzamentos e os recursos públicos. Nós estamos a pedir unha comisión de investigación, non estamos a pedir unha comisión xudicial nin estamos a pedir que ditamine culpabilidades ou non. Nós estamos pedindo saber, como membros do grupo municipal, que é o proceso que nos temos atopado, por certo, nas portadas dalgúns xornais outros non quixeron por algún motivo non aparecer esa información en portada, nos pensamos que é suficientemente importante como para que se tome en consideración esta comisión, figura no Regulamento, non específica que non podamos acceder porque haxa un secreto sumarial decretado por un xulgado, estamos a falar dunha comisión de investigación de carácter municipal. Polo tanto, nós consecuentemente consideramos que isto ten que estar na política real, como se piden comisións de investigación nos parlamentos autonómicos e centrais con absoluta naturalidade, como temos pedido do accidente recente de Angrois que se pediu comisión de investigación tamén polas súa parte, e non houbo ningún problema e ninguén puxo ningunha pega a que o Partido Socialista pida comisións de investigación no Parlamento de Galicia ou no Parlamento do Estado.

Polo tanto, non estamos ante unha cousa que tivera que ser excepcional e debería ser dentro da normalidade do funcionamento democrático dun Concello, unha cousa bastante natural.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 2.07.2015 (Rex. Nº 1108/1101), polo voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(128).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REALIZAR AUDITORÍAS DE TÓDALAS CONCESIONARIAS MUNICIPAIS, PRIORIZANDO AS DE AQUALIA E VITRASA. REXISTRO PLENO 1124/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de xullo de 2015, número 1124/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No Concello de Vigo a gran maioría dos servizos municipais están concesionados a empresas privadas. O pagamento a esas empresas detrae unha parte moi importante do presuposto municipal.

O control do correcto funcionamento dos servizos prestados por estas é obriga do goberno municipal xa que se trata de servizos públicos nos que se debe funcionar con eficacia e eficiencia.

Así mesmo, é necesario que o goberno garanta a todos os vigueses que o servizo atende as necesidades dos cidadáns e que o prezo que pagan por eses servizos tamén garanta esa prestación.

Son contínuas as queixas que chegan a este grupo municipal sobre o seu funcionamento por motivos diversos, como a desigualdade de prestación deses servizos en función da zona da cidade, o prezo que se cobra, etc.

Tamén, nos pasados meses, véñense desenvolvendo procedementos xudiciais que poñen en dúbida determinados criterios de contratación que se seguiron por parte das concesionarias e a implicación de persoal do concello, permanecendo imputado neste momento, algún funcionario municipal.

Por estes motivos, consideramos que é imprescindible e urxente que se leven a cabo auditorías sobre esas concesionarias que avalíen o funcionamento, gasto real incluído na prestación dos servizos e procedementos de contratación de persoal.

Neste sentido, aínda que consideramos que esas auditorías deben de cubrir á totalidade dos contratos coas concesionarias entendemos que as primeiras que deben ser auditadas son Aqualia e Vitrasa, por ser os servizos nos que se están a producir máis queixas cidadás.

Por todo o exposto, propoñemos que o Pleno da Corporación, adopte o seguinte ACORDO:

"Instar o goberno municipal a realizar auditorías de todas as concesionarias municipais, priorizando as de Aqualia e Vitrasa, co obxecto de garantir un control exhaustivo do funcionamento das mesmas e a adecuada prestación dos servizos públicos."

Con data 20 de abril de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: É curioso que sorprenda ao grupo Socialista que haxa unha votación conxunta do grupo Marea de Vigo e o grupo Popular e non lle sorprenda que compañeiros seus do Partido Socialista estean permitindo que haxa cidades en España que estean gobernadas por grupos moi semellantes en ideas ao grupo Marea de Vigo, como pode ser o propio Concello de Madrid.

Polo tanto, este é un exercicio máis do que xa nos teñen acostumados do que dicía o Sr. Font de hipocrisía política, o que vale nun sitio non vale para outro, o que vale para un non vale para os demais, e dende logo eu creo que é unha boa mostra de hipocrisía política non aceptar esa comisión de investigación, como seguramente non aceptarán a petición que fai este grupo municipal de facer auditorías de tódalas concesionarias municipais, porque a vostedes o de investigar e o de saber como funciona a administración iso non lle gusta, e non lle gusta nun ámbito que é particularmente importante para tódolos vigueses porque hai que lembrar tamén e outra vez teño que facer referencia á hipocrisía, que a pesares do que predica a gran maioría dos servizos públicos que se prestan dende o Concello están

concesionados a empresas privadas, ese pago a esas empresas privadas tráelle unha parte moi importante do orzamento municipal, nada máis e nada menos que 120 millóns de euros tódolos anos dos cartos de tódolos vigueses e viguesas. Están concesionados neste concello o transporte público, o abastecemento e saneamento, a conservación e reposición de parque infantís, a conservación e reposición de zonas verdes o mantemento do alumado público, os residuos sólidos urbanos, a limpeza, mantemento e reposición de colectores e un largo etcétera de contratos que son realizados e executados por este concello e sobre os que nós, o que pedimos non o cuestionamos como fan vostedes para outras cousas, o que facemos é pedir que se controlen, porque é obrigación da administración pública controlar os contratos que fan.

Polo tanto, é obriga de tódalas administracións comprobar que efectivamente eses servizos se están prestando de forma adecuada e que están servindo aos vigueses/as que é o que teñen que facer, e ademais que se fan con eficacia e con eficiencia. Tendo en conta o elevado número de queixas sobre o funcionamento dalgúns que se reciben e dende logo que se trasladan a este grupo municipal e como dicíamos antes, tamén as dúbidas que se propuxeron sobre o funcionamento de determinadas concesionarias e de determinados contratistas deste goberno municipal, desta administración, e eses procesos xudiciais que poñen en dúbida eses criterios, nós o que cremos é que é imprescindible aportar transparencia e dar explicacións a tódolos vigueses/as.

Entón por iso, non entendemos, igual que non entendemos que seguramente non apoiem esta obriga de realizar auditorías, como a comisión de vixilancia da contratación que está prevista no artigo 55, do Regulamento Orgánico do Pleno, e vouno ler porque logo me din que non me leo o Regulamento e vou a pasar a ler textualmente o que pon nos artigos, “a comisión de vixilancia da contratación é o órgano de vixilancia da entidade contractual da administración municipal e que ten por obxecto a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrencia, obxectivade, transparencia e eficacia na contratación pública. Esta comisión está prevista e non se reúne porque a vostedes non lle interesa facer un control sobre ese funcionamento, e a nós si nos interesa e nos interesa que se auditen esas concesionarias, e especialmente nos preocupan e pedimos que se inicie por Aqualia e por VITRASA, porque esas dúas concesionarias detraen unha parte moi

importante dos recursos deste Concello, 21 millóns en VITRASA e 44 millóns en Aqualia. Non entendemos por que non se da información a este grupo se se están facendo sobre as auditorías para confirmar o número de viaxeiros que hai nos autobuses como prevén nos pregos, non entendemos como Aqualia que se leva 44 millóns de euros se lle prorroga un contrato ata o 31 de decembro do 2020, prorrogase sen auditar e leo textualmente o informe que o Interventor emitiu no seu momento pedindo que se debería facer unha auditoría de Aqualia antes de prorrogar, evidentemente esa auditoría nunca tivo lugar porque vostedes prorrogan e non auditan porque o que queren é que os vigueses/as non paguen por consumo real nas súas auditoras senón que paguen eses canos mínimos e estean pagando outras cousas aparte do recibo da auga.

Cremos que é urxente esa auditoría, cremos que é urxente que se dean explicacións, que se dea tranquilidade a tódolos cidadáns de como funcionan os seus servizos públicos, de que funcionan dunha forma eficaz e cremos que vostedes deberían ser os principais interesados.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos sinceramente sorprendidos de que o Partido Popular propoña este tipo de política, en primeiro lugar, porque unha das cuestións que se están detectando nos cambios de goberno que se están a dar neste país, nos gobernos municipais é unha realidade que era barra libre absoluta que tiñan as concesionarias privadas nos gobernos do Partido Popular sobre todo as grandes cidades, voume circunscribir ás galegas pero a situación das concesionarias privadas no Concello de A Coruña é absolutamente vergoñenta e propio dun Concello entregado practicamente a empresas privadas incluso con comportamentos que seguramente estarán inmersos dentro de pouco en procesos xudiciais.

Nós estamos de acordo co control das contratas, de feito hai órganos que así o fan e de feito unha das propostas que no seu día a Marea de Vigo trasladou no proceso electoral era a creación de organismos colectivos para o control, como ten por exemplo o Concello de Zaragoza que ten un Consello municipal de control e vixilancia da contratación que está sendo referencial no que supón a auditoría cidadán das contratas privadas. Pero claro é que se non houbera memoria ou lexislaturas anteriores neste Concello, esa comisión non funcionou tamén durante

os mandatos do Partido Popular, durante os mandatos do Partido Popular intentouse que esa comisión fora substituída polo control directo do concelleiro de área, cousa coa que nós estamos radicalmente en contra. As comisións teñen que funcionar e teñen que ser incluso monográficas contrata a contrata, estamos nunha situación que efectivamente non é só o problema do Concello de Vigo, gran parte dos concellos do noso país, quizais Vigo foi pioneiro nunha cousa tan absolutamente grave como o proceso de privatización da auga no ano 1990, sobre todo o que tivo que ver porque a propia concesionaria anunciou na prensa de todo o estado que era o exemplo da xestión privada da auga.

Que facer? Pois nós estamos de acordo con que se habilite esas comisións, pero queremos que se poña claramente como van ser, se o que van ser é unhas comisións que simplemente se informa á oposición e non temos ningunha capacidade de intervención, pois seguramente estaremos errando no que ten que ser o control. Nós pedimos incluso que esas comisións se convertan en consellos municipais de control das concesionarias, que impliquen a sindicatos, comités de empresa, gran parte do que estamos a ver tamén ten que ver moito coa situación laboral que se da nas propias contratas independentemente do prego como logo se artellan as condicións laborais nas mesmas, e polo tanto, Marea de Vigo ímonos abster nesta moción porque precisamente non se artella como vai a ser o formato de control destas e porque se pon enriba da mesa cousas como é prezo da auga que teñen que ver coa propia concesión, houbo un momento moi importante neste ano para poder volver a quitar a concurso público e incluso remunicipalizar o servizo, e seguimos sen ver proactividade por parte do Partido Popular para que haxa un control máis alá das denuncias cidadáns que nos coñecemos, o que pedimos é que se artelle o mecanismo, que se diga publicamente nós apostaremos por esa comisión municipal, ampla e sobre todo porque teñan un regulamento e un funcionamento desas comisións que permita que as conclusións cheguen ao Pleno, que as decisións que se tomen sobre as concesionarias cheguen ao Pleno, e que sexa pública tamén os estados da explotación dos servizos.

Aquí hai moitos negocios, hai moito que pensar como por exemplo xa ten feito o Tribunal de Contas e concellos de Europa que están remunicipalizando servizos porque cando empezan a auditar ás concesionarias empezan a ver que o servizo se incrementa en porcentaxes moi altas, grandes concellos franceses empezando polo

de París, remunicipalizaron a auga e incluso cancelando as concesións porque eran un 25% máis caras que a xestión privada a través de grandes multinacionais como Schweppes e nós pensamos que é o momento neste concello, tamén se fala de aforro, de eficiencia, é o momento de auditar se realmente aquí o que estamoslle dando a unha empresa privada é un servizo ou un negocio lucrativo co que logo tamén financia outro tipo de operacións que nada teñen que ver cos servizos públicos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu a verdade Sra. Muñoz téñolle que dar as gracias mil veces por presentar esta moción e darnos a oportunidade de explicarnos aquí, o transparente que é este concello e o eficaz que é este concello coas concesionarias.

Na moción que presenta mistúranse varios asuntos que indican un certo nivel de descoñecemento en relación á contratación na administración pública, ou o peor, que intentan confundir á opinión pública para opinar e crear opinións confusas.

Calquera contrato administrativo que regula a xestión de servizos públicos por parte dunha mercantil concesionaria da mesma, desenvólvese por normas moi concretas e definidas pola Lei de contratos, estes contratos veñen a determinar as condicións que establecen, os pregos administrativos e técnicos, os cales determinan un alto grao de detalle, tódolos criterios para a supervisión das prestacións do servizo, ao mesmo tempo que establecen os procedementos de fiscalización e de seguimento das concesionarias.

Este concello é o máis transparente e claro de toda España e máis aínda cando falamos de cartos públicos. Vostedes cando gobernaban nesta cidade era a cidade da xestión turbia e a xestión escura, deixaron actuacións que supuxeron indemnizacións millonarias a este Concello, un urbanismo arbitrario que o reflicten as sentencias desfavorables que unha tras outra caen dos anos da xestión do Partido Popular neste Concello. Fronte a iso, o noso urbanismo, claro e seguro, con sentencias favorables día tras día do noso Plan Xeral, seus amigos os especuladores quedaron fora deste Concello, nestes momentos este concello vela polos cidadáns e cidadás de Vigo, o Instituto Internacional de Transparencia dota sobre cen puntos a noventa e cinco a esta cidade, a máis puntuada de Galicia e unha das mellores puntuadas de España.

Pero vostede, Sra. Muñoz, é a que ven aquí a falar de auditorías, e que de auditorías vostede sabe moito, eu lembro a auditoría de KPMG, de cando nos roubaron as caixas de aforros, por certo, un millón de euros que vostede non foi capaz de ir ao Parlamento de Galicia a dicirnos que dicía esa auditoría, en que consistía e por que lle roubaron aos vigueses unha caixa de aforros enganada para arranxar un burato dunha caixa de aforros de A Coruña. Eu comparezo aquí sen ningún problema, vostede cando tiña que comparecer no Parlamento escapaba. A auditoría tamén da “operación z”, que vostede ten moita responsabilidade, moitos conselleiros doutras comunidades autónomas dimitían, vostede calaba e non comparecía no Parlamento de Galicia, auditoría sobre o hospital privado, como en tres horas pode custar mil millóns de euros, denunciado e que nestes momentos admitiuse a trámite. Auditorías, unha tras outra que se foron pedindo na Xunta de Galicia e que vostede nin fixo nin compareceu, non só iso, a última comparecencia que solicitou o grupo Socialista no Parlamento de Galicia, foi denegada e non apareceu a comparecer, vostede a responsable de política económica da Xunta de Galicia que mentres España crecía o 1,4% vostede fundía a Galicia nun raquíτικο crecemento do 0,5%.

Veu a este Pleno a sementar dúbidas pero as dúbidas nesta cidade, que nos coñecemos todos Sra. Muñoz, están sobre vostedes, están sobre os homes e mulleres do Partido Popular.

Aqualia, cinco anos a tarifa conxelada, nunca na historia, vostedes oito anos de goberno da dereita en Vigo, subírona os oito anos, cando chegamos os fondos estaban a cero, en que gastaban vostedes os fondos de Aqualia? En que infraestruturas o gastaban? A cidade non as coñece, agora coñece no que se inviste nos fondos de Aqualia, agora a cidade sabe no que se inviste o cartos públicos, pero nós fixemos unha prórroga por cinco anos e con esa prórroga conseguimos 20 millóns de investimentos, melloras por 3 millóns de euros, duplicamos as axudas sociais de 90.000 a 180.000 euros, compramos os terreos á depuradora que tiña obriga o goberno do Sr. Feijóo de compralas, comprámolas nós, doce millóns de euros, pagamos a débeda que atopamos dos seus gobernos de máis de 6.500.000 de euros, que tiñan vostedes con Aqualia, pois tamén a pagamos, fixemos 10 quilómetros de rede de abastecemento, fixemos 11 quilómetros de rede de saneamento e fomos capaces de asumir o IVE de 45 millóns

de euros. Esta é a auditoría e isto é o que nos estamos a facer pero non só con Aqualia tamén con VITRASA.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Pérez, simplemente clarexarlle que nesta moción que presenta o Partido Popular o que se está pedindo é que se realice unha auditoría non que se cree ningunha comisión que xa está prevista no Pleno, o que pedimos nas comisións que xa están previstas no Regulamento Orgánico é que se realicen, pero agora neste caso o que pedimos especificamente é que se fagan auditorías de tódalas concesionarias, auditorías que teñen unha normativa específica e polo tanto eu creo que non xera ningún tipo de dúbida a proposta que está facendo este grupo municipal.

Sr. Regades, eu comprendo que sexa máis fácil intentar poñer un ventilador inexistente para non falar dos problemas reais desta cidade, porque a min o que me preocupa neste momento é Vigo e poden vostedes acusarme de todo, incluso da morte de “kenedy” pero iso non me fará a min responsable da morte de “Kenedy”, lémbrolle e se queren falar da Xunta de Galicia, insisto como dixen antes, podemos falar pero creo que no Pleno do Concello de Vigo hai que falar de Vigo e lémbrolle que nese momento esta voceira non era conselleira e polo tanto cada vez que se pediu unha comparecencia por parte da oposición, dende logo, esta conselleira na miña anterior responsabilidade fun a dar as explicacións todas que se solicitaron no meu posto de conselleira.

Insisto, a vostedes o que lles interesa é que non se fale de Vigo, e a min o que me interesa é falar de Vigo, porque entre outras cousas é a preocupación que teñen tódolos vigueses e é a súa responsabilidade, e a súa responsabilidade é acreditar que hai un bo funcionamento dos servizos e que hai un bo funcionamento das concesionarias e dos contratos nesta administración, di vostede que descoñezo a Lei de contratos, paréceme que quen descoñece a Lei de contratos é vostede Sr. Regades, porque está obviando que hai unha previsión hai un descoñecemento do sistema de funcionamento porque evidentemente a Lei de contratos é moi específica, obriga a fiscalizar e controlar tódolos actos da administración e para iso están os interventores municipais, interventor municipal que por escrito nun informe a vostedes lles dixo, o 25 de novembro de 2010, que se fixera unha auditoría de Aqualia antes de prorrogar e esa Auditoría brilou pola súa ausencia.

Poden vostedes tirar balóns fora, falar doutras cousas que non veñen ao caso, pero dende logo o que teñen que ter moi claro é que os vigueses necesitan unha explicación e unha garantía do funcionamento dos servizos públicos nesta cidade que están baixo a sombra, e fronte ao seu nada que dicir nós non temos nada que ocultar e seguiremoslle pedindo explicacións do funcionamento deses servizos públicos.

Ao Sr. Font, parécenlle 20 segundos suficientes? A nós non.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 15.07.2015 (Rex. Nº 1124/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(129).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A GARANTIR A TÓDOLOS VIGUESES O TRANSPORTE PÚBLICO AO NOVO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1126/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de xullo de 2015, número 1126/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Piñeiro López, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo comeza un momento histórico coa posta en marcha do novo hospital Alvaro Cunqueiro, atendendo non só os case 300.000 vigueses senón a toda a súa área de influencia, unhas 600.000 persoas que gozarían dunha infraestrutura tan moderna coma necesaria dende hai anos.

Dende o Concello de Vigo lévase pelexando en contra do novo hospital de Vigo dende o seu deseño ata a actualidade, xa en funcionamento:

1º- Non se cederon os terreos para construción dunha obra para todos.

2º- Non se facilitaron os accesos.

3º- Néganse a acometida de auga e luz, responsabilidade do Concello, pese a terse comprometido a facelo.

4º.- Créuse alarma social inxustificada e falsa, predecindo mortes en relación co deseño dos laboratorios do complexo hospitalario.

5ª.- Último episodio é dificultar os vigueses e viguesas o acceso no transporte público urbano ó Hospital Público de Vigo, con escasa dotación de liñas de autobús e nula coordinación das mesmas.

Polo anteriormente exposto, instamos o Pleno da Corporación á adopción do seguinte

ACORDO:

“Garantir o acceso de todos os vigueses e viguesas ó Hospital Álvaro Cunqueiro no transporte público, cunha rede axeitada ás necesidades dos cidadáns, así como coordinar as liñas co transporte metropolitano, con lanzadeiras dende Teis, Calvário, Navia e San Miguel de Oia”

Con data 20 de abril de 2015, a Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Vivimos nun momento histórico nesta cidade, a nivel sanitario temos unha estrutura absolutamente necesaria e demandada tanto pola poboación como polos profesionais que no meu nome e dos demais profesionais traballamos nesta cidade. Trátase dunha estrutura non só dos case 300.000 vigueses senón toda a súa área de influencia, temos unhas 600.000 persoas que se beneficiarían desta infraestrutura, podo dicir o ben que funciona urxencias onde eu traballo, Sra. Silva, en plena crise económica a Xunta de Galicia foi quen de sacar adiante un hospital para tódolos vigueses da súa área de influencia. Dende o Goberno municipal, durante todo este tempo, assistimos a un boicot constante, primeiro, non cedendo os terreos, non facilitando os accesos, negando a cometida de luz e auga pese a telo pactado previamente, e o peor de todo, na miña opinión, a alarma social inxustificada e falsa, predicindo mortes polo deseño do laboratorio do complexo hospitalario, un laboratorio que funciona exactamente igual, vai funcionar exactamente igual que en Pontevedra e A Coruña, sen ningún tipo incidencia, e por iso que nós reclamamos simplemente unha cousa básica que se poida garantir o acceso, á accesibilidade do sistema ao novo hospital a tódolos vigueses e viguesas, garantindo o transporte urbano, é o único que pedimos porque ademais xa o fixo a Xunta de Galicia, xa puxo os terreos, xa fixo os accesos e xa creou a maior infraestrutura de toda a historia de Galicia a nivel sanitario. Simplemente queremos propoñer unha serie de lanzadeiras e propoñer unha coordinación no transporte público dende as diferentes zonas da cidade, non simplemente da Praza da América onde se comentou que ía facer, senón Teis, Calvario, Navia e San Miguel de Oia, como comezo o máis importante cremos que é garantir a accesibilidade ao sistema sanitario de Galicia e neste caso de Vigo. Gustaríanos que non se utilizara como arma arrojadiza, alarma social como o tema do laboratorio, a min persoalmente gustaríame que non fora así, quero dicir que non é ningunha alarma social falar do laboratorio, o cal está funcionando, lémbrolle que dende A Garda, dende A Cañiza se transportan mostras dende hai moitos anos, e vostedes rásganse a vestiduras por trasladar 10 quilómetros unhas mostras non urxentes, lémbrolles que o hospital vai ter un laboratorio de resposta hospitalaria para o seu funcionamento e un gore no cal vanse atender as mostras non urxentes, se quere Sr. Font e o grupo municipal podemos facerlle unha analítica, se quere eu lla interpreto sen ningún tipo de problema.

Invitámoslle a que coñezan o novo hospital e que o visiten para que saiban que nesta cidade hai un hospital público, invitámolo e que vexa que é unha infraestrutura na cal xa hai un traslado, na cal os profesionais están a facer un traballo absolutamente exemplar, levamos máis de dous anos unificando servizos e máis exemplar aínda son os pacientes, a cantidade de pacientes que semana a semana estanse desprazando a utilizar as instalacións do novo hospital de Vigo.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Dende Marea de Vigo non percibimos tan claramente como vostede que o Concello de Vigo estivera pelexando en contra do novo hospital tan enerxicamente. En canto aos terreos foron declarados dende a Xunta de Galicia de ámbito supramunicipal, polo tanto a responsable era a Xunta de Galicia e non o Concello. Sobre as infraestruturas houbo un acordo entre a Consellería de Sanidade e o Concello pero nun principio para un hospital público e non para este hospital, pero ao final ao contrario ao que vostede expresa, o Concello accedeu facilitando a execución desas obras aproveitando que se facían as acometidas para o parque industrial que hai detrás do hospital e o saneamento das parroquias que están ao carón.

Vostedes, tanto o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia como o Concello, saberán porque dese cambio de opinión que coincide, que casualidade, coa proximidade de aprobación dos orzamentos municipais por parte de ambos.

Vostede di que se creou unha alarma social falsa e inxustificada, predicindo mortes en relación co deseño dos laboratorios do complexo hospitalario, pois segundo a nosa opinión esa alarma nin é falsa nin é inxustificada, nin tampouco é tanta alarma xa que o caso é suficientemente grave como para que o Goberno municipal a tivese creado de verdade, pero non soubo ou non quixo. Na nosa opinión o Concello tería que terse mollado moito máis.

Revisando os actos dos plenos do exercicio anterior, pódese ver como a esta altura do ano 2014 nesta sala, xa se estaba a falar laboratorio do novo hospital de Vigo, e dende aquela houbo mobilizacións, protestas e rexeitamento de abondo por parte tanto das persoas traballadoras como das usuarios, de sindicatos e de organizacións políticas, mostrando o seu desacordo con este xeito de impoñernos a sanidade. Pois claro que é certo que a non dotación dun laboratorio nas inmediacións do hospital pode causar mortes, de que haxa poucos enfermeiras por

número de pacientes e poucas auxiliares de enfermería, unha inadecuada limpeza nos quirófanos, ou dunhas instalacións deficientes, hai infinidade de cousas que poden provocar a morte dun paciente, iso sábeno ben o persoal sanitario, e vostede tamén o debería saber. Que é o primeiro en denunciar este tipo de medidas insuficientes e claramente orientadas a facer negocio a custe da saúde das persoas en beneficio dunhas empresas ás que lles importa moi pouco este aspecto mentres se lle repartan dividendos a finais de ano.

Ao noso ver, se o Concello de Vigo convocase unha mobilización cidadá no seu momento, para explicarlle a toda a cidadanía e a súa contorna que nos plantabamos e que non iamos permitir que un hospital deste tipo se levase a cabo, igual os acontecementos se producirían dun xeito moi distinto, pero o goberno municipal non o fixo, e como xa dixen antes, el e máis vostedes saberán por que.

O que de o Concello dificulte o aceso no transporte público ao hospital con escasa dotación de liñas de autobús e nula coordinación das mesmas, nisto dámoslle a razón, é certo que a piques de que o hospital estea en pleno funcionamento é lamentable que aínda non se saiba que liñas vai haber, por onde van pasar e con que frecuencia. Sabemos que a empresa VITRASA estivo facendo enquisas ao persoal que alí traballabamos, e díxosenos que esas enquisas ían ser entregadas ao Concello, gustaríanos saber simplemente que foi delas e se as tiveron en conta.

Por outra banda, tamén é certo que aínda non se sabe como se van a coordinar esas liñas cos concellos limítrofes que pertencen a área sanitaria de Vigo, por poñerlle un exemplo dende o Concello de Nigrán non contan con ningún tipo de transporte que chegue ao hospital, agás o coche particular. Pero aínda que esteamos de acordo neste punto, non entendemos que vostedes, señores e señoras do Partido Popular se preocupen tanto de como van chegar ao hospital tanto persoas traballadoras como usuarias, cando vostedes non se preocuparon de dotar ao recinto hospitalario dun aparcadoiro gratuíto que non supuxese un incremento máis as xa engordadas achegas económicas que tantos traballadores/as, como a cidadanía en xeral terá que desembolsar para poder dar e recibir un servizo que deixou de ser universal para irse convertendo pouco a pouco nin privilexio de quen poida pagalo.

A Consellería de Sanidade adxudicou un contrato de 1.300 millóns de euros á sociedade concesionaria do novo hospital de Vigo, para proxectar, construír e

explotar os servizos do hospital, o proxecto público custaba 400.000 millóns, o novo hospital segundo a conselleira tería 1.475 camas que engadidas as 422 do Meixoeiro e as 117 do Nicolás Peña, farían un total de 2.004, a realidade é ben distinta, o novo hospital abre con 845 camas, no Meixoeiro redúcense a 347, no Nicolás Peña a 68, polo que dispoñemos de 1.260, é dicir, 744 camas menos das prometidas e enunciadas. A cambio dun hospital novo privatizado, recortado en tamaño e servizos, pechan o Hospital Xeral, o Cíes, o Rebullón e os centros especializados de Coia e a Doblada, mantendo si iso si o concerto con Povisa, como consecuencia teremos menos sanidade pública e máis negocio para a sanidade privada, farán negocio con todo incluído o novo copago do aparcadoiro de pago para os usuarios polo que vostedes non protestan.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade a estes señores de Marea de Vigo, antes un compañeiro de goberno dicía se non están en Vigo, se están en Marte eu a verdade creo que seguen en Marte porque que eu saiba co Alcalde reuníronse os tres sindicatos, a plataforma da sanidade pública, tódolos colectivos para falar da sanidade pública e deste hospital e este Alcalde convocou unha manifestación que toda a cidade sabe menos vostedes tres, porque deben estar debaixo do barco aínda, eu dígolle que saían porque o tres de setembro eu espero velos na manifestación, nós alí estaremos, como estivemos en todas.

A verdade Sr. Piñeiro, eu esta moción cústame moito entendela, eu quería ser breve e falarlle das felicitacións que estamos a recibir pola lanzadeira que se están utilizando estes días nos que o hospital estas a abrir de forma provisional e por partes. Estamos recibindo miles de felicitacións e estamos tendo un incremento de usuarios dende o primeiro día que foi día seis de xullo ata hoxe, empezaron con 150 pasaxeiros e nestes momentos estamos ao redor dos 300 usuarios, pasaxeiros deste servizo.

O que pasa que a nós o VITRASA funciona, funciona ben, deixe que sexa o Alcalde e con tempo suficiente vai dicir ese gran plan que ten ideado, como dicían vostedes, que se consultou á xente porque nós consultamos as viguesas/es cando facemos actuacións, ía facer un plan fabuloso, fantástico de servizo ao hospital pero será anunciado no momento que profesionalmente se estime oportuno.

Neste momento eu quería dicirille unha cousa, dicíalle no punto 1, 2 e 3 e incluso 4

da súa moción, estou completamente de acordo, nós non apoiamos este hospital privado, nós, o goberno de Vigo, os concelleiros socialistas non apoiamos a este hospital privado, co cal vostede ten razón nos punto 1, 2, 3 e 4 dámoslle a razón e coincidimos coa súa moción, o que me sorprende é que vostede, un profesional da sanidade pública, como pode vir a este Pleno a presentar esta moción e como pode vir a este Pleno a defender este hospital privado, porque vostede en primeira persoa sufriu, e os seus compañeiros así llo dixeron, os amoreamentos que se están a vivir en urxencias, e compañeiros seus pedíronlle unha reunión ao Alcalde de Vigo, ó Sr. Caballero, e pedíronlle por favor Alcalde danos un pouco de osixeno porque isto é insufrible, os gobernos do Partido Popular da Xunta de Galicia estannos asfixiando e non podemos prestar o servizo como a nós nos gustaría, claro que son traballadores exemplares claro que si, traballadores/as exemplares e nós dende aquí sempre felicitamos e sempre estaremos ao seu lado, agora o que dicimos o que non é exemplar é o que está a facer a Xunta de Galicia con este hospital.

Sr. Piñeiro, eu non sei como non lle da vergoña velo estado no que están a traballar os seus compañeiros, os médicos, o persoal e ven vostede a presentar esta moción a este Concello.

Eu quéro lle facer unha emenda “in voce”, a ver se vostede a acepta porque eu a verdade é que estou de acordo con toda a súa exposición, non estamos de acordo con este hospital privado, o único que lle digo é emenda “in voce”, “instar ao goberno da Xunta de Galicia a transformar en gratuíto o aparcadoiro privado do hospital privado para que os usuarios do hospital e os traballadores poidan facer uso do mesmo sen ningún custe”. Se admite esta emenda que lle imos a presentar “in voce”, nós ímoslle a aprobar a moción porque estamos de acordo que nós non imos apoiar un hospital privado e que imos facer un estupendo plan de transportes, como facemos sempre. O único hospital de Galicia que se constrúe con xestión privada, que se deseña con 1.450 camas e agora vostedes señores do Partido Popular redúcena a 845, un hospital que se deseña con laboratorio e vostedes señores do Partido Popular quítanlle o laboratorio central, localizado agora no Meixoeiro e supoñendo un custe, unha duración dos pacientes, unha falla de operatividade, loxística, calidade asistencial que a van sufrir as vigueses/as que é polo que este goberno se senta tódolos días na Praza do Rei a xestionar as

necesidades das viguesas/es.

Un área de influencia minguada, con respecto as outras áreas de Galicia, e uns profesionais que denuncian descoordinación no traslado do Meixoeiro. Pódolle dicir unha cousa, compañeiros seus de Cíes neste momento non saben a onde van ser destinados.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Alégrome moito Sr. Regades dese gran plan que teñen para o transporte, estou ansioso por coñecelo, igual que están ansiosos os veciños de Cabral por coñecer como poden chegar en menos de hora e media ao novo hospital.

Eu son traballador da sanidade pública, traballarei no novo servizo de urxencias que está chamado a resolver todos eses problemas que vostede dicía efectivamente, eu protestei ante eses problemas porque os padecía en primeira persoa e non só eu senón tamén os usuarios. Nós facemos un hospital novo, un servizo de urxencias moderno para resolver todos estes problemas, vostede di que o hospital vai ter menos camas, o hospital terá as camas necesarias incluso máis, partimos de 60 camas máis da que hai agora mesmo no complexo hospitalario de Vigo, coa flexibilidade de que podemos aumentar en función das necesidades para reducir as listas de espera e para reducir os acinamentos como vostede di en urxencias, o problemas e urxencias non son as urxencias, é a falla de sitio para ingresar, os hospitais que temos agora mesmo non son competentes para cubrir a demanda de Vigo.

Fala vostede de entre outras cousas dos traballadores do Cíes, debería vostede preguntarlle de novo para saber onde van ir a traballar, porque igual xa o saben. Quero dicir que sexa o que sexa ao que vostede se opuxo o hospital abrírase. Eu defendo un novo hospital, unha forma de traballar nova, diferente e vostedes seguen no enfrontamento, imos facer unha manifestación o día que nós imos empezar a traballar alí, pos ante o traballo vostedes propoñen manifestacións.

O tema do laboratorio usárona vostedes como arma arrojadiza, sorpréndome dende a campaña a electoral co problema do laboratorio, señores representantes da Marea de Vigo, quen protestaron xa saben quen foron, é unha arma arrojadiza, non ten ningún problema o laboratorio, quen o dixo? A defensa da sanidade pública, os sindicatos como dixo a representante de Marea de Vigo, sindicatos e

organizacións políticas. Teremos unha sanidade pública de calidade a partires de xa.

PRESIDENCIA: En todo caso antes de someter a votación quérolle clarexarlle que os que din que se necesita un laboratorio nese hospital son vinte profesionais do laboratorio que se reúnen comigo de forma habitual, e foron eles os que levantaron a voz de alarma, pedíronlle ao Alcalde que fixera de voceiro de vinte profesionais que foron, algúns, represaliados por ter vido a reunirse co Alcalde de Vigo.

Sr. Piñeiro non está vostede no uso da palabra, o uso da palabra tena o Presidente que ten o dereito a facer esta intervención segundo o Regulamento e a Lei de bases de réxime local, creo que é un tema moi importante para ter que facelo porque están sendo profesionais, algunha profesional sentouse aquí, nesta mesa, para dende aquí levantar a súa voz en defensa das viguesas/es, que digo vigueses/as, de tódolos usuarios da área sanitaria de Vigo, de persoas de 29 concellos que van ser tratados nese hospital, que non ten laboratorio, e non só o di o Alcalde de Vigo que tamén o di, estano a dicir profesionais do laboratorio, que nos advirten dos graves riscos dese sistema que se está implementando. Polo tanto, neste momento seguiremos coa nosa defensa da calidade asistencial dos cidadás de Vigo reclamando ese laboratorio de forma ineludible, outras cuestións tamén, pero iso ineludible.

Polo tanto, debe facer honor á verdade dicindo que os que o din son profesionais, vinte profesionais de laboratorio do hospital de Vigo, neste momento de hospitais públicos de Vigo, dentro de pouco seguirán estando en hospitais públicos porque no hospital privado non haberá laboratorio e vai a tratar a miles e miles de persoas desta cidade.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo

Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 15.07.2015 (Rex. Nº 1126/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Piñeiro López, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

4.A.1(130).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO UN HOSPITAL 100% PUBLICO, CON LABORATORIO CENTRAL, RECURSOS MATERIAIS HUMANOS SUFICIENTES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1155/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2015, número 1155/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

MOCIÓN URXENTE

A Consellería de Sanidade adxudicou un contrato de 1.300 millóns de euros á Sociedade Concesionaria do NOVO HOSPITAL DE VIGO S.A. para proxectar, construír e explotar os servizos do hospital. O proxecto público custaba 400 millóns.

O novo hospital segundo a consellería tería 1.465 camas que engadidas ás 422 do Meixoeiro e as 117 do Nicolás Peña farían un total de 2.004 camas.

A realidade é ben distinta, o novo hospital abre con 845 camas, no Meixoeiro redúcense a 347 e no Nicolás Peña a 68, polo que dispoñemos 1.260 camas, é dicir 744 camas menos das prometidas e anunciadas.

A cambio dun hospital novo privatizado e recortado en tamaño e servizos, pechan o Hospital Xeral, o Cíes, o Rebullón e os Centros de Especialidades de Coia e Doblada, mantendo o concerto con Povisa.

Como consecuencia teremos menos sanidade pública e máis negocio para a sanidade privada. Farán negocio con todo incluíndo un novo copago, o parking de pago para usuarios e traballadores, sen teren articulado un sistema de transporte público, en condicións de equidade, que sexa unha alternativa real ao uso do vehículo privado.

Coa privatización e recorte de camas, desaparecen e precarizan moitos postos de traballo e como consecuencia darase un peor servizo á cidadanía.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Demandar da Xunta de Galicia a posta en marcha dun hospital 100% público, para o conxunto da cidadanía da Área Sanitaria de Vigo, con tódolos servizos, incluído o Laboratorio Central, e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades presentes e futuras da nosa área sanitaria.

- Demandar das autoridades competentes no transporte, a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso aos Hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ao Novo Hospital. Esta rede ten que garantir un sistema de transporte coordinado e intermodal, máis alá dos concellos onde residan as usuarias e usuarios, sexa na área metropolitana ou fora dela.

- Apoiar, como Corporación Municipal a manifestación convocada pola Xunta de Persoal do SERGAS e co apoio de SOS Sanidade Pública, que se celebrará o día 3 de setembro, data na que pechará o Hospital Xeral, ás 8 da tarde desde diante das urxencias do H. Xeral, na rúa Pizarro en Vigo.

O Presidente somete a moción urxente a votación:

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago

Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACORDASE:

Rexeitar a urxencia da moción.

4.A.2(131).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A TRAMITAR DE XEITO

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xullo de 2015, número 1157/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN URXENTE

"Un dos mecanismos que establece a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de "Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia" é o apoio aos dependentes, a través do servizo de axuda no fogar.

Para facer efectivo este servizo, a Xunta de Galicia distribúe entre os concellos, que son os que o xestionan directamente, un determinado número de horas que debe asignar aos usuarios que o solicitan e que necesitan ese servizo.

Con data 17 de xuño de 2015, a Xunta de Galicia comunicou o Concello de Vigo que ten 941 horas dispoñibles sen asignar ningunha persoa demandante do servizo.

Este feito é particularmente grave porque hai mais de cen persoas en lista de espera en esta cidade esperando por ese servizo, na súa maioría grandes dependentes.

Ademais, nesta carta, a Xunta advertía ao Concello de que, se as horas pendentes non se asignaban e non se daban explicacións por parte do Concello, na ampliación de horas que se vai decidir para toda Galicia, Vigo se quedaría fora, co prexuízo que iso supoñería para todos os dependentes da nosa cidade.

Dende o Grupo Municipal do PP xa denunciámos este feito e solicitado ao goberno municipal que actúe de forma inmediata, sen que tivésemos ningunha resposta.

A data 23 de xullo pasado, este goberno aínda tiña pendentes 745 horas, polo que seguen sen tramitarse as horas pendentes, o que conleva que hai persoas que están agardando polo servizo sen motivo e estamos en grave risco de non acceder á ampliación de horas que fará a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

“Instar ó goberno municipal a tramitar de xeito inmediato as axudas pendentes do servizo de axuda no fogar e comunicar á Xunta de Galicia os motivos do retraso, ante o grave prexuízo que se lles está a causar aos dependentes vigueses”

O Presidente somete a moción urxente a votación:

PRESIDENCIA: Quero dicirlle señores do Partido Popular que esa cuestión vostedes non a consideraron de importancia suficiente para ser incluída no Pleno do día ordinario, son vostedes os que non lle deron a importancia para ser incluída no Pleno.

Neste Pleno voulle contar, funcionamos de acordo cun Regulamento, que vostede parece descoñecer, ese Regulamento di cando se usa a palabra ou cando non, a palabra usase cando a da o Presidente, eu non sei onde vostede facía política, pero debe ser que era outro sistema aquí funciona o Regulamento, e polo tanto é o Presidente quen da a palabra, a todos aqueles que de acordo co Regulamento teñen dereito a esa palabra e vostede neste momento non ten dereito nin razón.

Hai unha moción urxente de Marea de Vigo sométese a votación.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas

González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACORDASE:

Rexeitar a urxencia da moción.

PRESIDENCIA: Non se tramita, non se acepta a urxencia, é tamén cuestión de ler o Regulamento, hai que ler os regulamentos, convén saber os regulamentos cando se ven aquí senón non lle podemos informar.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non houbo.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(132).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO PROGRAMA FESTIVO.

SR. GAGO BUGARÍN: Ao grupo municipal do Partido Popular lle gustaría saber o por que de tanto atraso na presentación do programa festivo das festas, co que iso supón para o turismo na cidade e tamén as explicacións técnicas ou políticas porque o goberno municipal decidiu reducir ao 50% o número de concertos e actividades no Auditorio de Castrelos, que como ben saben vostedes é o espacio demandado por tódolos vigueses.

PRESIDENCIA: Está presentado e cando queira saber o segundo presente unha moción.

6.2(133).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO Á CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Unha pregunta, en febreiro o Concello publica a convocatoria e abre o prazo.

PRESIDENCIA: Formule a pregunta como di o Regulamento.

SR. FIDALGO IGLESIAS: A pregunte é, por que o Concello de Vigo non resolveu en prazo a convocatoria para o Fomento de Emprego en entidades sen ánimo de lucro da cidade e así dar unha oportunidade laboral ao redor de 200 persoas desempregadas e ao mesmo tempo beneficiar ás entidades sociais da cidade que tan necesitadas están de axuda no desempeño da súa labor?

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

6.3(134).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO AO ESTUDO ELABORADO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE O CANON DA AUGA.

PRESIDENCIA: É a cuarta e última pregunta do Partido Popular.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Queríamos saber cando ten este goberno decidido presentar o estudo elaborado pola Universidade de Vigo para cambiar o recibo da auga e que a concesionaria cobre por uso e non por un canón fixo.

PRESIDENCIA: Cando nos sexa entregado, non como fixeron vostedes que o anunciaron e nunca o fixeron.

6.4(135).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO AO SERVIZO DE SEREOS.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Cando se vai ofrecer o servizo de Sereos actualmente chamado Sísifo nun local municipal en condicións de comodidade, aseptividade, inclusión socio-veciñal, acorde coas necesidades da poboación usuaria do servizo na contorna onde se atopan estes cidadás e cidadáns.

PRESIDENCIA: Esta pregunta foi presentada antes por escrito e polo tanto ten que ser respondida.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Como vostede sabe, estamos asumindo as competencias que serían da Xunta de Galicia, a través de diversos programas de atención a dependentes, e que volver a facerlle o comentario de antes, de que somos o Concello que máis estamos investindo en políticas sociais, asumindo competencias que son doutras administracións, de que a redución estase facendo non só a través dos programas de inclusión que leva Érguete, senón tamén a través doutros convenios con Médicos do Mundo, pois sería reiterarme demasiado, pero repito, estamos asumindo competencias que son doutra administración, neste caso sería a Xunta de Galicia a que ten as competencias sobre as persoas usuarias destes servizos, son persoas cunha enfermidade. Volvo repetir o mesmo, esta a facer preguntas e onde vostedes gobernan nin se preocupan, pero nos contestámoslle, non temos ningún inconveniente en contestarlle exactamente o que vostedes están preguntando, pero vólvolle repetir, estamos asumindo as competencias que serían da Xunta de Galicia, a través de diversos programas de atención ás adicións.

6.5(136).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIROS, RELATIVO ÁS VIVENDAS QUE DISPÓN O CONCELLO.

SRA. LÓPEZ BARREIROS: A pregunta é, cal é o número de vivendas en condicións de ser habitadas das que dispón o Concello para de ser posible facilitarlle las ás familias vítimas de situacións de desafuzamento ao menos mentres estean nesta situación de tan extrema precariedade económica, ou unha proposta de creación de vivendas para casos de familias nestas circunstancias.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A proposta, Sra. López, está suficientemente ben explicado, cantas vivendas? 194 persoas ás que se lle pagou o ano pasado o aluguer, 99 hipotecas e convén que se sente un día ademais de ler todo o que ten que ler, se lea tamén cales son as capacidades e as competencias de cada quen, e ao mellor terá que ver que o Instituto Galego de Vivenda só ten as competencias en materia de vivenda e ao mellor ten que saber que hai unha lista única que ten a Xunta de Galicia como demandantes de vivenda, pois ao mellor tamén ten que empezar a ler absolutamente todo, son 1.007 alugueiros pagados, no ano 2014 e as vivendas que tiña o Concello de Vigo foron adxudicadas o 11 do outubro do 2013, a persoas que estaban en situación de necesidade de exclusión. Pero a política de vivenda é competencia do Instituto Galego de Vivenda, e a pesares diso o Concello de Vigo atendeu a 1.007 persoas que estarían desafuzadas senón foramos nós quen os estamos atendendo, e seguímolos atendendo porque o programa deste ano aínda non saíu, competencias que son doutras administracións, eu creo que se deberían informar, pero non se preocupe que polo menos como dicía antes o meu compañeiro o Sr. Regades danos a oportunidades de que os cidadáns saiban exactamente que é o está a facer o Concello de Vigo, o Concello que máis cartos está investindo en políticas sociais. Pasamos de 5,6 millóns en políticas sociais a 11,5 millóns en políticas sociais, entón que quere que lle conte? Infórmese, o número 1.007 alugueiros pagados.

6.6(137).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIROS, RELATIVO Á POSICIÓN DA CORPORACIÓN CONTRA A LEI DE MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE PROTECCIÓN Á INFANCIA.

SRA. LÓPEZ BARREIROS: A pregunta é para a Corporación en xeral, para o Concello, vaise pronunciar o Concello de Vigo e a súa Corporación explicitamente en contra da Lei de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que suprime o dereito das menores a decidir sobre o seu propio corpo?

SRA. BLANCO IGLESIAS: É moi doado, o Concello xa se pronunciou, pena que vostedes non saiban isto, e nós somos o Concello de España que máis estamos a traballar tanto en políticas sociais como de igualdade e dende aquí quería convidar aos concellos que están gobernados por esquerda unida para que fagan o mesmo que nós, comprometemos a asesoralos se o desexan.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.